



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 12 de novembro de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva Fernández García

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todos e a todas, empezamos logo con este Pleno con este punto da orde do día, que é a aprobación da acta anterior do 9 do 9 do 2013, que teñen todos copía. Bien, como decía entonces, estamos no primeiro punto que é a aprobación da acta anterior, que teñen copía, se teñen algo que alegar este é o momento, e si non pois, ben ten a palabra a voceira do PSOE.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Bueno, bos días, nós nesta acta e nas anteriores, desde que se fai co formato literal, non estamos de acordo porque se producen erros, erros como poden ser repetición de palabras e frases enteiras o que supón unha redundancia, entonces creemos que se deberían pulir eses pequenos, eses pequenos detalles que non son tan detalles, despois hai moitísimos castellanismos que se deberían corrixir, porque hai unhas normas, o sea, normalización lingüística según temos entendido é unha das esixencias para todos os traballadores do Concello, entonces terán os cursos de perfeccionamento, entonces gustaríanos que se corrixiran este tipo de palabras “vrao”, “contenedores”, “capilla”, decir, esqui o sea, proyecto, un y en galego que eso é coma, eso é unha das faltas máis graves que hai no galego, evidentemente. Despois frases sen sentido, sen rematar, incorreccións léxicas, gramaticales, entonces gustaríanos que, nós hoxe ímonos abster, pero gustaríanos que se tivera en conta, de eiquí en diante, porque senón teríamonos que cuestionar votar en contra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pois tomamos nota en todo caso, quere puntualizarlle a Secretaria algo, ten a palabra.

A sra. Secretaria toma a palabra: Se trata de la transcripción literal de lo que ustedes dicen, con castellanismos y con repeticiones de palabras, es una transcripción literal es un diario de sesiones.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Si, o Bloque Nacionalista Galego, tamén se vai a abster, máis alén das consideracións semánticas e lingüísticas que tamén son certas, nós facémolo polo contido da propia acta, nós entendemos que un acta non pode recoller literalmente palabra por palabra e sonido por sonido, todo o que acontece no Pleno, porque acaba sendo un diálogo de besugos, quen lea a acta do Pleno anterior, pode comprobar, como se reproducen sonidos, intervencións de persoas que están falando que non é a persoa que está intervindo e que en realidade nada aporta á moción, nin nada aporta ao que se está debatindo no Pleno. Eu creo que un acta dun Pleno tiña que ser un resumo



concienzadamente realizado con todo o que se debate nese Pleno, con todo o que se debate, o outro día Victoria puña por exemplo a Diputación de Ourense que é un modelo a seguir como se recollen as actas, que non son literais pero recollen todo o contido do que se quere expresar alí e non esto que máis ben parece, bueno, pois eso un diálogo de besugos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pois eu propoño, eu propoño entonces a partir de agora, que se faga unhas actas extractadas, como é o normal facer, e non recollelo literalmente porque a verdade é que, está, estase demostrando que esto non é o xeito adecuado de facela, entonces eu propoño eso y si estades de acodo pois a partir de agora que a Secretaria as redacte, extractado recollendo o contido, pero con lóxica, ¿parécevos ben?, pois quedamos entonces neso. Pois entonces coas abstencións do PSOE y a abstención do BNG, queda aprobado cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación da acta 09/09/2013”**

2- APROBACIÓN DA REGRA DO GASTO PARA O ORZAMENTO DO ANO 2014

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 2 que é a Aprobación da regra do gasto para o orzamento do ano 2014, que para eso ten a palabra a Interventora, que é un tema puramente técnico

A sra. Interventora toma a palabra: Buenos días, se trae al Pleno la propuesta de aprobación de la regla de gasto, conforme establece la Ley de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera en su artículo 30, se aprobará un límite de gasto no financiero coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus presupuestos. Bueno la regla de gasto calculada conforme establece esta Ley, que regula sobre todo la regla de gasto en el artículo 12, nos da un resultado de un techo de gasto de 5.304.914,31 , mientras que el gasto presupuestado para el año 2014, una vez, bueno pues hechas todas las correcciones y todos los cálculos pertinentes asciende a 5.054.836,23 , por lo que estaríamos dentro del límite, que establece la regla de gasto calculado conforme establece la Ley de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

O sr. Fírvida toma a palabra: Entendiendo que se trata dun documento puramente técnico o Bloque Nacionalista Galego vaise a abster

O sr. Valcárcel toma a palabra: Neste caso trátase de dar cumprimento a unha obriga legal, polo que o Grupo Municipal Socialista se vai a abster dado que non estamos de acordo coa filosofía da normativa

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entendo que queda aprobado cos votos a favor do



Partido Popular e as abstencións do Partido Socialista e do BNG.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación da regra do gasto para o ano 2014**”

3- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O ANO 2014

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos o punto 3 que é Aprobación inicial do orzamento para o ano 2014, que tamén ten a palabra a Interventora, para unha primeira fase dar unha exposición puramente técnica, entrar pois na exposición política.

A sra. Interventora toma a palabra: Se trae al Pleno en este caso, la propuesta a la aprobación inicial, que en una primera aproximación hay que decir que el Presupuesto Municipal para el ejercicio 2014 asciende a 5.461.663 euros con 99 céntimos, aumenta en relación al año 2013 que ascendía a 5.120.432 euros con 96 céntimos, el incremento por tanto asciende a la cantidad 341.232 euros con 3 céntimos. Diferencias que presenta con el presupuesto anterior pues sobre todo en cuanto, sin entrar en cifras, presenta diferencias en cuanto a estructura para adaptarla a las exigencias, en este sentido que establece el Ministerio de Administraciones Públicas, en cuanto a la información trimestral que hay que remitirle, entonces para cumplir con, o sea, para cumplir no, para adaptarnos a esa misma estructura, hemos desagregado conceptos que hasta ahora no aparecían a nivel de partida, entonces pues por ejemplo en el caso de los suministros, pues aparecen desglosados en energía eléctrica, agua, gas, combustibles y carburantes, vestuario, productos alimenticios, productos farmacéuticos, material sanitario, productos de limpieza y aseo, suministros de repuestos de maquinaria, utillaje, elementos de transporte, suministros de material electrónico, eléctrico y de telecomunicaciones, manutención de animales y otros suministros, con asignación de partidas a nivel de 00, 01, 02, 03, 04 y así respectivamente. También se añaden, bueno también se reestructura y se separa por grupos de programas la Seguridad Social; hasta ahora la Seguridad Social aparecía en una partida única, a partir de ahora esta Seguridad Social por la misma razón expuesta anteriormente se desagrega a nivel de grupo de programas, con lo cual cada grupo de programas va a tener la Seguridad Social correspondiente a las personas que prestan el servicio en ese grupo de programas. Se añaden dos grupos nuevos de programas, el 313, acciones públicas relativas a la salud, con la finalidad de recoger los gastos derivados de un taller de memoria, que se va a desarrollar en el 2014, y el 943 que son transferencias a otras Entidades Locales, que en este caso tiene como finalidad recoger los gastos que pueden derivar de un posible acuerdo con el Ayuntamiento de Orense, en relación a los límites



municipales, y así a grandes rasgos es las principales modificaciones que presenta a nivel estructural este presupuesto con respecto al anterior.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver, despois de haber pasado a exposición técnica, quero decir a grandes rasgos o seguinte: punto primeiro, o presupuesto, é un presupuesto como non pode ser de outra maneira equilibrado en principio, sube con relación ó ano pasado, entorno a 350.000 euros, pero tamén é verdade que hai unha serie de ingresos que diminuyen, entorno a, entorno non, 78.000 euros en concreto, que son os seguintes: 30.000 que se habían contemplado en un incremento maior ó ano pasado en plusvalías, no transcurso do exercicio se viu que non se cumprían as expectativas, entonces baixan en 30.000 euros o de plusvalías, baixa en 30.000, entre 30.000 e 18.000 o de diferentes precios públicos, porque as taxas lógicamente, pois unha serie delas se, debido á crisis, hai unha serie de xente que non vai pagar, porque diminuye a renta, co cual, vai en beneficio de algunha maneira, da cidadanía, é decir, si se quedan exentos de poder pagalas en moitos casos, entonces eso por un lado. Por outro lado aumentan en trescentos corenta e pico mil euros, en dous conceptos fundamentais, primeiro porque incrementa o Fondo Nacional de Cooperación, eso por un lado, y por outro lado, entorno a cen mil, porque aumenta o impuesto do valor añadido do bienes e inmuebles, entonces eso é a grandes rasgos os incrementos do capítulo de ingresos. No capítulo de gastos é importante, pois decir, de que a pesar da crisis que temos, como todos sabemos é impresionante, pois debido a que o Concello de Barbadás, non ten deuda pública ningunha, con entidades financieras, pois permítenos o margen, de poder manter tódolos servizos, sin reducir personal, é máis, aumentamos, vamos a aumentar, non é que aumente o capítulo 1, que o capítulo 1 diminuye, e digo despois porque diminuye, pero en términos generales o capítulo de personal, pois debido a que poñemos en marcha as novas instalacións do Polideportivo, se vai lógicamente a dotar de persoal e de servizos y todo elo fruto dunha política económica coherente deste Concello, que ata o de agora pois conseguimos non endeudarnos y poder dedicar recursos para dar servizos; aínda así o máis importante do Concello de Barbadás neste momento, é nos servizos en dar servizos, gástase entorno ó 80 % basicamente neso, como non pode ser de outra maneira y máximo nun momento como iste que é unha época de crisis; non se fan grandes obras, porque lógicamente non hai posibilidades en primeiro lugar, y en segundo lugar pois hai que decilo todo, estamos poñendo en marcha todos esos servizos que se crearon, y primeiro é poñer en marcha os que hai y despois se podrá pensar en outros novos; en todo caso, decir que os grandes gastos así dentro deste digamos presupuesto que temos, que é un presupuesto pequeno, para ser un Concello grande, un presupuesto pequeno, dos concellos



grandes é dos presupostos máis pequenos que hai, porque indudablemente tivemos un crecemento rápido pero non temos, digamos as infraestruturas inmobiliarias que cotizarán co IBI, como son outros grandes concellos y fomos crescendo y a raíz deso vamos tamén crescendo en presuposto, pero comparado con outros do noso entorno, que están entorno ós dez millóns de euros, oito millóns de euros, pois a verdade é que, nós ben facemos para o pouco que temos. Bien, este ano temos dous gastos así grandes, para este presuposto, que non contábamos con iles, hai que decilo claro, un deles é o de Sogama, que está cerca de 80.000 euros a maiores que vamos ter que pagar para o ano porque sube entorno a un cuarenta por cento, trinta e oito digamos o canon, y outro gasto importante, é o que vamos a abordar tamén, para solucionar dunha vez por todas, o tema dos lindes con Ourense, temos que aportar en principio 90.000 euros, para equilibrar unha serie de digamos de trámites administrativos que se fixeron valorando a parte que lle correspondía a Ourense e a parte que lle corresponde a Barbadás hai un pequeno desequilibrio entorno a esa cantidade, feita polos técnicos y nós temos que contemplar en presuposto para poder seguir o trámite esa cantidade; entonces sin perjuicio que no seu día se negocie con Ourense, como xa se falou de como pagar esos 90.000 euros, ao mellor non se pagan xuntos, ou o mellor si, depende, pero trataremos de renegociar, incluso non só os 90.000 euros que o mellor pois se, unha vez que se faga un novo equilibrio económico-financiero, pois igual non sale eso, no día de hoxe y para que o trámite siga para adiante é imprescindible que no presuposto se dote esa cantidade que é a que está reflejada, para poder aprobar tanto en Ourense como en Barbadás e darlle dalgunha maneira o trámite definitivo. Bueno, entonces esas dúas partidas, obviamente desaxústanos a nós o presuposto, como é lógico un pouco, non contábamos con elo. A parte deso, despois quedan lógicamente unhas cantidades, bueno que non son grandes, pero si son para poder ir funcionando, que é do que se trata, nunha época como estamos neste momento, que é unha época de crisis, contando basicamente co noso, como se dice vulgarmente, sin perjuicio de que si hai outro tipo de axudas, pois benvidas sean, en principio deixamos unha partida importante de cento e pico mil euros para infraestruturas, habíamos asumido compromisos de facer unha serie de pavimentacións no Concello que están deterioradas, entonces esas cantidades son basicamente para, ou ben facelas directamente nós o Concello ou ben en colaboración coa Deputación, hai moitos convenios que se fan coa Deputación a Deputación pon o material, ou digo pon a man de obra y o Concello pon o que é o material, entonces esas cantidades van a ser basicamente para infraestruturas viarias; queda outra cantidade importante para parques e xardíns, habíamos acometidos no seu momento asumido, por eso se modificaron unha serie de parques e xardíns, que en funcións despois



das circunstancias incluso aportaciós, si é o caso de convenios coa Xunta, si surgen, que surgiron a través do ano pois convenios para adecentamento de entornos urbanos, pois ter esa cantidad dispoñible, son 67.000 euros; despois contéplase o incremento que se asumiu no seu momento co bonobus, porque basicamente neste momento os que serán beneficiados do bonobus a maiores son os de Piñor, porque os da zona de Barbadás, Loiro e Bentraces, xa podían acceder ó bonobus, de feito xa o teñen moitos, y, bueno a grandes rasgos, pois a nivel de mantemento de equipamientos sociais, mantense, as taxas mantéñense, súbese lógicamente o IPC, en aquelas que non dependen do Concello, indudablemente, as que son do Concello, as taxas que son, que lles corresponden directamente ó Concello se conxelan, están conxeladas desde que se crearon practicamente y obviamente as que son por imperativo legal, como son os servicios que temos, pois a auga, basura e tal, de feito basicamente a auga, basura, non a vamos a subir, cousa importante que está asumindo o Concello de Barbadás, ese coste a maiores, estamos falando de entorno a 80.000 euros, do incremento me refiero, que en moitas comunidades, ayuntamientos, están planteando o subir, o subir o recibo do lixo, nós vámolos a asumir todo nós, que é unha partida importante como digo, asumida co presupuesto municipal, entonces bueno, se pode decir moitas cousas, sei que se vai facer en este debate político de que non había que pagalo e tal, a realidade é a que é, é dicir, a nós por suposto non nos gustaría pagalo pero, ou pagamos ou non temos onde botalo, co cual, se pode discutir y se pode debatir y se pode intentar, pero o que é certo é que de momento hai que pagalo, cando chegue o momento hai que pagalo y para pagalo hai que telo en presupuesto; y nós indudablemente, pois como dixen antes estámolo, estámolo intentando asumir, intentándoo non, vámolos a asumir con vía presupuesto. Bueno, como xa resaltei antes é importante dicir que vamos a poñer un novo servizo para o ano que ven, que é o do polideportivo, supón un gasto importante, pero tamén supón un servizo y unha demanda social que hai tempo que a demanda a veciñanza, bueno y nos sentimos neste momento satisfeitos de polo menos poder chegar a podelo poñer en marcha y a pesar da crisis poñer como digo un novo servizo, para os cidadanos de Barbadás poñelo en marcha, seguramente van dicir que xa tiña que estar posto antes, por suposto, todo é moi relativo pero a realidade é que é, y hasta agora non se pudo poñer y benvido sea agora que ven. Y a grandes rasgos, como primeiro planteamento do presupuesto, pois eso é o que teño que dicir, porque a documentación téñena todos vostedes y entramos en debate sen máis. ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, bos días, claro, escoitando ó señor Freire falar de crise económica, é sorprendente, unha persoa que paga seiscentos cincuenta e dous mil euros e non se



acorda se os pagou en metálico ou con transferencia bancaria, e que fale de crise económica que nos intenta explicar á cidadanía do Concello, que o Concello está facendo o mellor á cidadanía para solucionar a crise económica, é realmente lamentable; e quen analiza estes orzamentos ademais terá probas de abondo para darse conta que son unhos orzamentos que están fóra de lugar, que non están para nada en contacto coa realidade social que estamos a vivir, e non teñen nada que ver coa crise, o feito é que xa na Comisión, nas Comisións Informativas o señor Alcalde nos informou que estes orzamentos eran practicamente iguais que os orzamentos dos anos anteriores, polo tanto non hai nada que os diferencie dos orzamentos dos anos en que non había crise económica, non se trata en estes orzamentos de solucionar ningún problema dos que ten a cidadanía do Concello de Barbadás. Fala o señor Alcalde de servizos, pero vamos ver que servizos ofrece este Concello, máis de dez mil persoas censadas, máis de trece mil, seguramente catorce mil persoas reais vivindo en este Concello, e quéreme dicir o señor Alcalde de Barbadás, onde están as prazas de ensino secundario, non, porque non hai, onde está unha piscina para este volume de poboación, non hai, onde hai unha piscina cuberta, non hai, onde hai unha gardería pública que dea solución ós problemas da xente, hai unha podía haber dúas, pero o señor Alcalde non quixo, negouse a que houbera unha segunda gardería pública, onde hai un Centro de Día en Barbadás, non hai, onde hai un Centro de Saúde en Barbadás, non hai, hai un que está nun baixo de un edificio, onde antes había un almacén de patacas, onde hai, están os servizos sociais do Concello de Barbadás, non existen, onde están as axudas sociais para a xente que máis o precisa para parados, non hai, onde hai comedores sociais, non hai, onde hai comedor gratuito para os nenos do colexio, dos dous colexios de infantil e primaria do Concello, incluso os transportados que por cambios na Xunta de Galicia, se ven obrigados a pagar o prezo do comedor dos seus fillos y o Concello non fai absolutamente nada para solucionar ese problema, onde están os servizos sociais, onde está a solución ós problemas da xente en esta crise económica, como se pode atrever o señor Alcalde de Barbadás de falar de crise económica, con que autoridade nos fala de crise económica. Lamentablemente estes orzamentos son iguais ós dos anos anteriores, non cambia substancialmente en nada, son unhas contas elaboradas a costas da cidadanía, son simplemente un reflexo contable das contas dun Concello gobernado por un grupo de persoas sospeitosas de corrupción e de enriquecemento ilícito e outro grupo de persoas concelleiras, concelleiros do Partido Popular, que o apoyan, que apoyan a estas persoas a cambio de un salario. Estes son os orzamentos dun goberno dirixido por esas persoas que acabo de describir, que se manteñen no poder grazas o caciquismo y os favores que van pagando en épocas preelectorais, favores que supoñen en si mesmos



outra forma de corrupción política. Estes son uns orzamentos elaborados pola inercia de unha administración local con dirixentes sen ideas, sen contidos, sen principios e sen percepción da realidade social que nos toca vivir. Nestes orzamentos non se contemple en ningures, a actual situación de crise económica que nos afecta, semella que aqueles que son os encargados de elaboralos viven nun limbo económico que non lles permite ser conscientes da realidade social do momento e atrinchéranse detrás de una crueldade inhumana, para non querer ver o que pasa ó seu arredor, e imos debullar as contas destes orzamentos, para demostrar que isto é así. Este Concello gasta, entre gastos de persoal e gastos correntes o oitenta e nove coma setenta e nove por cen do seu orzamento, practicamente o noventa por cen. Tendo en conta que moitos destes gastos correntes son derivados cara a empresas cujos servizos están privatizados, empresas que a pesar da crise económica, non se lles ten renegociado as condicións das contratas sinón que máis ben cada ano, se lles paga máis e máis, polos servizos realizados, despois irémolo vendo, e págase entre impostos directos, taxas e prezos públicos, é dicir, todos aqueles impostos que paga a cidadanía do Concello suben cento vinteoito mil douscentos setenta euros máis que o ano pasado, os veciños e as veciñas de Barbadás van pagar cento vinteoito mil douscentos setenta euros máis de impostos municipais, de taxas de prezos públicos no Concello de Barbadás, máis do que xa pagaban no ano 2013, y esa é a gran bondade que dí vostede que ten coa xente que sofre a crise económica ¿non?, facerlles pagar cento vinteoito mil euros máis que o que pagaban o ano pasado, moi ben; por certo, na Memoria de Alcaldía, que non recolle practicamente nada, escusábase facer alusión a ela, senón fose por dúas cousas, a primeira: fálase da modificación dos impostos do Concello, pero o que non fala curiosamente e do descenso das aportacións das Comunidades Autónomas, é certo que o Concello de Barbadás ten trescentos cincuenta mil ingresos máis que proveñen do Estado Español, a través da participación do tributos do estado, pero sin embargo hai unha considerable baixa dos impostos e das axudas, perdón, das axudas, das subvencións que daba a Xunta de Galicia ao Concello de Barbadás, e vostede eso non o cita na súa memoria, curiosamente esquécese da Xunta de Galicia, e por outra banda, di vostede na memoria, que hai unha utilización privativa do dominio público e que diminuye en trinta mil euros, nós analizando os orzamentos sube trinta mil euros, porque se pasa de cincuenta e cinco mil a oitenta e cinco mil euros, e sin embargo vostede na memoria di que se reducen trinta mil euros, explíquenos eso porque non entendemos como pode dicir na memoria o contrario do que din os orzamentos. Pregunta que queríámoslle facer ¿onde está a taxa que se lle vai a aplicar aos bancos por uso privativo de dominio público dos caixeiros que están na rúa do Concello de Barbadás?, ¿son eses



trinta mil euros? ¿non son?, porque vostede di que desaparecen na memoria, entonces queremos que nolo explique. Na área de gasto 2, adicada a gastos de protección e promoción social, gástase este ano catorce mil seiscientos euros menos que o ano pasado, en protección e promoción social, gástase catorce mil seiscientos euros menos, despois de descontar a Seguridade Social, xa sei que aí figuraba unha partida de catrocentos noventa mil euros de Seguridade Social dos anos pasados, que este ano non figura, pero figura a cambio unha de sesenta mil das persoas adscritas a ese servizo, con todo iso a partida adicada a protección e promoción social diminúyese en catorce mil seiscientos euros, eso si, sen embargo, auméntanse en proxectos técnicos, dez mil euros, que entendemos que son traballos que se van a esternalizar, que en lugar de facer no propio Concello se van dar a empresas de fóra do Concello, traballos realizados para o Plan Xeral de Ordenación Municipal, trinta e seis mil euros, tamén quixéramos saber canto se ten avanzado en esto, porque todos os anos figura a mesma partida e non se ten adianado nada, traballos realizados por outras empresas, sube en setenta e seis mil euros, estamos outra vez privatizando servizos públicos en este caso, traballos realizados co saneamento das augas do Concello de Barbadás, e súbese en setenta e seis mil euros o diñeiro que se lle vai a pagar a terceiras empresas, para o saneamento das augas do noso Concello. Traballos realizados por outras empresas para a recollida do lixo, suben setenta e oito mil euros, entendemos que é a partida que vai cobrar Sogama, o incremento está en setenta e oito mil euros nos orzamentos, non sei porque vostedes falan de oitenta e pico mil, e ben, houbo unha reunión de alcaldes de toda Galiza, onde lle manifestaron o seu inqueda e o seu malestar ó Presidente da Xunta de Galiza precisamente pola aplicación desta nova tarifa, sobre a recollida do lixo y o transporte a Sogama, sin embargo, eu en esa reunión non o vin a vostede señor Freire Couto; vostede mire, estase convertindo en un Alcalde adicado a solucionar os seus problemas persoais, e se está esquecendo da cidadanía e dos problemas que temos en Barbadás, vostede xa non actua como Alcalde, actúa como defensor, como avogado defensor dos seus pleitos, vostede non está en ningún sitio onde o necesitaría a cidadanía de Barbadás, vostede tiña que estar cos alcaldes que se van a manifestar insumisos contra esta nova tarifa de Sogama, porque é un ataque ás competencias municipais y porque supón cargar con máis impostos ós veciños, cando é un problema que ten a Xunta de Galiza, señor Freire Couto, o problema de Sogama é un problema da Xunta, tiña que solucionalo o Presidente da Xunta de Galicia, e a Consellería e non cargar ese gasto nos Concellos, sin embargo vostede está desaparecido en combate, non da noticias, cando se trata de defender os intereses do Concello, vostede non aparece por ningures, eso si, aparece por Portugal. Contrato de recollida do lixo, sube, servizo privatizado, mans privadas, empresa que non



cumple cos pregos de condicións da contrata pública, polo que se debería sancionar, e repercutir esa sanción, quitándolle diñeiro ó que pagan os veciños pola recollida do lixo, porque non están cumprindo coas condicións, nin en material, nin en horarios, nin en recollida, nin en limpeza, nin ten hidrolimpadora, nin ten ningunha da máquina que prometeu comprar, nin ten almacén, non teñen nada, pero resulta que vostedes os premian dándolles catro mil euros máis para o ano que ven. Traballos realizados por outras empresas, parques e xardíns, trinta e sete mil euros máis ¿non hai unha brigada municipal de parques e xardíns?, non hai unha Concelleira que gana mil trescentos euros ó mes por media xornada laboral, e temos que pagarlle a empresas privadas, entón para que queremos a brigada de parques e xardíns de Barbadás, trinta e sete mil euros máis do que se pagaba o ano pasado a empresas privadas para parques e xardíns. Sen embargo, curiosamente, as cantidades dedicadas a fins sociais, como poden ser catering e lavandería, redúcense en sete mil euros, seica non fai falta, seica un servizo de catering decente, digno, para a xente que o precise, para un servizo por exemplo para subvencionar o comedor escolar dos nenos dos colexios de Barbadás, non son precisos, entón retíranse sete mil euros, que máis da, sete mil euros menos para catering e para lavandería y oito mil euros menos para fomento de emprego, claro é que en Barbadás non hai crise económica, e que en Barbadás todo o mundo é moi rico e ten moitos pisos, moitas vivendas, por eso como non hai paro se retiran oito mil euros das partidas adicadas a fomento do emprego, pero se adican doce mil partidas máis para traballos realizados por outras empresas no Centro Transfronteirizo, si señor, quitamos de fomento do emprego e adicamos a pagarlle doce mil euros a outras empresas. Moi ben, accións públicas relativas á saúde, traballos realizados por outras empresas catro mil euros, todas as modificacións que hai no Pleno, nos orzamentos son para pagarlle a empresas externas ó Concello de Barbadás, en vez de invertir en servizos propios do Concello, se lle pagan a empresas para externalizar servizos, isto é liberalismo levado ó seu máximo extremo, vaciar á Administración Pública de contidos e privatizar todo o que se poida privatizar. A Administración Xeral de Educación, limpeza, sesenta e catro mil euros, vamos a pagar en gastos de limpeza nove mil euros máis que o ano pasado, non é a limpeza do polideportivo xa aviso que está outra partida, tamén se incrementa en tres mil euros, limpeza dos centros educativos increméntase en nove mil euros, señor Freire Couto, construiu vostede un instituto sen que nos déramos conta, a ver si vai haber instituto en Barbadás e nós non o saber, como é posible que o servizo de limpeza aumente en nove mil euros nun só ano, cando non aumenta nada que haxa que limpar novo, que lle está ofrecendo de servizos esta empresa donde vostede ten privatizado o servizo de limpeza, algunha promesa de limparlle, algunha outra propiedade.



Traballos realizados por outras empresas no colexio infantil, vinteun mil quinientos euros, do que non nos vamos queixar, por certo auméntase en dezanove mil euros, porque entendemos que son servizos que prestan outras empresas nos colexios de infantil que son necesarios para o mantemento da calidade educativa, non nos vamos queixar desta partida, señor Freire Couto. Limpezas de servizos complementarios de educación, aumenta en tres mil euros, máis seis mil da partida anterior, o gasto en limpeza no Concello de Barbadás en infraestruturas educativas, é dicir, os dous colexios que temos de infantil e a escola de primaria e a escola de infantil, aumenta en doce mil euros, mil euros máis cada mes pola limpeza deses edificios. Servizos complementarios de educación, traballos realizados por outras empresas, aumenta a dez mil euros, Administración Xeral de cultura, traballos realizados por outras empresas aumenta en dez mil euros, isto si que o entendemos porque poden ser partidas adicadas a grupos de teatro externo o actividades culturais que se desenvolven no Concello, y partindo das subvencións que se lle dan a asociacións veciñais, sorpréndenos por exemplo unha de quinientos euros que se sigue dando á Asociación Música e Cultura de Galiza que é unha asociación cultural, que non ten actividade en Barbadás, é ben curioso que se manteña esta partida, ano tras ano, nos orzamentos do Concello, cando esta asociación cultural non ten actividade cultural no noso Concello, e se lle da unha subvención y a Asociación de veciños A Valenzá, se lle da mil quinientos euros, é a asociación veciñal que máis cobra, mil quinientos euros, señor Freire Couto quere decirme vostede, ou a Concelleira do ramo, onde pode un veciño de Barbadás, ir a anotarse e facerse socio da Asociación Veciñal da Valenzá, quere decirme se estes mil quinientos euros, son para lanzar politicamente ó seu presidente, extránfuga do Partido Socialista, y agora caído en Barbadás, e que vostede está intentando situar, para ser, non sabemos se un delfín no Partido Popular, a que ven darlle mil quinientos euros a unha asociación ilegal, que nunca fixo xunta constituínte, nunca tuvo assemblea de socios, nunca rinde contas no Concello, nin ten actividade ningunha coñecida nos dous últimos anos, para que se lle dan mil quinientos euros a esta asociación veciñal. Limpeza da Administración Xeral de Deportes, xuben dous mil quinientos euros, queremos entender que son gastos do polideportivo, non como os outros nove mil euros anteriores, traballos realizados por outras empresas para a Administración Xeral de Deportes, son de noventa e catro mil euros, vintenoventa mil euros máis que o ano pasado, gustaríanos saber o desglose desta partida, nos orzamentos non o pon, gustaríanos coñecer en que se gastan noventa e catro mil euros, no Concello de Barbadás en deportes, pero non en servizos prestados polo Concello, senón a empresas que prestan servizos no Concello de Barbadás, a non ser que sexan o pago de todas esas empresas ou desviación de diñeiro cara o equipo de fútbol de terceira división, porque



senón non o podemos entender, que nos expliquen, que nos explique a Concelleira de Deportes, en que se gastas noventa e catro mil euros, en traballos de outras empresas deportivas, a Unión Deportiva Barbadás, trinta e un mil euros, os veciños e veciñas de Barbadás podemos estar moi satisfeitos de ter un equipo de terceira división, seguramente ós que somos afeccionados ó fútbol nos gusta ir a ver os partidos do Barbadás en terceira división, pero tamén lle vou dicir unha cousa antes de ir ó fútbol, hai moita xente que lle gusta máis comer, e pagar a luz, e pagar a auga, e pagar os libros dos seus fillos, e seguramente esa xente se plantexa o domingo non ir a casa, para poder comer quente na súa casa, entón eu digo está moi ben, que se subvencione o deporte, sobre todo o deporte base, pero non entendo como poden detraer partidas de gastos sociais, para adicar noventa e catro mil euros e trinta e un mil euros a actividades deportivas, relacionadas co fútbol, cun equipo de terceira división, con todos os respectos que me ten ese equipo e a xente que alí está, non o podo entender señor Freire. Atencións protocolarias dez mil euros, desglosadas en dúas partidas, unha dos Órganos de Goberno e outra de Administración Social, Administración Xeral, dez mil euros a atencións protocolarias, en tempo de crise económica, señor Freire, déixense vostedes de repartir talladas de polbo e anacos de empanada e adíquense ao que se teñen que adicar, déixense de actuacións protocolarias, de flores e alfombras e adíquense a atender os problemas da xente, dez mil euros é unha ostentación absurda nos tempos de hoxe, é absurdo adicar esta cantidade aparte de ser tamén unha obscenidade. A publicidade adicamos tamén vinte mil euros, isto si sabemos en que o gastan vostedes, verdade, en salir en publireportajes en la televisión pública e televisións locais alabando o ben que está o Concello, por certo mentindo porque non da vostede unha, non da unha, polideportivo ano 2003, o ano que ven inauguramos o polideportivo de Barbadás, ano 2004, ano 2005, ano 2013 e o polideportivo segue sin inaugurar, onde está o instituto que dixo vostede na televisión que iba a facer, ¿onde está?, son os convenios urbanísticos que fixo vostede con Mahía para o cambio de terreos, para conseguir que eses terreos se poida facer o instituto ¿verdad que si?, señor Freire por quen nos toma vostede?

O sr. Alcalde toma a palabra: Vaia recortando porque xa leva

O sr. Fírvida toma a palabra: Si pode ser que isto lle doía pero é o que hai

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non me doe nada

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, pois escoite, estos son os orzamentos do seu Concello, e este é o debate máis importante do ano, así que por favor respecte as intervencións dos grupos da oposición. Datos xurídicos e contenciosos vinte e cinco mil euros, eu preguntome senón estaremos nós pagando os seus avogados persoais; servizos de recadación a favor da entidade, cento e corenta mil euros, cento



corenta mil euros que este Concello paga todos os anos á Deputación Provincial de Ourense, pola xestión da cobranza dos tributos municipais, un Concello con cen traballadores e traballadoras, un Concello con máis de dez mil persoas non é quen de ter un servizo de recadación municipal que hoxe se arregla con un técnico, con un auxiliar y con un computador, con eso hai Concellos ben máis pequenos que arreglan o servizo de recadación, e nos teríamos aforrado cento corenta mil euros, o que pasa é que vostede lle interesa ter isto delegado na Deputación Provincial de Ourense a cambio non sabemos de que prebendas que obtén vostede de alí, por exemplo ser Diputado Provincial, pero son cento corenta mil euros, que se podían adicar a moitas outras cousas; tributos das Entidades Locais suben noventa mil euros, non sabemos a que se refire esta partida, gustaríame que nola explicasen, e no resto das cousas, pois falarei na segunda intervención.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Para o Grupo Socialista o debate dos orzamentos, é por suposto o momento culminante do ano político dun Concello. Ten que servir para definir e trazar as políticas e actuacións a levar a cabo polo goberno municipal no exercicio seguinte. Pero eso non é suficiente tamén ten que servir para facer unha análise da situación na que se atopa a Administración Local, e para que os que gobernan rendan contas da súa actuación pública, e a situación dos que gobernan Barbadás é lamentable, esperpéntica e carente de toda ética e respecto á veciñanza. O respecto á veciñanza brilla pola súa ausencia, e en concreto falo de vostede señor Alcalde, señor Freire Couto, na política e na economía hai un valor, un valor que é fundamental para acadar o éxito, e cando digo éxito refírome a uns obxectivos predeterminados, esa variable chámase credibilidade, e vostede hai tempo que xa non a ten; a veciñanza desconfía de vostede; vostede é un perigo para Barbadás, e por esa razón tense que marchar canto antes, polo ben de Barbadás, vaiase, vaiase. Centrándome máis especificamente, no que son os orzamentos, sinalar que non só quero falar de números, eu veño aquí a falar dos problemas e das necesidades da veciñanza. Señor Freire xa transcurriron dúas terceiras partes da lexislatura, e vostede ten que respostar diante da cidadanía de Barbadás, do cumprimento do seu programa electoral, porque hai que deixar claro que os orzamentos son cifras que teñen que servir para dar satisfacción ás expectativas veciñais que vostedes plasmaron no seu programa. Este é o seu programa electoral do ano 2011, téño aquí está detallado; falaban da construción do novo instituto, pois ben o novo instituto nin está nin se lle espera, como consecuencia da súa funesta xestión urbanística, e dos sistemáticos erros do uso indebido de plantexamentos técnicos que a Xunta sempre descalificou e vostedes seguían erre que erre, a facer a mesma xestión urbanística, agora sabemos cal é



o motivo e a razón para esa xestión; incluso trouxeron aquí a Barbadás, hai varios anos ó Concelleiro de Educación, para anunciar un suposto inicio das obras que nunca comenzaron e para que non existe dotación orzamentaria por ningunha administración pública, nin polo Concello de Barbadás, nin pola Xunta de Galicia, cando co goberno de coalición si que a houbo, dotación presupuestaria, pero vostedes estragárona pola súa ineficiencia urbanística. Os seus erros na xestión deste asunto deberían habelo levado hai xa moito tempo a dimitir. Mencionaba tamén a posta en marcha do novo Centro de Saúde de A Valenzá, e que comenzarían as obras dun xeito inmediato, ano 2011, levamos dous anos e medio e as obras aínda non se iniciaron; pero é que ademais a Xunta de Galicia sorpréndenos con que o ano que ven se destinan a esta infraestrutura, dous millóns cincocentos mil euros, cando o ano pasado os consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia, eran tres millóns cincocentos mil euros, é dicir, un millón de euros máis o ano pasado que para o ano que ven, vostede terá que dar algunha explicación sobre eso, supoño que saberá cal é a razón, pola que non existe ese millón de euros e polo que desaparecen, ademais de explicar por que non se iniciaron as obras, cando no seu compromiso electoral, porque un programa electoral, é un compromiso ca cidadanía, figuraba o inicio de xeito inmediato, igual co instituto; esta é unha infraestrutura prioritaria para a veciñanza de Barbadás, que leva anos no limbo con promesas e máis promesas que de momento non se cumpriron, e que este ano seguirá sumida no seu letargo probablemente. O único cambio na situación sanitaria de Barbadás, foi a rapidez coa o que o señor Alcalde conseguiu ocupar a praza de médico ó carón da súa casa familiar, esa foi a única xestión que vostede fixo, evidentemente unha xestión de índole persoal non podía ser de outro xeito vendo a súa traxectoria política, e desde o que sabemos, desde ese despacho, circulan os expedientes desde aquí hasta alí, paseados, nos que vostede vai a asinar e ademais recibe á cidadanía no seu despacho, eso non o pode negar, porque hai testigos, hai testigos señor Freire. Decía o señor Firvida que vostedes viven nun limbo económico, non viven nun limbo económico, viven, ou pretenden vivir nun paraíso económico, e pretendían que fora tamén un paraíso fiscal, pero ese esquema rachouse a estes señores. Citaba no seu programa municipal que ía fomentalo emprego, utilizando aqueles sectores empresariais que eran xestionados dende a Deputación e o INORDE, como é o caso da nova empresa de coches eléctricos Xeron, eu ríome, téñome que rir porque, vamos por non chorar simplemente, polo engano sistemático ás mentiras ás que someten ós veciños deste Concello. Señor Alcalde, vostede pretendía utilizar o seu cargo no INORDE, como oficina de colocación, enganando á cidadanía cun proxecto que non era máis que o conto da leiteira, co que pretendía conquistar carrexar algún voto máis, a día de hoxe, nin vostede preside o INORDE, nin o proxecto



Xeron existe, e o que é máis grave aínda non coñecemos ningún programa de creación de emprego no noso Concello, a non ser as habituais políticas caciquís basadas no lema “le doi trabajo a mis amigos”, ese é o seu lema a nivel emprego, nin máis nin menos, actualmente o problema máis importante para a veciñanza, é o do emprego, pero para o señor Freire esta non é unha das súas prioridades e aos feitos me remito, o orzamento para o 2014, destina para a promoción de emprego, á área de promoción de emprego, que é diferente de promover o emprego, noventa e catro mil euros, dos que cincuenta e nove mil euros van adicados a remunerar ó persoal directivo, trinta e cinco mil euros para ser exactos, á Seguridade Social, doce mil euros, e a luz doce mil euros, o resto da partida vai adicada a servizos e suministros, vergoñento, absolutamente vergoñento señor Freire, eiquí hai que dicir ademais que persoal directivo, é que non hai máis persoal que o directivo, solo destinamos a esa señora, con todos os meus respectos como persoa física, trinta e cinco mil euros, pero debe facer ela todo o traballo, evidentemente pode ser capaz de facelo porque non hai nada que facer, vostedes non lle destinan nada, para facer un traballo digno e decente. As actuacións reais que supoñan apoio á creación de postos de traballo, ou ós emprendedores, van cero coma cero, cero, euros, literalmente, pero eso non nos pode estranar para nada, cando na Comisión Informativa do xoves pasado, o señor Freire dixo que desde o Concello non se podían facer políticas de emprego, isto é textual, literal, pois claro que se poden levar a cabo políticas innovadoras de emprego señor Freire, que permitan crear e fixar emprego en Barbadás, voulle dar tres ideas, sabendo que hai moitísimas máis, creación dun programa de rehabilitación de vivendas en núcleos rurais, contribuír o financiamento de novas empresas mediante bonificacións fiscais, aprazamento de pago de taxas e tributos municipais, que ademais levamos unha moción para debater posteriormente en relación a este asunto, elaborar un programa de dinamización deportiva, cultural e turístico que permita atraer visitantes, xa que temos un equipo en terceira división, evidentemente por que non aproveitar as visitas dos equipos contrincantes para que pasen aquí un día, por exemplo un día de domingo, ou un día de sábado, pero no, non hai ideas, non hai iniciativas, non hai perspectiva de traballo nin hai ganas señor Freire. Ademais, hai que dicir que vivimos nun Concello no que non existe un axente de desenvolvemento local consolidado, estamos sempre a expensas de achegas da Xunta de Galicia; a figura dun ADL estable e activo, é un elemento fundamental para o desenrolo de programas innovadores, e longo prazo para o fomento do emprego, vostedes viven sistematicamente ancorados na pasividade e na falla de imaxinación. Seguindo co seu programa electoral, anunciaba vostede que tratarían de ampliar e afondar na dotación de servizos deportivos, en especial coa posta en marcha no próximo curso académico do novo polideportivo, é



dicir, curso 2011-2012, estamos no 2013-2014, e o polideportivo hai sigue, é levantado pero inactivo. A historia do polideportivo é moi longa e iniciouse hai máis xa de doce anos, e parece que por fin remata, parece que por fin remata, pero desde logo que esto non é un logro do señor Freire, non, para nada, en todo caso é síntoma do seu fracaso, signo do seu fracaso porque despois de doce anos, ou necesitar doce anos para construír un polideportivo das características do de Barbadás, nin unha pirámide señor Freire, nin unha pirámide; ó Grupo Socialistas máis ben parécelle que durante todos este anos se lle mentiu a toda a cidadanía en relación a esta dotación, tendo en conta que somos o único Concello de toda a provincia que non ten polideportivo en funcionamento, pero tamén hai que lembrarlle que o polideportivo non é a panacea para os males que ten o conxunto do Concello no que atinxe a estruturas deportivas, a situación é esperpéntica na zona deportiva do Comón en Piñor, lamentable o estado das canchas ubicadas na urbanización da Solaina, o abandono é total nas instalacións do parque Lucinda no Fonsillón, e aquí levamos unha proposta nós, creo lembrar hai un ano e medio que vostedes se comprometían a levar adiante adecentar esa zona deportiva e recreativa e seguimos á espera de que se faga, vostedes votaron a favor, por certo, creo lembrar, pero vostedes incumpren sistematicamente e pensan que así van a enganar á veciñanza, o mesmo ocorre no Barreiro en Bentraces, a desidia e o continuo deterioro son a tónica xeral da súa actuación neste eido, evidentemente non existen piscinas climatizadas, non existe unha piscina pública digna, os compromisos do señor Letes, que vostede se fartou vostede de publicar na prensa, creo lembrar hai tres ou catro anos, nas que se comprometía a ampliar as piscinas de Barbadás ou facer unhas novas, sigue no caixón dos sustos, bueno pois aí seguirá, a súa xestión seguirá aí, vostede non demanda, non reclama, non esixe, nin lle esixe ó seu partido os seus compromisos que adquiren con vostedes, vostede é o faime rir da Xunta de Galicia señor Freire, vostede é o faime rir da Xunta de Galicia. Tamén falan no seu programa electoral de que impulsarán definitivamente o transporte metropolitano, ben a súa xestión a este nivel é a propia dun gobernante dunha república bananera, dunha república bananera dada a súa actuación durante moitos anos, e vostede sabe ó que me refiro, ó sete, ó autobús eléctrico, e non me quero estender sobre elo porque todo o mundo coñece a situación neste Concello deses dous feitos; pero a situación é moi grave dado que practicamente todo o rural carece dun transporte público que se poda considerar como tal, e que é motivo continuo de queixas da veciñanza, moitos veciños e veciñas de diversas parroquias de Barbadás, sintense discriminados por non poder ter as achegas que ten algunha outra localidade do Concello, existe un compromiso plenario é certo, do señor Freire, apoiando unha recente moción socialista, para mellorar o transporte urbano en todo o



rural do Concello, mediante a ampliación e mellora do servizo e implementación de axudas que non vemos que se reflectan nos orzamentos 2014, tal e como nós desexamos, despois de aprobar esta moción socialista é cando vostede move ficha, de novo desidia, falta de imaxinación e ineficacia, vostede pensa que con dez mil euros engadidos ás achegas do ano pasado, son suficientes para satisfacer as necesidades do resto do rural, dez mil euros para Parada e Piñor, fundamentalmente non chegan a nada, vostede saca un pequeno as da manga, cunha proposta socialista, volvo a insistir, para enganar novamente á veciñanza, dez mil euros non chegan para ese servizo, e sábeo perfectamente. señor Freire, a veciñanza de todo o rural demanda esta mellora e pouco a pouco convírtese nunha esixencia, pero a realidade ano tras ano é a mesma, abandono e desigualdade de trato para a cidadanía do rural; leva vinteseis anos, no sillón de Alcalde e totalmente despreocupado por esta inquedaanza veciñal, xa se viu como decía antes na xestión do sete, e tivo que ser volvo a insistir unha proposta socialista a que consegue que medren esta partida no que son os orzamentos, eiquí volvo a aproveitar a ocasión para reclamarlles, xa que falamos de transporte público, polo tanto tamén de mobilidade, a situación na que se atopa Parada, sabe vostede que o Partido Socialista tamén presentou unha iniciativa, aquí, neste Pleno solicitando a recuperación do camiño da Chouciña, vostede apoiouna, a Diputación empezou supostamente a facer un traballo pero de novo despois de dous anos volvo a estar paralizada, e mobilidade é mellorar ós accesos a unha localidade, a veciñanza de Parada reclama eso sistematicamente, e o señor Julio que é de Parada sábeo perfectamente, eu reclamaría que o señor Julio que falara co señor Alcalde, nun bis a bis, nun momento determinado e que lle transmitira as inquedaanzas dos veciños de Parada, porque sabe perfectamente que eso é unha realidade, e sabe perfectamente que vostedes están incumprindo esa demanda, esa promesa, entón reclamo por favor, que o señor Julio tamén faga o seu traballo representando os veciños da súa localidade. Finalmente no seu panfleto electoral, fala de impulsar a construción un novo Centro de Día, como si xa houbera un, non o hai, non o hai, para que o saiban todos os medios de comunicación e tamén o saiban toda a cidadanía de Barbadás, e ampliar o servizo de axuda no fogar e o catering a domicilio, as expectativas sobre este Centro de Día está nunha nebulosa, voulle pedir a Ánxela a súa boliña de cristal, que a veces usa, para ver si aí conseguimos disipar esa néboa e entón clarexar a situación do centro de día; vostede non sabe que tipo de xestión quere para esta dotación, descoñece a súa ubicación e polo tanto as súas promesas son outra estafa á veciñanza, estafa literalmente. O servizo de axuda no fogar cada día ten menos persoal e sorprende a ameaza de privatización e do copago, e o señor Freire venno vendendo aquí que mellorou os servizos sociais, hoxe hai nove persoas traballando no SAF, hai dous



anos creo lembrar que había once, vostede quérenos vender aquí que mellora os servizos sociais, señor Freire un pouco de respecto que somos intelixentes e sabemos ler e documentámonos, cousa que a veces vostede non fai, excepto para certos asuntos. Nos últimos anos as persoas adicadas, como decía no Concello ó servizo de axuda no fogar, reducíronse a nove, en lugar de incrementarse minguan; que dicir do catering, a súa implantación foi a razón dunha moción socialista, pero que actualmente funciona absolutamente en precario, e que precisamente por esa razón non ten aceptación e a demanda esperada, é dicir nada, non funciona practicamente. A conclusión de toda esta situación é que a súa xestión é inexistente, e vai a remolque dos acontecementos, non hai ningún tipo de previsión e desde logo vai quedar marcada para sempre pola especulación e presuntamente pola corrupción, pero son os nosos conveciños e conveciñas os que sofren as consecuencias da súa ineficacia, un exemplo da mesma é a situación na que se atopa o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, houbo diversas iniciativas socialistas e tamén do Bloque Nacionalista Galego para melloralo, e quedou o señor Alcalde en recabar un informe sobre o asunto ¿ten o informe?, ¿teno?, ¿eu preguntolle si o ten?, porque vostede comprometeuse en que no prazo, nun prazo de seis meses desde aquela demanda se iba a trasladar, íase trasladar á oposición ese informe e en caso de ser negativo en relación ó cumprimento do prego de condicións, que se sancionaría, ou que se tomarían medidas, as medidas acaídas, o tempo sigue transcorrendo, o servizo sigue funcionando como funciona, sigue habendo incumprimentos sistemáticos, pero bueno como aí traballa entre outros o cuñado do señor Tenente Alcalde, como responsable do servizo, como debe ser unha empresa vencellada ó Partido Popular, pois entón non facemos nada, e seguimos quietos parados, e os veciños de Barbadás, sufrindo as súas consecuencias; pagamos polo contrato do lixo trescentos oitenta mil euros, e a cidadanía ten unha percepción do servizo moi deficiente, e o goberno do PP e do señor Freire, seguen pagando e mirando para outro lado desatendendo as queixas e as demandas veciñais, e para o ano próximo o Concello de Barbadás, asume nos seus orzamentos o importe da suba do canon polo tratamento do lixo na planta de SOGAMA, mire isto é o máis escandaloso que hai nestos orzamentos, o máis escandaloso, e voulle dicir por que, mire, este ano supostamente SOGAMA ten perdas, ten perdas este ano, bueno, pois o ano que ven, SOGAMA, según os orzamentos da Xunta de Galicia, vai dar uns beneficios, despois de impostos de seis millóns seiscentos mil euros, que son sufragados entre outros evidentemente polo Concello de Barbadás, e polos veciños e veciñas de todos os Concellos de Galicia, e vostedes que son militantes e responsables do Partido Popular, non son quen de pararlle os pés ó señor Feijóo, isto é unha falcatruada e un roubo á cidadanía. Non comprendemos como unha sociedade na que a Xunta



participa nun 51%, ten como finalidade xerar beneficios a costa dos empobrecidos petos dos cidadáns, e desde logo si o Concello de Barbadás asume o pago de noventa e oito mil euros, quere decir que os detrae de outros servizos, que desde logo serían moitos máis útiles para a cidadanía e a veciñanza, non pero vostedes prefiren darllo ó señor Feijóo, noventa y ocho mil euros porque si, sin más, así, sin loitar, son unhos serviles e sumisos do poder, vostedes. Os Concellos do PP dobléganse sen máis diante do ordeno y mando da Xunta en lugar de presionar para solventar esta situación; cos cartos que o Concello de Barbadás destina a pagar a SOGAMA podíase mellorar sensiblemente moitas prestacións sociais para a nosa veciñanza. No mes de agosto e o Teniente Alcalde sábeo, non sei si o sabe o señor Alcalde, no mes de agosto a maior parte das beirarrúas da Avda. De Celanova, estiveron sin limpar e coas papeleiras sin recoller durante perto dunha semana, vostedes miraron para outro lado, e seino porque era a zona na que eu vivo, e vino cos meus propios ollos, o sea, que non se pode negar, e ademais fixemos preguntas que vostedes ademais negaron, negaron os feitos, pero a cidadanía viu e sufriu. Tamén sofren as consecuencias do abandono das zonas verdes, e este ano a situación era e segue sendo tamén esperpéntica en varios parques da Valenzá, pero é que ademais de ser esperpéntica convertiuse en un grave perigo para os usuarios, estou falando do parque das Searas e da urbanización Bahamonde, zonas verdes con importantísimo risco de lesións para os cativos, levan moitos meses de abandono e vostedes siguen esperando a actuar, foi unha moción socialista, a que de novo puxo o asunto sobre a mesa, é o que de novo a pesares de que vostede diga que non lle podemos, ou que non lle imos marcar desde a oposición o seu ritmo de traballo, foron esa moción as que puxeron sobre a mesa o asunto e as que motivaron que vostedes empezaran a actuar levemente, sobre o parque das Searas, cambiaron un bambán, fixeron unha rampa de acceso, retiraron a varanda, sinón houbéramos estado nós aquí, isto seguiría sin facerse, e vostede di que non lle podemos marcar os tempos, pois si señor Freire que llos marcamos, porque se lle cae a cara de vergonza. As zonas de lecer están sumidas nun continuo deterioro, e para solventar todas as deficiencias adican escasos sesenta e oito mil euros, cando a situación de penuria require un esforzo moito máis importante, consecuencia da deixadez de moitos anos, dada a situación de boa parte das zonas verdes esta contía só ten un nome, calderilla; ¿sabe vostede señor Freire?, vostede non o pode saber porque non se pasea pola Valenzá adiante evidentemente, aparca o seu coche enriba da beirarrúa da súa casa, e a Policía Local non actúa, despois voulle preguntar sobre eso, pero aí si aparca o coche enriba da beirarrúa, pero pola Valenzá adiante non se pasea, polo tanto, non pode saber, vostede non pode saber que hai maceteros no medio das avenidas da Valenzá, nas que os veciños prantan tomates, ¿sábeo?, e voulle



decir onde, un lugar onde, ó carón do Alecrín e do Vely, prantan tomates, pementos e pirixel, señor Freire esa é a súa actuación no que fai referencia ós parques e xardíns, autenticamente é un deserto a Valenzá nese sentido, é un deserto, é verídico, pódono ir comprobar, bueno evidentemente agora non o poden ir comprobar porque non se sementan pementos, nin pirixel, nin, bueno, pirixel pode estar. Os maceteros da Valenzá son auténtico deserto, un auténtico deserto, para plantar pementos, tomates e pirixel. Cando chove, boa parte dos parques semellan piscinas ó carecer de drenaxe, formándose grandes charcos, e a zona de xogo infantil habitualmente non está delimitada por unha vaia, e non teñen o chan de caucho neumático, e as fontes están inutilizadas, sirven alí de elementos pétreos decorativos, etc, etc, etc. Tan só deben revisar o Decreto 245/2003, do 24 de abril, no que se fixa a normativa de seguridade dos parques infantís, ou a lexislación europea para este tipo de instalacións, Miriam vótalle un ollo, ou os dous millor, e recoñecendo que intentas facer un bo traballo, que o intentas. A nosa veciñanza demanda seguridade en tódolos parques para que non sexan simples areas, nos que se depositan lixo e excrementos de animais, demanda lugares delimitados nos que os bambáns non estean estragados continuamente, resultando un perigo para os cativos; a veciñanza demanda parques onde os nenos e nenas non teñan que atravesar un perigoso circuíto de obstáculos, en total, paso ós investimentos, en total, os supostos investimentos suman trescentos trinta e un mil euros, nos que están incluídos os xa mencionados sesenta e oito mil euros para parques, pero esta cifra como sempre non é real, xa que hai perto de setenta mil euros que se corresponden a mobiliario, proxectos técnicos, maquinaria, informática, etc, e ademais hai unha partida de vinteún mil euros que aporta o FEADER e que polo tanto non é un investimento propio do Concello de Barbadás, sinón que son recursos alleos. Resumindo, o investimento real é de douscentos trinta e dous mil euros, o que equivale a un escasísimo catro con vintecinco por cento, de novo repito calderilla señor Freire, calderilla, para as necesidades do noso Concello, evidentemente facendo análise polo miúdo deste orzamento non pode ser de outro xeito, cando o noventa por cento do orzamento se adica a gasto de persoal, o corenta e tres coma vinteún por cento, e ó gasto corrente o corenta seis coma setenta, entre gasto de persoal e o gasto corrente suman o setenta por cento. ¿Sabe vostede que moitísimas farolas están estragadas?, esto fartareime de repetilo ano tras ano, sabe vostede que incluso algunha delas, e voulle dicir onde, na esquina onde estaba antes o Banco Popular, que agora está unha carnicería, está sendo o báculo utilizado como papeleira, ¿sábeo?, pois o báculo ten esta altura está seccionado, e alí a xente deposita as latas da cervexa, da coca-cola, esa é a súa xestión neste Concello, esa é a súa xestión, pensa que con vinteún mil euros, que son os que prevé o orzamento para reparacións se pode



solventar a situación, evidentemente a conclusión é que non. Non existe previsión para realizar os investimentos, como vostede recoñeceu tamén na Comisión, traballan conforme xurdan as necesidades, dito doutro xeito, non hai nin proxecto nin planificación, e todo seguirá igual. Decía Fírvida, que seguíamos gastando cartos para pagar o servizo de recaudación da Deputación, ano tras ano tamén o vimos reclamando, eu teño feito varias propostas indicando que incluso había que mellorar a xestión de deudas de difícil cobro, bueno pois hai sigue sin retocar, eu podo comprender que queda moi bonito, decir que o Concello de Barbadás ten un remanente de tesourería de un millón de euros, pero resulta que ese remanente de tesourería vostede sabe que é ficticio, ficticio non, falso, e non poñen empeño ningún en solventalo, hai que dar instrucións señor Freire para solventar a situacións, vostede é un suxeito pasivo que está sentado aí, e simplemente ve como pasa o tempo para seguir apoltroado, e seguir lucrándose supostamente da súa actividade, non sei como chamarlle, pública-privada, semipública, semiprivada. Finalmente falando das achegas os distintos colectivos de veciños é moi ilustrativo da súa política, subvencionar asociacións que bordean a ilegalidade, que non teñen actividade e que ademais son utilizadas polo señor Alcalde para tentar maniar inqedanzas veciñais, e o seu exemplo máis claro é a Asociación de Veciños da Valenzá, unha pseudoasociación no que o seu presidente nunha entrevista moi recentemente recoñece que o único que fixo foi intentar lanzarse politicamente e facerlle literalmente a pelota ó Goberno Municipal, decir que unha asociación de veciños, un colectivo veciñal que está para levarse ben co poder establecido, que baje Dios y lo vea, o noso voto evidentemente vai ser en contra destes orzamentos, as razóns están claramente expostas e a súa ineficacia tamén queda evidente

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois coma o mundo de ustedes é totalmente disitinto, ó planteado desde o Equipo de Goberno, non me vou por suposto a pormenorizar e contestarlle unha por unha ás cantidades de cousas que dixeron, obviamente teríamos que dar a volta ó presupuesto en primeiro lugar, en segundo lugar non hai ningún tipo de posibilidade de facer moito máis, co mesmo presupuesto que temos, que o que se está facendo y en terceiro lugar porque loxicamente a oposición ten que facer a súa labor, que é a que ustedes fan y o goberno ten que gobernar, nós estamos gobernando para os cidadanos, entendemos que co presupuesto que temos, pois facémolo o mellor que podemos, e entendo que non o debemos facer tan mal, cuando a xente nos leva apoiado durante vinteseis anos, é verdade, a realidade é esa por moitos que lles doa, independientemente de que ustedes pois poden velo doutro punto de vista, é lícito, é loxicamente eu enténdoo, non o compartimos nin moitos menos, entences, con estos mimbres poucos máis cestos se poden facer que o que nós estamos



facendo, y ben facemos que estamos tendo un Ayuntamiento que da unhos servizos en términos generales de calidade, sin ter deuda ningunha, como dixen antes que é moi importante, intentamos conxelar as taxas dos servizos que realmente damos nós, e estamos dando bastantes máis do que poida pensar, do que se traduce do que ustedes dicen, moitos diles que non é competencia municipal e o estamos asumindo, y o resto pois é o que hai, é dicir, nós con relación ó ano pasado, sabemos precisamente e contamos con unhos gastos, que son gastos fixos, e o presupuesto faise con relación ó presupuesto do ano pasado; si se incrementan gastos en limpeza nalgunhas partidas, unha por supostos é para o polideportivo, outras é para o colexios y é porque realmente, noutras cousas no ano se vai vendo que fai falta incrementalos porque obviamente hai máis gastos, y o único o que se fai é axustar un presupuesto que é unha previsión de gasto para o ano 2014, con relación ó que foi gastando no 2013, y o que queda se deixa loxicamente para pequenas obras, porque non da para moito máis, por desgracia neste momento, houbo outros momentos en que se deu e se fixeron, a nós eiquí, xa se nos criticou moitas veces, non estaban ningún de ustedes tamén é verdad, nesta Corporación, cando había superávit porque non se gastaba, o sea, pensaban naquel momento os dos grupos da oposición que nunca tiña fin, e miren por donde agora chegou a crisis e afortunadamente por non haber gastado máis do que tiñamos, podemos manter os servizos cousa que están reducindo, como ustedes ben saben, en case todas as administracións, nós non os reducimos estamos incrementándoos y loxicamente é debido a eso a unha gestión coherente, que todo é mellorable, por supuesto, todo é mellorable na vida, seguramente si estiveran vostedes aquí faríano de outra maneira, pois si, pero como nos toca estar a nós, pois facémolo o mellor que podemos e o mellor que sabemos, y de momento como ata o día de hoxe como volvo reiterar, a cidadanía nos deu os parabéns, y nos dixo que o facíamos ben, y como nos dixo que o facíamos ben reiteradamente, nós estamos pois coa conciencia tranquila y vamos a seguir facendo así, entón non lle vou a entrar en pormenores, entón sería volver a empezar o presupuesto a desglosalo capítulo por capítulo, punto por punto, y ustedes saben ben perfectamente sin ningunha duda, de que cuales son as causas das partidas que ustedes, que cada un de ustedes estiveron aquí criticando y porque non se pon máis. A min gustaríame poñer moito máis para todo, para xardíns, para obras, non pagar o de SOGAMA, non pagar ó Concello de Ourense, non pagar moito máis pola luminarias, pero é que é o que hai, si non temos máis non podemos poñer máis, y xa digo, e non é tan catastrófica a situación como vostedes a pintan, porque a min desde logo moita xente cando me ve, e que ven de afora como decía antes, pois a verdade e que nos dan moitas felicitacións, poden decilo eu, poden decilo os Concelleiros, y ustedes mesmos, compañeiros de vostedes, mire, causalmente, o outro



día estivo no fútbol o Alcalde, que é un bo Alcalde por certo do BNG, o Alcalde de Pontevedra, estuvemos falando largo e tendido, y efectivamente, el mismo decía, pois efectivamente para os presupuestos que tendes pois tedes boas instalacións deportivas, pois dignas, estaba el, estou falando da impresión que levou el do Concello, porque hai que saber donde salimos, donde procedemos, e a donde chegamos. Nós fai unhos anos, éramos un Concello eminentemente rural, que non tiñamos practicamente ningún tipo de servizos, y houbo que apurarse para poder dar os servizos a según se veu crescendo a poboación, y o estuvemos conseguindo a prueba é así, porque miren voulle decir unha cousa, ustedes están facendo de algunha maneira, chamándolle á xente nova que ven a vivir para Barbadás, entre eles ustedes mesmos, que viñeron a maioría deles ou algunhos, estanlle chamando pois non sei, de algunha maneira tontos, porque da a sensación de que os que viñeron para Barbadás, viñeron para un país tercermundista, para un barrio marginal, e para un barrio donde non hai absolutamente nada y ustedes mesmos viñeron algunhos, estou falando, e se viñeron será porque algún atractivo tería este pueblo, y eso tamén hai que decilo todo, algún mérito tendrá o Ayuntamiento que foi capaz de xestionar, de que Barbadás fora crescendo y que derá de algunha maneira a posibilidade de crecer y gracias a ese crecemento que ustedes sempre tanto criticaron, podemos falar outra vez de que este presupuesto deste ano vai crecer porque o Fondo Nacional de Cooperación vai incrementarse en trescentos cincuenta mil euros, porque se está incrementando tamén a poboación, dito sea de paso, cousa insólita no noventa e nove por cen dos Concellos do rural, porque este hasta fai pouco días aínda era rural, y este Ayuntamiento ten a suerte de que crece, e ten a suerte de que lle crece o presupuesto porque aumenta o Fondo Nacional de Cooperación, y porque aumenta a poboación y esa suerte loxicamente foi promovida de algunha maneira polos equipos gestores do Concello de Barbadás que houbo hasta agora que serían bos ou malos para uns serán bos e para outros malos, pero a realidade é esa, é a que é, entonces, mire eu non teño máis que dicirlle, simplemente de que o presupuesto indudablemente cubre as necesidades fundamentais que ten o Concello, é unha previsión de gasto, seguro que podería ser millor si houbera máis diñeiro, pero como non hai máis é repartir o que hai para dar o servizo o millor posible y darlle servizos a todos os cidadanos que indudablemente hasta o de agora pois entendemos que aunque son millorables, pois non son nada, non son tan catastróficos como vostedes pintan. Ten a palabra o voceiro do BNG para rematar, porque se non lle importa o debate está feito.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, máis breve que na primeira intervención, pero permítame que poida dicir algo. Os equipos xestores do Concello de Barbadás nos últimos vinteseis anos foron moi



bos, moi bos, pero moi bos para vostedes mesmos, que se lles ve ben, que foron moi bos, desde logo souperon aproveitar o tempo que levan nas Concellerías e na Alcaldía y os orzamentos do Concello aumentan en trescentos cincuenta mil euros, gracias ás aportacións do Estado, pero xa dixen na primeira intervención que vostede non cita para nada, os cento trinta mil euros que deixamos de percibir da Xunta de Galicia, a través de subvencións e a través de participacións en tributos da Comunidade Autónoma, cento trinta mil euros que percibe menos Barbadás por aportacións da Xunta de Galicia que este ano diminúe en esa cantidade e aumentan tamén en cento vinteoito mil euros, pola suba de impostos e de taxas que vostede lle vai cobrar ós veciños deste Concello, polo tanto non é certo cando di vostede que o que aumenta o pago da recollida do lixo polo canon de SOGAMA, eses noventa e oito mil euros que nos orzamentos son setenta e oito mil euros os vai a pagar o Concello, non é certo, quen os está pagando é a cidadanía de Barbadás, que está pagando cento vinteoito mil euros máis de impostos y eses impostos en vez de ir cara materia social, cara materias, cara outras partidas que poderían sentirse beneficiados, van por exemplo para pagar o canon de SOGAMA, que vostede podía ter adicado a outras cuestións, home, o Alcalde de Pontevedra non sei se coñece en profundidade o Concello de Barbadás, nós os que vivimos eiquí si que o coñecemos, o Alcalde de Pontevedra se cadra o que viu foi as instalacións do Campo de fútbol, pero quero lembrar que se levan gastadas aí máis de quinientos mil euros, máis de quinientos mil euros nun campo de fútbol, que non ten accesos, eso é o que leva vostede feito en vinteseis anos, e ¿está vostede fachendoso da súa actuación como Alcalde de Barbadás?, ¿facer un campo de fútbol de quinientos mil euros?, bueno pois eso é o que leva vostede feito, o resto das promesas como lembrara Xosé Carlos, están sin cumprir, pero eu quero, eu veño eiquí a falar dos orzamentos, non veño a facer un debate sobre o Estado da Nación de Barbadás, e porque se cadra sería bo facelo en outra altura pero hoxe vimos a falar dos orzamentos, y eu quero lembrar que en estes orzamentos tamén están unha partida de cento sete mil quinientos dezaoto euros, adicados en gastos de persoal a as pagas do Grupo de Goberno, en concreto o señor Manuel García, Teniente de Alcalde, dous mil setecentos doce euros mensuais, catorce pagas ao ano, a señora Nieves Carril, mil douscentos tres euros mensuais, catorce pagas por unha xornada laboral de media xornada, catro horas diarias que nos din elas que traballan, cando non sabemos a pesar das moitas reiteracións preguntándolles onde cumpren o seu posto de traballo, onde están esas catro horas, porque por exemplo os meses de xullo e de agosto a Casa da Cultura de Barbadás pecha polas tardes, si pecha polas tardes onde traballan estas Concelleiras que se adican a estas áreas de goberno, polo ganan mil douscentos tres euros ó mes; a señora Consuelo Vispo tamén



outros mil douscentos tres euros, don Julio Domínguez, outros mil douscentos tres euros e doña Miriam mil trescentos cincuenta e seis euros catroces paga ó ano, Concelleiros para nada se ve cal é a súa labor, porque non hai en todos os orzamentos nin unha soa partida que saíse da imaxinación, da idea, da proposta, de algo positivo de algunha cabeza pensante do Concello de Barbadás que sexa innovador para este Concello, nin unha, y si estou equivocado díganmo vostedes, díganme Concelleiros e Concelleiras de Barbadás, que cobran por adicación a este Concello, que aportan vostedes a estes orzamentos para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Barbadás, díganme só unha idea que non sexa gasto de persoal, Seguridade Social e traballos realizados por outras empresas, porque si me van a responder que o traballo é, contratar unha compañía de monicreques para que actúen no mes de agosto no Parque do Patos, vale, si me van a dicir que innovación é contratar unha compañía para arranxar un xardín, pero claro, é que son miles e miles os euros que se adican a traballos por empresas privadas, e que nós non entendemos porque non se realizan desde o propio Concello de Barbadás, e non sabemos por que están vostedes cobrando cento sete mil euros ó ano de adicacións a este Concello, si non se ve por ningures o traballo que vostedes realizan, por ningures, porque cada vez que trouxemos unha iniciativa neste Concello demandando algunha mellora, bueno, falta o día para escoitalles a vostedes dicir algo sobre esa iniciativa, porque non participan nos Plenos, non interveñen agás unha intervención da señora Concelleira de Deportes nun Pleno, o resto do ano aínda non sabemos como falan vostedes, polo menos teñan a dignidade de defender o seu posto de traballo, de defender o seu traballo, y defendan a súa actuación política, pero é que nin sequera esa o coñecemos, nin sequera eso. O señor Alcalde polo visto non nos vai a explicar porque se suben os nove mil euros no concepto de limpeza dos centros educativos, non nolo pensa explicar, non nos pensa explicar si é certo que aumentan ou diminúen trinta mil euros o da utilización privativa de dominio público, si isto é o que se vai cobrar aos bancos, si, non nolo pensa explicar, ¿verdade que non?, moi ben. E sobre os investimentos, os investimentos realmente de investimentos, hai unha partida de douscentos oitenta e tres mil euros, porque o resto das partidas de investimentos vai, para mobiliario, para enseres, para equipos informáticos, para reparacións, para conservación, pero non é nunca investimentos realmente, non é aumento da capacidade da infraestrutura deste Concello, eu tamén quixera que o señor Alcalde, cando acabe de falar ca señora interventora, igual despois me poden explicar de donde salen estes trinta mil euros que na memoria pon que disminuyen y en realidade aumentan. Os investimentos cal é a nova obra comprometida polo Concello de Barbadás para o ano 2014, sabemos que vai arranxar con cuarenta mil euros, que moitos milagros van facer



vostedes para arranxar ás beirarrúas de Tomás Rodríguez Punxín e da rúa do Viso, bueno aí o que van facer é mandar unha placa de cemento cunha baldosa enriba, porque unha urbanización dunha rúa costa moitísimo máis diñeiro, y cando nós falamos de urbanizar unha rúa, falamos cambiar todo o sistema de rede eléctrica, de saneamentos, beirarrúas, iluminaria, rodadura, e vostedes van adicalo unicamente a pór un parche; cal é a obra nova, donde está comprometida a obra nova, non se especifica nos orzamentos a donde van adicados eses douscentos oitenta e tres mil euros, a non ser que vaian adicados aqueles sitios que lle interese o señor Alcalde de Barbadás, en función do rédito político que lle vaia tirar; a famosa farola de turno e o famoso banco de turno, como non se especifican nos orzamentos os fins desta inversión, aquel máis listo que veña por eiquí, e lle solicite ó Alcalde unha farola, un banco, o arranxo da entrada a súa finca, irá o señor Alcalde y lle o arranxará y a eso é ao que vostedes lle chaman investimento, porque non hai obra nova. Falábamos do servizo de recollida do lixo, si Xosé Carlos tes toda a razón, son moitas as iniciativas, lembro perfectamente varias do Bloque Nacionalista Galego, denunciando o incumprimento das condicións da contrata, solicitando sancións a esa empresa; y os informes, nós podemos estar esperando polo informe da Alcaldía desde hai dous anos, pero é que non facía falta, porque no pliego das condicións da contrata da recollida do lixo, recolle que a empresa presentará todos os anos, no primeiro trimestre un informe dese servizo, informe que eu teño solicitado e que nunca na vida se me entregou, porque a pesar de que ese servizo leva privatizado, sete, oito anos, nunca se presentou ese informe por parte da empresa, e nunca, nunca, nin Concelleira, nin Concelleiros, nin Alcalde lle solicitaron á empresa que cumplan y que presenten ese informe, que o ten que facer a empresa, pero claro é mellor esquecerse desas cousas. Ingresos como dicía, Impostos de bens de natureza urbana, sube en cen mil euros, temos solicitado en moitas ocasións que vostedes reduzan o tipo impositivo do cero coma cero, do cero cinco ó cero catro o que suporía un alivio a moitas familias, o IBI está subindo en Barbadás unha media dun vinte, dun trinta por cen anual, hasta un máximo dun trescentos por cen en dez anos, está recollido na memoria da Interventora, non o estou dicindo eu, hai unhos coeficientes reductores que se van a aplicar durante dez anos, o dez por cen cada ano, cada ano sube unha media dun vinte e pico trinta por cen en dez anos vai subir un trescentos por cen y á xente cando lle chega o recibo do IBI está realmente alarmada, vostedes poderían reducir o tipo impositivo, pero non queren facelo prefíren cobrar cen mil euros máis ós veciños de Barbadás, e darlle ese diñeiro a SOGAMA, ou darlle ese diñeiro á empresas que prestan servizos no Concello; taxas de recollida do lixo suben en cuarenta mil euros, a pesar de que vostede di que non vai cobrar máis pola taxa de SOGAMA, espera recaudar carenta mil euros máis pola recollida



do lixo; taxas da Escola de Música, sube nove mil euros, van vostedes incrementar as taxas da matrícula da Escola de Música, como se pode pasar de doce mil euros a vinteún mil euros en un só ano cando a Escola xa está absolutamente masificada, polo tanto non colle nova matrícula y esperamos recaudar casi o dobre, de doce mil a vinteún mil euros, sin aumentar as taxas, como van facer vostedes a quen lle van cobrar esas taxas; taxas pola piscina, cinco mil euros, eu non sei como van facer, van ter que pór turnos, para que a xente se bañe, eso é absolutamente imposible entrar en esa piscina, pois aínda pensan recaudar máis, home, si fose acompañado dun mellor servizo, si aínda fixeran outra bañera, pero é que nin eso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é que pensemos e con relación o que se recaudou

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, compensacións telefónicas, sin embargo fíxense aumentanse todas as taxas que reciben os veciños, pero sin embargo, as compensacións telefónicas redúcense en catro mil euros, pasan de vinte mil a dezaseis mil euros, os impostos que se lle cobran ás empresas que prestan servizos como son as compañías telefónicas se lles cobra menos impostos para o ano 2014, ¿por que, señor Freire?, por que se lles cobra menos ás empresas e máis ós cidadáns. Participacións en tributos do Estado, xa o dixeran, as participacións da Comunidade Autónoma, diminúe en cento trinta mil euros, en definitiva poderíamos estar falando das contas do Concello moito tempo, en todo caso, eu quero facer unha reflexión sobre o que vostede empezou dicindo sobre a crise económica, mire, crise económica non lle son as cifras macroeconómicas, non é a balanza de pagamento, nin sequera o produto interior bruto, nin a débeda pública, crise económica son os douscentos sesenta mil parados e paradas que hai en Galiza, cento trinta mil non teñen ingresos, moitos desos parados e moitas desas paradas, viven en Barbadás, vostede igual non o sabe, non sei si o sabe, pero hoxe ir a un supermercado en Barbadás, suponse atoparse con catro, cinco persoas, que están no paro, y que cho din y que cho contan, y que teñen problemas para chegar ó mes, y que non dan sacado unha familia adiante, e vostede non fai absolutamente nada por esas persoas, despois vamos debatir mocións sobre o copago farmacéutico, eu dígo porque como esto igual acaba ás cinco da tarde, pero eu creo que é miserable realmente, si un Concello non axuda á xente do Concello, axudar a pagar as medicinas, ás persoas que teñen enfermidades como cancro, como hepatites, cancro de mama, enfermidades gravísimas, e enfermidades que duran para toda unha vida, e, y que o Partido Popular lles está facendo pagar os pagamento, pois vostede señor Freire Couto, nin sequera ten a mínima humanidade, para reservar unha partida orzamentaria moi pequena para axudar á xente que ten enfermidades graves que reciben tratamentos hospitalarios-farmacéuticos, para axudarlle a pagar esas medicinas; hai seiscentas



persoas na provincia de Ourense que reciben tratamentos nos centros hospitalarios, en Barbadás, si facemos unha media aritmética, poden ser sesenta persoas, setenta persoas, poden ser unhas dúas caixas de medicamentos que se paga un máximo de catro coma vinte euros por caixa, catro coma vinte por cada caixa dispensada, son varias caixas varias, varios medicamentos, ás familias isto lle supón un sobrecoste que ás veces non van poder pagar, a pensión media en Galiza, é de seiscentos vintenove euros, é de seiscentos vintenove euros, unha pensión, a pensión por desemprego é de quinientos e pico euros, e vostedes están pensando en SOGAMA, en Matosinhos y en cousas así, isto é realmente, estes son os orzamentos de verdade para tirar ó lixo, porque non axuda para nada ós cidadáns, partidas mínimas poderían axudar, partidas para comedores escolares, para axuda social, para emerxencia, para desafiuzamentos, para escolas infantís, para garderías públicas, para medicamentos das persoas que están mal, para un comedor social, e xa está, aguantemos estes anos, miremos caro o futuro y o mellor dentro de tres anos facemos outros orzamentos, e xa está pero nin eso, nin eso señor Freire.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro, a réplica do Partido Socialista

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, señor Freire, como dixen na miña primeira intervención o emprego, o emprego é a necesidade básica, o problema básico acuciante de motísimas persoas deste Concello, igual que no resto da Provincia, da Comunidade e do Estado, vostede volve destina cero euros a esa cuestión, vostede pensa enmendar esa situación, vostede pensa traballar en futuro, porque si aprobamos estes presupostos xa evidentemente, isto queda aí escrito, pero pensa traballar para que haxa un ADL que poda fomentar o cooperativismo, que poda fomentar empresas, que poda crear oportunidades de traballo, que esté establecido en Barbadás de forma estable e continuada e non estar a expensas da Xunta de Galicia e das súas achegas, pensa gastar cartos realmente na creación de emprego mediante iniciativas innovadoras, hai algún Concelleiro ou Concelleira que adique o seu tempo o seu soldo a pensar activamente nesta problemática, non o hai, pois si o houbera e coñecera a problemática de tantos veciños e veciñas traballaría nelo e tería algunha idea que aportar, que non sexamos sempre os Concelleiros e Concelleiras da oposición, os que teñamos que aportar aquí ideas, coma as tres que lle plantexei, que hai máis, e ademais hai dous ou tres anos tamén lle plantexamos un programa de apoio ós comerciantes locais, que tampouco puxo en marcha, creo recordar que iban quince medidas, vostede nada, nin asume as propostas constructivas da oposición, nin eso, dámoslle o traballo feito, pero nin así. Fala vostede de servizos, vostede écheselle a boca falando de servizos, pero vamos a ver, transporte metropolitano digno, transporte público digno haino, non; insitituno haino, non; gardería que cubra as necesidades da veciñanza do Concello, non; presentamos a



posibilidade de que se construíra ou de que se dotara a este Concello dun PAI, nunha das edificacións rehabilitadas co Plan-E, vostedes votaron en contra; piscinas, siguen incumplindo os seus compromisos, coa propia Xunta de Galicia; Centro de Día, non se espera, felicitacións, parabéns, mire as felicitacións dallas o señor Eladio Fernández nun xornal estos días atrás, na entrevista da que falaba antes, é o único que lle da os parabéns, seguramente que ademais foi aleccionado previamente por vostede, seguramente, téñoos máis claro, ca auga, blanco e en botella, así de claro, foi aleccionado por vostede, eso está clarísimo. Vostede fai unha análise da situación deste Concello que é propia dunha persoa simple, dunha persoa moi simple, e que realmente non se corresponde a súa intelixencia, que é moi intelixente e damos fe de todo eso nós nas últimas actuacións que tivo, pero cando se trata de falar do Concello, fai un análisis simple, ramplona, se a xente que ven a vivir aquí e porque analiza as súas circunstancias persoais, non analiza soamente o que son os servizos ou ausencia de servizos, analiza a pesetiña, ou o euro, analiza que o piso, a casa, lle costa ó millor a metade menos do que lle costaba en Ourense city, entón eso medíteoo vostede, a súa análise eso, é simple, simplona, simplona. Bueno, para cando os informes do lixo, para cando, vostede antes fixo o ademán de querer falar algo cando eu interviñen, e gustaríame.

O sr. Freire toma a palabra: Contestareille cando corresponda

O sr. Valcárcel toma a palabra: Cando corresponda non señor Freire, porque corresponde facelo unha vez ó ano, entón non cando corresponda, e aquí a señora Secretaria saberá cando corresponde, entón creo que tamén ó mellor entre as súas funcións corresponderá esixirullo, ó mellor entre as súas funcións igual corresponde esixirullo, porque hai un pliego de condicións que hai que cumprir e cando unha concesión dun servizo público non cumpre coas condicións, ó millor terá que intervir, eu preguntollo despois si quere pode respostarme, e que empeza o señor Freire a pensar que somos tontos, e xa lle dixen antes que non somos tontos que sabemos ler e escribir e temos intelixencia para discernir o que se fai ben do que se fai mal, non hai ideas Xosé Manuel, non hai ideas, todas as ideas faladas de cando aportarán algunha idea aquí, non hai ideas, todas as ideas que se poñen en marcha, ou todas as iniciativas que se poñen en marcha neste Concello, son propostas ben do Bloque Nacionalista, ou ben do Grupo Socialista, entón que queremos, ou que pretendemos, nada, non poden respostar a eso. Reclamamos unha planificación do investimento que priorice as actuacións a levar a cabo, vostedes como dixen antes, ala poñen aí nun papel, unhas contías, din bueno pois xa iremos traballando conforme ás necesidades, non, para poder dar un servizo, unha atención á cidadanía, para poder resolver problemas, para poder resolver inxerencias, hai que planificar, hai que priorizar, e



vostedes non planifican, entón si destinamos setenta mil euros a parques e xardíns, sin saber a onde van adicados, o primeiro que van facer o ano que ven é solventar o primeiro problema grave que apareza, co cal todo o que todo o está en mal estado quedará pendiente e non se solventará. O Grupo Socialista presentou, ou vamos a debater agora unha moción en relación as taxas, nas que veremos que vostedes están mentindo agora mesmo, vostedes están mentindo agora mesmo, din que durante estos últimos anos non subiron as taxas, pero por favor, a quen queren mentir. Si, unha cuestión máis, falaba, acábome de acordar, de que neste Concello medrou grazas a xestión, de quen, de Mahía, de Habitarama, de López Noya, porque foron partícipes de todo eso señor Freire,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero por favor, pois serían

O sr. Valcárcel toma a palabra: No, sería non, sábeo vostede perfectamente que foi así, entón, é certo que o Concello medra, gracias a grupos, chamoulle vostede agora mesmo grupos de xestión, pois si, grupos de xestión como eses tres

O sr. Alcalde toma a palabra: Eses é outros, pois claro que si, se non invertisen eses e outros ao mellor usted nin outros non tiñan a oportunidade de ter unha a vivenda

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si, vostede seguro que o fixo para beneficiar ós veciños que querían comprar un piso na Valenzá, fíxoo por eso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, niste Concello nin noutros, si non hai inversión non hai desarrollo, non hai crecimiento

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non sería porque beneficiou a outras persoas. Resulta que vostede o fixo para beneficiar a veciños e veciñas de Barbadás, claro

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu fíxeno por suposto que si, claro evidentemente y o Equipo de Goberno e o Concello

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a someter a votación non lle vou.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non solo unha cousa que o Bloque Nacionalista Galego vota en contra y anuncia que presentará enmendadas a este orzamentos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entón vamos a someter a votación o punto este dos orzamentos. ¿Votos a favor?, Partido Popular, ¿votos en contra?, seis, en contra o BNG e o PSOE, moi ben, queda aprobado cos votos do Partido Popular



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do orzamento para o ano 2014”**

4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA DA AUGA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto, que é o punto 4, que é aprobación inicial da Modificación da taxa da auga, bueno aquí do que se trata por imperativo legal, 0,3% que é o IPC.

A sra. Interventora toma a palabra: En este caso se trae, se propone al Pleno la Modificación de la ordenanza fiscal reguladora del agua y de los vertidos y se trata de aumentar el IPC, conforme datos facilitados por el Instituto Nacional de Estadística y de acuerdo con lo recogido en en contrato con Aquagest en su momento, que bueno supone una actualización de precios según ese índice y es lo que se trae a Pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Y eso é o que hai.

O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra, a pesar de que sabemos de que é unha, digamos unha imposición dun acordo acadado entre unha empresa privada, outra vez, claro está, aquí radica todos os males; unha empresa privada na que o señor Freire Couto e o Partido Popular cedeu a xestión de todo o servizo da auga, incluso apoderándose de infraestruturas comunais que había por exemplo na parroquia de Loiro, que, ou en Bentraces que tamén o intentaron facer; abastecementos de auga que eran gratuítos en esas parroquias porque o xestionaban os propios comuneiros y que o Aquagest levados da man do señor Alcalde entrou en esas parroquias y ahora lles obrigan a entrar no sistema xeral de abastecemento e saneamento de auga do Concello, cobrándolles por esos servizos, prometéndolles infraestruturas novas, saneamentos novos, separar augas residuais de fecais, que van parellas, paralelas na tuberías y sin facer absolutamente ningunha das obras comprometidas, pois a pesar de todo iso, a pesar de aumentar o número de utentes para esta empresa, pois se permite o luxo de subirnos o o 0,3% o IPC, e se o IPC fora do 6 nos subiría o 6%, porque eiquí non hai capacidade de negociación coas empresas privadas porque estamos a servir ás empresas privadas en vez de servir ós cidadáns, por eso o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra, porque entendemos que hai moito que negociar con estas empresas para mellorar as condicións, tanto dos servizos como do que se cobra polos mesmos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.



O sr. Valcárcel toma a palabra: O grupo socialista leva desde hai anos, desde que este señor é Concelleiro, reclamando unha revisión da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa de auga, reclamándoa por dous motivos para que sexa máis xusta e para que sexa máis ecolóxica, aquí non se distingue de grandes consumidores de pequenos consumidores, non se distingue industria de particular, vostede fixo unha ordenanza que debía ser a que lle interesaba á empresa concesionaria do servizo, e aí quedou, polo tanto nós imos a votar que non, porque xa o anunciamos ademais na Comisión, porque ademais consideramos que unha moción que presentamos sobre os tributos non podemos votar doutro xeito, pero é que ademais vostede comprometeuse no seu día con este grupo aquí nunha sesión plenaria, na que debatíamos os orzamentos a revisar esa ordenanza, e non o fixo y é unha ordenanza inxusta y antiecolóxica, e ademais de eso señor Freire tal como asume o custo do servizo de SOGAMA, pois porque non asume o custo do servizo da auga, cal é o criterio que distingue o que si o Concello se faga cargo do lixo, por que en época de crise non se fai cargo deste incremento do suministro de auga, da taxa da auga, cal é o criterio, debe ser porque llo impoñen da Xunta de Galicia ou porque isto é cunha empresa privada, cal é a razón porque se fai cargo dun, e non se fai cargo doutro, pódeno explicar aquí, anunciamos voto en contra, evidentemente

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar o de SOGAMA ten que ser así, porque para o ano hai que pagalo, senón o contempla no presupuesto témolo que pagar

O sr. Valcárcel toma a palabra: Este igual, o 3% igual señor Freire

O sr. Alcalde toma a palabra: E se non hai diñeiro para pagalo pois a ver o que podía pasar

A sra. Interventora toma a palabra: Pues habría que hacer un estudio para modificar

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero o 3% igual, o 0,3% perdón, igual

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, é que, vamos a ver, si estamos pensando en que o Ayuntamiento vai a asumir todas por un lado tódalas subas, que podía facerse, por outro lado non podemos estar pedindo que invirta en parques e xardíns, que invirta en infraestruturas, que invirta en esto, o sea, teremos que ir dosificando o presupuesto, porque é que o presupuesto é o que hai

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non pedimos eso, pedimos que nos explique cal é a razón pola que distingue unha cousa da outra

O sr. Alcalde toma a palabra: A razón en principio é a que lle acabo de expresar, SOGAMA para o ano hai que contemplar esa partida, porque hai que pagalo, punto; así está claro, esto tamén o hai que pagar y se ven facendo habitualmente ca suba según o IPC, outro ano pódese cambiar a táctica, pódese subir a basura e non subir a auga, ou non subir ningunha das dúas, pero hai que facer un estudio, non



se sabe, non podemos contemplar de golpe a porrazo, o congelar unha taxa se non se sabe canto vai costar en principio, entonces bueno bien, eso é o que hai e punto, eu creo que non admite moita discusión.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non eu sólo quero lembrar que cando se privatizou o servizo a recollida do servizo de saneamento das augas e do ciclo da auga en Barbadás, que foi no ano 2008, xustamente en aquel ano, as taxas da auga e os impostos asociados a auga, subiron un 48% en Barbadás, pasando a ser por exemplo máis cara a auga en Barbadás que en Ourense, subiran un 48%, curiosamente, inmediatamente despois de subir aquelas taxas o 48%

O sr. Alcalde toma a palabra: Para nada

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, porque o debatimos en este Pleno y trouxemos os números

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostedes os número invéntanos e aí quedan e punto

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, porque son os números que traían vostedes

O sr. Alclade toma a palabra: Non é verdade

O sr. Fírvida toma a palabra: No, dígolle que si, porque os trouxemos aquí, trouxémolos aquí, e dabatímolos aquí, e o recoñeceron vostedes, eran os seus números

O sr. Alcalde toma a palabra: Non vou a discutir, porque con vostedes non se pode discutir

O sr. Fírvida toma a palabra: Da igual como se poña, pero é certo, si, subiu o 48% a auga en Barbadás no ano 2008, e unhos meses despois a comezos do 2009 privatizouse, esa é a historia da auga en este Concello

O sr. Alcalde toma a palabra: Foi polo canon da Xunta, a auga sigue sendo exactamente igual que era

O sr. Fírvida toma a palabra: E os impostos municipais, e outra cousa o de SOGAMA se paga porque queren vostedes, que se houbera unha rebelión municipal de todos os alcaldes que dentro da FEGAMP existe e se negasen a pagalo, xa vería vostede como a Xunta de Galiza cambiaba os seus criterios, o que pasa é que con alcaldes como usted, nunca na vida vai suceder eso

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno perfecto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Brevisimo, é así vostede non me contestou á pregunta que lle fixen antes, é decir, por que SOGAMA si, e a auga non, resulta que SOGAMA

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu considero que é máis intelixente do que me está demostrando, xa lle expliquei por que

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non me explicou nada



O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle expliquei por que, SOGAMA había que contemplar no presupuesto unha partida porque senón para o ano non a temos e non a podemos pagar, eso é de obrigado cumprimento, independentemente de que se discuta de si é ético, si podemos luchar para que non cobren eso é unha realidade, hai que contemplalo aí esa cantidade, podíamos tamén pensar como van facer a maioría dos Concellos incluído Ourense, subir a basura, dito sea de paso, a basura en Ourense costa cento vintecinco euros ó ano, eiquí sesenta

O sr. Valcárcel toma a palabra: E o servizo

O sr. Alcalde toma a palabra: Aunque se quixera subir a basura

O sr. Fírivida toma a palabra: Aquí costa noventa

O sr. Valcárcel toma a palabra: Exactamente, noventa e dous, nos pobos sesenta, no resto noventa e dous

O sr. Alcalde toma a palabra: Noventa non costa en ningún lado, sesenta. Bueno vamos a ver, en concreto, o que dice ela tamén sería un motivo de impugnación do presupuesto, porque se nós sabemos que SOGAMA vai cobrar ochenta mil euros máis, e non o prevemos, é motivo de impugnación do presupuesto, porque despois non temos con que pagalo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non estou preguntando eso, estou preguntando por que unha cousa si e outra non, nada máis

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pero xa llo estou decindo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Se é un criterio político, se é un criterio sentimental, porque a Xunta de Galicia lle quere moito

O sr. Alcalde toma a palabra: É un criterio político de obrigado cumprimento, vaise pagar o de SOGAMA porque é de obrigado cumprimento, si ou si, e o outro pois neste momento, non se pode facer cargo o Concello, en primeiro lugar porque non hai tempo material porque había que aprobar unha ordenanza, había que cambiar a ordenanza y eso leva un tempo, que non daría tempo material para facelo, que se pode facer no sucesivo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero vostede xa analizaron que os que SOGAMA vai dar seis millóns seiscientos mil euros o ano que ven de beneficios e non llo argumentan á Xunta de Galicia para poder rebatir eso

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, eu non lle entro nesa polémica, porque é unha polémica estéril

O sr. Valcárcel toma a palabra: É a súa polémica, a polémica que ten que ter co Conselleiro



O sr. Alcalde toma a palabra: O Conselleiro e o Director de SOGAMA tuvo unha reunión en Ourense, na cal eu asistín a esa reunión y se nos explicou os pormenores todo de esto, mira, debido a que lle sacan o plus ese que lle daban antes polo das enerxías renovables, a empresa ten un déficit, que vámolos repercutir loxicamente ós usuarios, os usuarios son os Concellos, y llo vamos a repercutir porque non queda outra, porque tal e como está concebida a empresa como SOGAMA, incluso non pode aportar á Xunta de Galicia fondos para ese déficit, non llo permite según a constitución da sociedade cando se fixo, entón, solo se pode repercutir vía usuarios, e os usuarios somos nós, ou se paga ou senón chegará un momento que non che vai deixar votar, ou haberá, ou farán algunha medida y entón témolo que pagar en punto, e que discutir desto tamén cando llo dixen antes, por favor

O sr. Valcárcel toma a palabra: Hai que discutir desto, é o que lle preocupa ós cidadanos, que noventa e oito mil euros podían ser adicados a outra cuestión

O sr. Alcalde toma a palabra: Que máis quixéramos nós,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vamos a ver, primeiro, son seis millóns seiscientos mil euros que vai dar de beneficio ó ano que ven

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso díceo usted

O sr. Valcárcel toma a palabra: No, dio os orzamentos da Xunta de Galicia, non o din ninguén máis, dio os orzamentos da Xunta de Galicia

O sr. Alcalde toma a palabra: Vólvolle a reiterar que os orzamentos é unha previsión de

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero seis millóns, son mil millóns de pesetas, son mil cen millóns de pesetas, señor Freire

O sr. Alcalde toma a palabra: Supoño que eso será que ir para amortizar, supoño que terá que ser de obrigado cumprimento, contemplar ese presuposto para amortizar seguramente as instalacións, porque eso é unha empresa, que non é algo que sea do Estado, co cual ten que ter unha partida para amortizar gastos, e amortizar as instalacións, que seguramente non lle chega á larga, por eso ten que facer números, pero bueno eso é cuestión que teñen que facer os de SOGAMA

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero repercute nos cidadanos

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós aquí, estamos votando aquí este punto, ustedes van a votar a favor, en contra, ou abstención. O PSOE. Queda aprobada polos votos do Partido Popular



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do Partido Popular e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial da Modificación da taxa da auga**”

5.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto cinco que é a modificación da ordenanza do regulamento interno da Escola Infantil Municipal de Barbadás, ten a palabra a Secretaria, decir a grandes rasgos que é unha proposta que fai a Xunta de Galicia y que tamén é de obrigado cumprimento y non require, penso eu moito debate

A sra. Secretaria toma a palabra: Antes de nada pedir disculpas porque en el informe que hizo Gloria Ceballos, la técnica, se olvidó de recoger concretamente, hizo un informe de tramitación y se olvidó de recoger lo que es la modificación en concreto, ya les he pasado una copia en el artículo 22, baixas, se añade una frase, que es la que está subrayada en negro, nestes casos, nos casos de baixa resoltas polo Alcalde ou polo órgano en quen delegue, os titores afectados terán dereito a presentar as súas alegacións oportunas, nun prazo de dez días hábiles, nada máis, esto é o que somete a Xunta, como de necesaria aprobación

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG

A sra. González toma a palabra (BNG): Chama a atención que un artigo como este, pois teñan que desde a Xunta solicitalo, porque é evidente que cando se ocasiona un prexuízo deste tipo a un tutor, un tutor ten que ter sempre a posibilidade de alegar, de facer alegacións, eso é o que nos chama a atención. Con respecto a este artigo o BNG evidentemente vai votar a favor, porque nos parece dunha lóxica aplastante. A parte deso decir que según se están modificando, se vai modificar este artigo se podían modificar outros como por exemplo no da duración de once meses, porque hasta onde sabemos a Escola infantil municipal debería estar aberta os doce meses ó ano, y como xa houbo aquí neste Pleno un debate hai unhos meses porque se pechou sin informar previamente ás familias y que ocasionou ademais graves prexuízos porque incluso viñeron familias afectadas aquí o Pleno durante o mes de agosto, que se retome o artigo donde pon que funcionará durante once meses e se poña, aproveitando que funcionará a Escola Infantil estará aberta os doce meses do ano.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.



A sra. Morenza toma a palabra: Nós tamén estamos de acordo coa postura de Ánxela, pero está claro que ó Grupo de Goberno non lle interesa manter a Escola Infantil aberta durante o mes de agosto é unha loita que pola que non nos imos rendir pero está claro que non lles interesa. Nós o que lle queremos preguntar en este punto en concreto, é que esto, para ter a ordenanza completa que imos ter que coller varios fascículos, porque son tres modificacións que se fan ó ano máis ou menos, e que nola van dar enteira, por fascículos, vamos ter outra entrega no Pleno de xaneiro, e que non nos parece normal, ou non fan ben o traballo técnico, ou non o entendemos como, temos que, cada dous Plenos, o sea, dúas veces ó ano ou tres, temos que traer modificacións da Escola Infantil Municipal

A sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, es que es así, es que nos están llegando, cuando vamos a proceder a la aprobación definitiva, viene otra revisión de la Xunta, no entendemos desde aquí porque esas revisiones no se han hecho de una sola vez, nos están llegando revisiones, no, ahora queremos que modifiquéis este artículo, nosotros simplemente cumplimos órdenes, entre comillas.

No, no ocurre nada, la aprobación definitiva de la ordenanza se producirá en algún momento, si Dios quiere, y después tendrá una copia íntegra, con todos los cambios

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien con relación ao dos doce meses, xa está establecido así coa gardería, cos pais en con todo, y neste momento non procede lógicamente

A sra. González toma a palabra: É máis importante penso eu, regular eso definitivamente, y que non nos volvamos levar unha sorpresa como a que nos levamos o ano pasado, este curso en agosto y se regule as vacacións a turnos, os empregados públicos da gardería, que non as familias a finais de xullo, teñan que vir ó Pleno a protestar polo que fixeron

O sr. Alcalde toma a palabra: Non as familias agora xa o saben

A sra. González toma a palabra: Porque os traicionaron pola espalda e despois ubicáronos algúns na Casa da Xuventude y non sei tendo a idade que teñen que ter para estar na Casa da Xuventude, no mes de agosto, tenían la edad, cumplíanos ese ano, non sei, non sei si bordeastes un pouquiño a legalidade aí tamén, pero bueno é igual xa estades acostumbrados a bordear a legalidade

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver en todo caso xa sondeamos esa posibilidade, está a Concelleira que o pode decir, nós sondeamos cos pais si

A sra. González toma a palabra: O que pasa é que non é solución, darlle solución a tres familias, é decir, aquí ten que haber algo máis consistente e máis coherente, e que son algo chafalleiros

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, nós reconsideramos esa posibilidade, que quede claro, a Concelleira e eu o falamos varias veces y ela falou loxicamente cos pais que están hoxe no colexio,



por suposto cos profesores y á larga parece que o problema está, pois xa consensuado y bueno si fora necesario noutro momento faríase, ó día de hoxe parece que está consensuado y que non é necesario, co cual vámolos aprobar así

A sra. González toma a palabra: Consensuado como

O sr. Alcalde toma a palabra: Cos pais

A sra. González toma a palabra: Pero en que, en que sentido, nos once meses

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si

A sra. González toma a palabra: O sea que no mes de agosto non hai gardería, vai a estar pechada, y entonces que os vades levar a Casa da Xuventude, co ben que os cuidan na Casa da Xuventude, porque direivos que eu vin cos meus ollos na Casa da Xuventude a varios nenos no parque da Solaina que está moi mal, en moi malas condicións, vin como un neno collía un bloque, un cacho dun bloque para tirarllo a outro neno y eu que estaba alí de casualidad, fun eu a que lle retirei a pedra, é decir, os monitores tamén lle pode dar un tirón de orellas, porque moitas veces están alí os nenos solos y os monitores dentro, e así volo digo de claro

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a Concelleira que lle quere contestar

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Ánxela, os nenos que está fóra no parque, está baixo a vixilancia dos seus pais

A sra. González toma a palabra: No, cando un pai deixa as nove da mañá, ou á hora que abra a Casa da Xuventude

A sra. Vispo toma a palabra: Te refíres o vrao

A sra. González toma a palabra: Si, no verán, a Casa da Xuventude, alí e se vai a traballar, o que non poden é estar os nenos fóra, no parque da Solaina fóra solos sin vixilancia, continuada, eso lo vi yo, Chelo, si queres reúnes os monitores y se lo comentas, y lo vi yo, con mis ojos, non che poden decir nin o día nin a hora exacta, porque non o lembro, pero eso lo vi yo con mis propios ojos, é máis sei de pais que se queixan porque unha vez viron, bueno non quero falar agora máis no Pleno

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, pois entón vamos a someter a votación este punto, votos a favor, unanimidad.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación inicial da Modificación do Regulamento interno da Escola Infantil Municipal de Barbadás”



6.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA QUE O CONCELLO DE BARBADÁS NON AUMENTE NO EXERCICIO 2014 AS TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E DEMAIS TRIBUTOS LOCAIS, FACILITE O FRACCIONAMENTO E BONIFIQUE A DOMICILIACIÓN BANCARIA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 6 que é unha moción do Partido Socialista para que o Concello de Barbadás non aumente no exercicio 2014, as taxas, prezos públicos e os seus tributos. Ten a palabra a súa voceira, ou o seu voceiro.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben sr. Freire, esta moción debía de ir antes dos orzamentos, debatirse antes dos orzamentos para que vostedes quedaran bastante en evidencia. En primer lugar vai vencellada ó apoio ós emprendedores e o apoio á creación do emprego, e en segundo lugar vai vencellada tamén ó que é a situación económica de cada un dos veciños de Barbadás que pode estar afectada pola crise económica, e aquí vai quedar en evidencia que todo o que vostede di non é certo. Pois ben, a brutal crise económica e as duras políticas de austeridade e de recortes en tódolos ámbitos propiciados por todas as administracións gobernadas polo PP están deixando unha dramática e longa pegada nas clases sociais máis desfavorecidas.

Estamos a falar de pensionistas, estudantes, parados, mulleres e agora tamén dos enfermos crónicos. Actualmente non hai ningún colectivo importante que non sufra dun ou de outro xeito as dentelladas da crise.

O goberno do PP en Barbadás encabezado polo Sr. Freire leva anos despreocupándose dos problemas reais da veciñanza e aplica políticas económicas que en lugar de mitigar as consecuencias da crise máis ben contribúen a agravala.

Ano sí e ano tamén, as diversas taxas, impostos e prezos públicos experimentan un importante incremento mentres que os ingresos da veciñanza minguan de xeito continuado.

Sistematicamente son recortados servizos, como foi o caso do peche no mes de agosto da gardería municipal, que agora acabamos de mencionar. Estes recortes sumados ós fomentados polo Goberno Central e pola Xunta de Galicia supoñen que os nosos conveciños sexan realmente os grandes sufridores da crise. O Grupo Municipal Socialista considera que estamos diante dun círculo vicioso: unha ecuación maquiavélica que ten como resultado final o empobrecemento continuado da nosa veciñanza. Unha ecuación con diversas variables pero nas que destacan sobremaneira a suba de impostos e o recorte en prestacións e en dereitos sociais. No Partido Socialista de Barbadás estamos convencidos de que desde a administración local si se poden arbitrar políticas que rachen con este



círculo de debilitamento da nosa cidadanía. Eu volvo a insistir, para poder arbitrar políticas hai que porse a traballar, hai que amortizar o soldo que se gana, hai que sentarse a pensar e a falar ca xente, tamén con xente con persoas técnicos especializados en determinadas cuestións o mirar simplemente as actuacións de outros Concellos, e voulle mencionar unha o Concello de Vilanova de Arousa, ten un banco público que funciona para conceder préstamos a pequenos empresarios e a novos emprendedores, é un Concello máis pequeno de Barbadás, este era un dos apuntes que podía engadir no debate dos orzamentos, pero vostedes sentados acóndanse aí na mesa e o sueldo que veña o peto e nada máis, pero nin buscan en internet, con eso en moitas ocasións xa se consiguen ideas novas para implantar nun Concello como o noso. No PSdeG estamos convencidos de que desde a administración local, como decía antes, se poden arbitrar políticas que rachen con este círculo de debilitamento da nosa cidadanía. Pola contra, o goberno de Barbadás encabezado por vostede, adoptou desde o inicio desta lexislatura unha serie de medidas fiscais totalmente lesivas para a cidadanía e que ocultou deliberadamente no seu programa electoral, que antes utilicei. É importante facer un relatorio para lembrar como se incrementou a presión fiscal nos últimos anos sobre a veciñanza de Barbadás, pero especialmente nesta última lexislatura: Nos últimos 6 anos o IBI subiu un 206% de promedio a pesar das propostas socialistas para reducir o tipo impositivo, tamén do Bloque Nacionalista. Estas propostas sempre foron rexeitadas por Freire e o PP. O servizo de recollida de lixo experimentou un incremento no 2012, o 2012 ahi dous anos, non é tan lonxe, dun 90% nas localidades con recollida diaria e dun 43% onde non se fai diariamente. Para o comercio a suba media foi tamén dun 90% , e vostedes negan que haxa un incremento da presión fiscal. A hostalaría tamén sufriu enormemente as consecuencias da política recadatoria do Sr. Freire, xa que a antes citada taxa pola recollida de lixo experimentou un aumento do 150%. Pero non contento con isto tamén no 2012 se revisou a taxa por mesas e veladores para estes establecementos incrementándose nun 65%, e tamén no 2012 as taxas da Escola de Música de Barbadás incrementouse nun abusivo 85%. No curso 2011-2012 as taxas das escolas deportivas subiron entre un 60% (fútbol e baloncesto) e un 100% (ximnasia, atletismo, kung-fu e xadrez). E no mesmo curso, o servizo “Bos días cole” deixou de ser gratuíto para ter que pagar 90 € por curso. Ó mesmo tempo tamén desaparece a gratuidade das actividades extraescolares. Todas estas medidas que vostedes adoptaron aparte de incrementar o que é a recadación do Concello, das arcas públicas, menguan como decía antes a situación de crise, ou aumenta a situación de crise de todos os cidadáns deste Concello, polo tanto vostedes con isto non están facendo ningún tipo de política social, pola contra está perxudicando ós cidadáns. Unha das medidas construtivas que propón



o PSdeG de Barbadás pasa por non incrementar e, polo tanto, conxelar ó longo do ano 2014, a proposta pode ser para máis anos si a crise prosigue, a totalidade das taxas, prezos públicos e impostos no ámbito do Concello de Barbadás. De este xeito a veciñanza pagará en tódolos recibos a mesma contía que no ano 2013. Evidentemente nós preferiríamos que baixara pero sabemos que eso non vai ser posible, entre outras cousas porque vostedes, non queren que foron quen aplicaron estas taxas. No Grupo Municipal Socialista de Barbadás cremos firmemente que esta sería unha medida fundamental para mitigar as consecuencias da crise nos petos dos nosos conveciños e conveciñas. Outra medida importante sería a ampliación extraordinaria do período voluntario de cobranza. Tamén reclamamos a posibilidade de fraccionar o pago das taxas municipais e incluso aplicar unha redución da contía no caso de proceder á domiciliación bancaria. Por todo o anteriormente exposto, pretendemos que este Concello este Pleno aprobe as seguintes propostas:

Non incrementar no exercicio 2014 ningún tipo de taxa, tributo ou prezo público que sexa xestionado polo Concello de Barbadás.

Non aplicar o incremento do IPC ó servizo de subministración de auga potable e ó servizo de vertido de augas residuais, evidentemente isto non nos van a votar a favor porque xa acaban de subir a taxa da auga, nun 0,3%, pero seguimos porque esta é a nosa proposta e pretendemos que se leve adiante, non aplicar o incremento do IPC, ó servizo de subministración da auga potable, ou servizo vertido de augas residuais. Reducir o tipo impositivo aplicado ó Imposto de Bens Inmóbiles. Ofrecer a posibilidade de fraccionar o pago de taxas e impostos. Aplicar unha redución da contía do tributo no caso de proceder á domiciliación bancaria. Estudar a aplicación de exencións en taxas de escolas deportivas, de música, etc naqueles casos de familias con dificultades económicas para evitar a exclusión social e favorecer a integración. E con isto refírome non estudar caso a caso, que é o que vostedes sempre din que van a facer, sinón que me refiro a que conste, nunha ordenanza, cales son as circunstancias nas que unha familia, un matrimonio, unha persoa individual, se poda acoller a este tipo de exencións e bonificacións, vostedes están actuando conforme se actuaba no estado franquista, é dicir, mediante unha beneficiencia, pasaron os tempos da beneficiencia, a xente, os veciños, pretenden servizos sociais acaídos a súas circunstancias económicas, non beneficiencia, que conste, detidamente, detalladamente, unha ordenanza, como se van a aplicar esas subvencións e como se van a administrar, esa é a nosa proposta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do BNG



O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego vai a votar a favor desta moción do Partido Socialista en todos os seus puntos, porque a nós o que nos parece esta moción é unha recopilación de iniciativas que xa se veñen traído a este Pleno en moitísimas ocasións anteriores polo Bloque Nacionalista Galego, en todas as ocasións y tamén polo Partido Socialista, polo tanto creo que esto é digamos unha amalgama de iniciativas levadas adiante en canto a materia tributaria. Eu quero lembrar que cada vez que se incrementa un impostos como pasou co da auga, as taxas municipais deportivas, escolares, as taxas da recollida do lixo, as taxas deportivas, todo isto o Bloque Nacionalista Galego ten presentado iniciativas e enmendas a esas modificacións, no que debatimos precisamente o que Xosé Carlos acaba de detallar por pór un exemplo, o imposto de Bens Inmóveis, que este ano sube en cen mil euros y que vai seguir subindo durante, hasta o ano 2018, porque empezou no 2008, un trinta por cen, pois reducindo o tipo impositivo, se conseguiría reducir porque ademais eso é unha competencia local, co cual non hai ningún pretexto para non facelo, se conseguiría reducir por unha banda a carga impositiva ós cidadáns, pero por outra banda o Concello vai seguir cobrando máis, vai cobrar máis porque a revalorización que fixo a Axencia Tributaria, a catastral pois hai que aplicala, co cual o Concello ía a recadar igual impostos, o mesmo pasa co resto dos apuntes que recolle esta moción coa que nós concordamos, que se debería conxelar, cando menos momentaneamente, eu xa non digo si sempre, pero si momentaneamente nestes anos que ademais son os peores anos da crise, cando a xente máis a está sufrindo, así que estes anos si que se deberían conxelar todas estas taxas é prezos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver en primeiro lugar xa o dixo usted, está fóra de lugar porque están feitos os presupostos, conxelar as taxas para o 2014, neste momento xa non é posible, eso empezando por aí. En segundo lugar o do fraccionamento, mire, todo é tema a estudar, hai que pensar que si fraccionarmos ó que é os recibos probablemente, neste caso a Deputación que nos cobra por facturar, pois nos vai cobrar en vez de cento cuarenta pois nos cobrará cento noventa ou douscentos, porque hai que facer dúas veces notificacións, hai que facer dúas veces recibos, bueno todas estas historias, entónces ó día de hoxe, ningunha das dúas cousas é factible, de cara ó futuro pois non lle oculto que de cara ó futuro estamos estudando a posibilidade para o ano de baixar loxicamente o que o IBI, en vez de ser o 0,4 ó 0,3 posiblemente, pero é o único, y si baixamos o IBI que todo o mundo practicamente paga IBI, pois xa lle estamos baixando os impostos a todo o mundo, porque obviamente non podemos por un lado pedir que se baixen impostos e por outro lado dicir que



se aumenten servizos, ou que se manteñan, cuando de feito non é compatible unha cousa ca outra, pero bueno nós en principio vamos a votar en contra, polo exposto anteriormente

O sr. Valcárcel toma a palabra: Quería facer unha segunda intervención, mire señor Freire, é certo que despois de votados os orzamentos, a moción non ten moito sentido, pero tamén é certo que esta moción foi presentada o sete de outubro, cando vostedes aínda non empezaran a traballar nos orzamentos, polo tanto se houbera unha vontade política de levar a cabo esta moción e esta política económica, houberan podido facelo, non se escuden en que os orzamentos están votados e aprobados inicialmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é que nos escudemos, porque é certo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, pero é un argumento que vostede está utilizando, pero si vostede tivera vontade política de querer levar a cabo unha política de apoio, unha política tributaria de apoio ós cidadáns deste Concello ás economías domésticas e ós autónomos, houbera collido esta moción e a houbera utilizado, pero como non hai esa vontade, non a colleu, e aparouna, aí quedou, e agora ven co argumento de veremos ó ano que ven, e a historia de tódolos anos, veremos o ano que ven, ó mellor ó ano que ven si que fai certas cousas, porque ó seguinte hai eleccións, home, claro, que vostede non se chupa o dedo, e nós tampouco. Si a súa actuación sistematicamente ten un obxectivo único o de gañar unhas eleccións, non o de atender aos cidadáns, pero volvendo á moción, insisto foi presentada o sete de outubro, poderíana haber utilizado perfectamente, como dixen eu sempre van a remolque do que presenta a oposición, e despois utilízano cando lles convén, fraccionamento, o fraccionamento poderíase levar a cabo perfectamente se houbera un servizo de recadación propio neste Concello, pero como non lles interesa, non queren ou queren seguirlle pagando máis de cen mil euros á Deputación tódolos anos, pois poñen a traba de que a Deputación nos cobraría máis, señor Freire aquí os dous grupos xa lle instamos en reiteradas ocasións a que analizara, nós a que analizara a creación dun servizo propio de recadación, bueno pois en que redunda ese servizo propio de recadación, bueno pois entre outras cousas en favorecer os intereses da veciñanza, en favorecelos, cousa que ao mellor a Deputación si nos cobra máis por fraccionar os recibos non o vai facer, segundo, segunda apreciación, o IBI, pois o IBI aínda que baixemos a cuota, o importe perdón, resulta que se vai a incrementar polo valor catastral que sube ano a ano, e tamén porque ano a ano hai máis fincas, que están suxeitas ó tributo, pois non me veña con eses argumentos porque non son certos, entón isto pódese aplicar, e si vostede volvo a insistir tivera vontade política houberao aplicado ós orzamentos



O sr. Alcalde toma a palabra: Xa, pero como pode comprender a política que temos, non é precisamente o que dice o PSOE

O sr. Valcárcel toma a palabra: Claro que non é, no, pero si é razonable e de sentido común debería facelo

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción

O sr. Fírvida toma a palabra: Non é posible porque están os orzamentos aprobados, mentira, mentira, mentira. Primeiro non están os orzamentos aprobados, hoxe veu ó Pleno a aprobación inicial dos orzamentos, o Bloque Nacionalista Galego vai presentar enmendadas, imaxino que o Partido Socialista tamén, pódense mudar; segundo, non se poden cambiar, mentira, mentira, si que se pode cambiar cando se presentaron todas as taxas o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións, non se quixeron aprobar, entón non o fan porque non queren; fraccionamento do pago da Deputación, xa o dixo Xosé Carlos, xa o temos dito cincuenta mil veces, cento cuarenta mil euros que lle costa a este Concello ter os impostos delegados na Deputación, e por enriba non temos capacidade de xestión sobre os mesmos, é que a culpa é da Deputación, que nolos cobra, e nós non podemos non temos cuestión, claro, vostede xa lle cede incluso autonomía municipal, cédelle os cuartos e autonomía, para que o queremos que veña para aquí o Baltar, total; e despois o IBI, señor Freire o IBI só o pagan os propietarios de vivendas, vostede non lle fai ningún regalo á cidadanía de Barbadás reducindo unicamente o imposto do IBI, faise ese regalo a vostede mesmo que é propietario de moitas vivendas en este Concello e de baixos moi grandes con un valor catastral moi grande, vostede e o Tenente de Alcalde, se reduce o IBI e non reduce o resto dos impostos estase facendo un favor a vostede mesmo, non nos venda a moto

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben pois entón votos a favor da moción

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostedes pagan os recibos de Barbadás

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro que pagamos, supoño que como vostede

O sr. Valcárcel toma a palabra: Queda en cuestión cuando non saben o prezo do lixo

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción, votos en contra

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **“Moción do PSdeG-PSOE para que o Concello de Barbadás non aumente no exercicio 2014 as taxas, prezos públicos e demais tributos locais, facilite o fraccionamento e bonifique a domiciliación bancaria”**



7- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O REPAGO FARMACÉUTICO HOSPITALARIO PARA PATOLOXÍAS DE GRAVIDADE E CRONICIDADE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Sanidade pública está sendo atacada dende tódolas fronte polas políticas restritivas e dilapidadoras de dereitos dos cidadáns por parte do PP.

O Real Decreto-lei 16/2012, de 20 de abril de medidas urxentes para a Sostenibilidade do Sistema Nacional de Saúde foi só o pistoletazo de saída para xustificar os recortes en contra dos doentes.

Unha das medidas máis devastadoras é a obrigatoriedade de cofinanciar unha boa parte do custe dos medicamentos polos pensionistas (10-20 % en función da renda).

Á introducción do repagamento, hai que engadir a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados.

Estas medidas rachan o equilibrio das economías máis fráxiles, fundamentalmente as dos xubilados coas pensión máis baixas.

Deste xeito as políticas antisociais de Rajoy e Feijóo están a deteriorar a calidade de vida da veciñanza e contribúe a empeorar as desigualdades sociais.

Ha que ter en conta ademais a crúa realidade de Galicia e de Ourense:

Os salarios e as pensións son os máis baixos de España.

Os concellos Galegos teñen un alto índice de poboación emvellecida.

Hai, polo tanto, máis pensionistas e máis enfermos crónicos.

Esta situación provoca que a galega sexa a poboación máis afectada polas medidas do Decreto de 2012 porque tanto os doentes crónicos coma os pensionistas son os que consumen máis medicamentos.

Os pensionistas, ademais dos medicamentos, teñen que facer fronte ás subas do IVE, do IRPF, da auga, da electricidade, da taxa do lixo, do transporte. E todo con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Este tipo de medidas que atacan a base do Estado de Benestar non están reducindo o gasto farmacéutico, senón que aumentou tanto para pensionistas como para enfermos e cidadáns en xeral.

Unha Resolución de 10 de setembro de 2013 (Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia) modifica as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais. Implántanse a partir de agora (en Galicia está previsto poñelo en marcha en xaneiro) o REPAGO dos usuarios.



O paciente terá que aboar o 10 % do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria, ata un máximo de 4,2 € por envase. Isto supón un novo imposto para a cidadanía nun contexto de crise e perda de recurso. Un escenario moi alentador para os enfermos.

Esta medida pretende impoñer o pagamento de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade para: cancro de mama avanzado, cancro de ril avanzado, tratamento de tumores cerebrais, leucemia mieloide crónica, artrite reumatoide, dexeneración macular ou hepatite C, entre outras doenzas.

A postura contraria a estas medidas xa a manifestaron asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios, consumidores, a Asociación de Farmacéuticos Hospitalarios, etc. Algunhas comunidades autónomas xa anunciaron que non van aplicar esta resolución porque non están de acordo, porque non teñen infraestrutura para levalo a cabo e algunha (Castela e León, gobernada polo PP) pide a súa derogación. Son de distinta cor política: Asturias, Andalucía, Aragón, Baleares, Canarias, Cataluña, Euskadi, Murcia ou Navarra.

En Galicia Feijóo xa ten anunciado que vai comezar a aplicar a medida en xaneiro. Non cuestionou a medida, non se opuxo a pesar de saber o prexudicial que será para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que resultará dende o punto de vista económico. Hai que ter en conta que o aforro estimado do copago farmacolóxico ronda os 300.000 euros. Non se ten en conta, sen embargo, o gasto que suporá adaptar o sistema administrativo das farmacias hospitalarias para facturar os medicamentos.

Outro factor a ter en conta ante esta medida cruel, miserable e mezquina é que moitos alcaldes de tódolos partidos xa se posicionaron nos seus concellos en contra e decidiron asumir unha competencia que é da Xunta de Galicia. Isto mermará aínda máis a capacidade económica das administracións locais e pon de manifesto a incompetencia do goberno do PP na Xunta á hora de apoiar ós que máis o precisan.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Que o Concello de Barbadás esixa á Xunta a non aplicación en Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria hospitalaria de medicamentos para o tratamento de graves patoloxías e doenzas crónicas.
- Instar á Xunta a demandar do Goberno Central a retirada da citada resolución.



- Afrontar este recorte, en caso de facerse efectivo , habilitando un fondo de emerxencia destinado a sufragar o repagamento dos fármacos para os enfermos crónicos e con enfermidades graves para os veciños de Barbadás afectados.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A seguinte moción do Partido Socialista sobre o repago farmacéutico hospitalario, que ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira. Se vos parece ben debatímolas independentemente que despois se voten por separado. Entónces son a 7 a 8 e a 9

A sra. Secretaria toma a palabra: La 7, la 8 y la 9, entonces se debate conjuntamente, después se vota la moción del PSOE, sobre el repago, la moción del PSOE sobre cirugía pediátrica y después la moción del BNG completa

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra primeiro a voceira do PSOE para a 7

A sra. Morenza toma a palabra: Todos coñecemos moi ben o tema, sabemos que o pago do 10% dos medicamentos de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria supón un novo imposto, encuberto pero é un novo imposto, neste caso para os enfermos crónicos, esta é unha medida cruel e non nos cansamos de decilo, cruel, mezquina e miserable, preténdese impoñer o pagamento de cento cincuenta e sete presentacións farmacolóxicas, duns cincuenta medicamentos para patoloxías de gravidade e cronicidade, cancro de mama, de ril, tumores cerebrais, leucemia, artrite, dexeneración macular ou hepatite C, son contrarios a esta medida asociacións de pacientes, profesionais sanitarios, consumidores, a Asociación de Farmacéuticos Hospitalarios e os cento vintecinco colectivos, aglutinados baixo a denominación iniciativa galega pola gratuidade da sanidade. Os Concellos que son a administración máis cercana ó cidadán, e os responsables políticos, así como a maioría dos concelleiros e concelleiras ó longo e ancho de toda Galicia son solidarios con este dramático asunto non sabemos si aquí os Concelleiros do PP o son, polo menos os da oposición si o somos. Máis de trinta Concellos en toda a Comunidade Autónoma de tódalas ideoloxías, xa anunciaron que asumirán o custo do repago farmacolóxico hospitalario, algúns destes Concellos están gobernados polo Partido Popular, e xa se manifestaron en contra, Vilanova de Arousa, Boborás e Cerdido. O Alcalde de Barbadás xa anticipou que vais seguir as directrices do xefe de filas en Ourense, o señor Baltar Blanco, e que non se sairá do redil da boina para apoiar habilitando unha partida de emerxencia social, para afrontar estes gastos farmacolóxicos, a iniciativa dos grupos da oposición; xa sabemos señor Freire, que vostede é moi obediente coas directrices do seu partido, cando lle convén. O que non acabamos de entender é porque non apoia a moción en contra do repago farmacéutico e si a da cirugía pediátrica, son problemas que nos afectan a moitos cidadáns, e cústanos assimilar a coincidencia que



supón asumir a suma de SOGAMA, do que xa faloron de abondo os meus compañeiros para 2014, cando se trata do ano previo ás eleccións municipais, ó millor trátase deso dunha estratexia, pero axudar ós enfermos crónicos sería un compromiso demasiado complicado para un Alcalde e uns membros do Equipo de Goberno, que demostra que con este tipo de actitudes, unha total falta de solidariedade, contra os máis débiles, e non lle pedimos moito, pedímoslle que inste á Xunta o acordo que lerei o final o Concello de Barbadás instará á Xunta a non aplicación en Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria hospitalaria de medicamentos para o tratamento de graves patoloxías e doenzas crónicas, e instar á Xunta a demandar do Goberno Central a retirada da citada resolución. Pero anticipándonos a que vostedes non iban apoiar esta proposta, porque xa o ten anunciado e é así como están votando os do sector da boina na provincia de Ourense, menos o Alcalde de Boborás, propoñémoslle unha posibilidade no terceiro punto de afrontar este recorte, en caso de facerse efectivo, habilitando un fondo de emerxencia destinado a sufragar o repagamento dos fármacos para os enfermos crónicos e con enfermidades graves para os veciños de Barbadás afectados. Anticipámonos que probablemente vostede non vote a favor tampouco, nin deste punto siquera. Vostedes señores do PP gobernan con man de ferro, e non lles importa que un pensionista que cobra novecentos euros como moito, que como ben decía antes o compañeiro Fírvida a media é de seiscientos vintenove euros, teña que pagar o 10% das medicinas, non se sinten solidarios cos emigrantes retornados que teñen que afrontar multas millonarias para política da gadaña de Rajoy, non lle interesa que as familias se vexan afogadas para poder pagar o comedor, non lles interesa que as unidades familiares teñan que pagar agora as medicinas, pensionistas teñan que pagar o 10%, pero que lles interesa a vostedes, vostedes saben o significado da palabra solidariedade, e sen abandonar o ámbito solidario, temos que prepararnos para outra oleada de medidas restrictivas, como é o copago de elementos ortoprotésicos e de alimentación ou nutrición enteiral, e tamén podemos, temos que ir acostumándonos que Ourense será outra vez experimento das políticas privatizadoras de Feijóo, porque existe a previsión de que o servizo de cancro do Hospital de Ourense será piloto na introdución dun sistema que enmascara ó público a través de unidades xestión clínica, en suma, recortes a cambio de incentivos salariais supoño que o señor Alcalde como é médico sabe moito destes temas, recortes a cambio de incentivos salariais ós profesionais a través de fundacións e consorcios, un dos primeiros lugares porque xa se fixo en Ferrol algo parecido, un dos primeiros lugares vai ser o Hospital de Ourense. En Galicia son vostedes moi ben mandados, estas medidas que se van aplicando sen presa e sen pausa, son levadas a cabo escrupulosamente e todo por unhas migallas, como é o caso do repago



farmacéutico cuxo aforro non supera os trescentos mil euros, trescentos mil euros para todos os enfermos de Galicia, como decía o compañeiro Fírvida ó mellor en Barbadás poden ser unha media de sesenta persoas e vostede négalle eso, ós veciños de Barbadás afectados, persoas que están enfermas, moitas delas condenadas á morte, por exemplo ás persoas que teñen tumores cerebrais, eso é o que fan vostedes, sen contar co gasto que xenerará adaptar o sistema administrativo das farmacias hospitalarias para facturar os medicamentos. Deberían vostedes tomar exemplo de outras comunidades que xa anunciaron que non van a aplicar esta resolución do 10 de setembro de 2013, como son Castela e León, gobernada polo Partido Popular, Asturias, Andalucía, Aragón, Baleares, Cataluña, Euskadi, Murcia ou Navarra, non tan sexan obedientes para os que lles convén e pensen nas vítimas dos recortes, bueno os acordos xa os leín antes, non vou redundar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Fírvida toma a palabra: Creo que a intervención de Victoria deixa ben á clara cal é o problema que existe co copago farmacéutico, xa ela o explicou perfectamente. Eu só quero redundar en un par de cousas, unha delas, sufríronse moitos recortes en todo o Estado Español, pola crise económica de todo tipo, de prestacións de desemprego, pensións, recortes en sanidade, recortes en prestacións, recortes na Lei de dependencia, no ensino público, pero desde logo o que decía o Partido Popular na campaña electoral non traspasar liñas vermellas, pois estanse traspasando liñas vermellas que se poden considerar da máis básica humanidade nunha sociedade, que son os medicamentos para as persoas que están enfermas. Este copago ven a engadirse a un que xa se aplica desde setembro do ano pasado, desde setembro do ano 2012, polo que catrocentas dezasete medicinas pasaron de estar fóra do sistema de catálogo da Seguridade Social e pasaron a ser de pago; moitos destes medicamentos as compañías farmacéuticas se aproveitaron que estaban fóra do sistema da Seguridade Social para multiplicar por tres, por catro, incluso por dez veces o prezo dese medicamento encarecéndoos motísimo, medicamentos por certo que tamén por primeira vez teñen que pagar os pensionistas, que antes lle eran gratis, y a partir de setembro do ano pasado teñen que pagar, pero neste caso o asunto é moito máis grave, pero o que se está é dando pasos, xa o dixo a Ministra Mato, non hai un interés recaudador, non hai un interés de que a xente deixe de ir ao hospitais, posto que se trata de enfermidades graves de xente que está enferma todos os días do ano, non é como no caso dos outros medicamentos, que bueno poden ser varices, psoriasis, hemorroides, antidiarréicos, estreñimento, pero isto é para xente que está enferma todos os días do ano e todos os anos que lles quedan y son como dicía Victoria, as pensións medias o que marcan é unha media aritmética, pero para que a pensión



media de Galiza sexa de seiscentos noventa euros quere decir que haberá un señor que gañe tres mil, y haberá dez señores que gañen trescentos, esa é a historia deste País, que por cada un que gana tres mil, dez gañan trescentos y esas persoas son as que non dan pagado os medicamentos, e non son tantas, non son tantas, pero esas, hai que axudarlles, e que como pode ser, señor Freire Couto vostede é médico sabe o que é o afinitor, sabe o que é o **tiber**, sabe o que é o votrient, o temoral, vostede sabe o que é eso, sabe que cura esas medicinas, vostede o sabe, bueno eu tamén de verdade, quero facerlles unha pregunta ás Concelleiras e Concelleiros do Partido Popular, o señor Freire Couto sabemos moi ben a que directrices responde, xa o coñecemos todos, tamén sabemos o beneficio que tira deso, é coñecido, non podemos pornos unha venda nos ollos, o seu patrimonio hoxe en día xa o sabe todo o mundo, eu vos pregunta a vós, si estades dispostos a apoiar co voso voto, unha medida tan inhumana como esa, e despois explicarlle ós vosos familiares, que apoiastes co voso voto, que unha persoa con cancro de mama, unha muller, unha persoa con cancro de ril, con hepatitis C, con tumores malignos, con esclerose múltiple, con dexeneración muscular, que vaia a un centro hospitalario e que lle cobren catro euros vinte por cada dispensación de cada caixa, catro euros vinte digo porque o 10% do valor dos medicamentos, pero os medicamentos moitos pasan de cen euros, co cual o 10 % alá vai, y por cada caixa, y por cada día, sin contar medidas de hixiene, que si pañales, que si cremas para as queimaduras que crea por exemplo a radioterapia, ou a quimioterapia, trasladados en ambulancia de enfermos non urxentes que tamén hai que pagar, todo iso. Bueno eu quero saber, si hoxe estades, sodes conscientes que vades amparar a un Alcalde, que só, como dicía Victoria, que só responde a directrices políticas, única e exclusivamente, é unha vergonza ademais que vostede sexa médico en este caso vote en contra desta medida, é unha vergonza, eu non sei si teñen un código deontolóxico médico, me imaxino que o terán, y supoño que vostede xuraría encima dese código, e non sei o que terán feito por ese código, pero que un médico, diga, que hai que cobrarlle os enfermos de cancro nun hospital, é do máis inhumano, e do máis indigno que teño visto na miña vida.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar, dicir dúas cousas fundamentais, primeira: que nós como dixen na Comisión Informativa, non nos vamos comprometer a pagar directamente o que sea este medicamento, pero si indirectamente vía servizos sociais, a todas aquelas persoas que o necesiten, porque loxicamente como todo na vida haberá xente que poda pagar esto e xente que non o poda pagar; nós toda aquela persoa que non o poda pagar por motivos económicos, vía servizos sociais nos comprometemos a pagarllo, vía servizos sociais, aquela que non teña medios para poder pagalo,



dicindo, que usted tamén o acaba de expresar, que estamos falando de catro euros máximo, que non é decir o 10%

O sr. Fírvida toma a palabra: Catro vinte por caixa, pero un enfermo ten que tomar ó mellor catorce caixas, y varias veces ó mes

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois nós todas aquelas persoas que o demostren que non teñen medios para poder pagar eso, comprometémonos eiquí publicamente a pagarllo vía asistente social, por suposto previo informe social, eso por un lado. Por outro lado, decirlle que esto é un decreto, como se dixo xa o outro día na Deputación, y llo dixo a usted que alí tamén defendeu esta moción de obrigado cumprimento. En terceiro lugar e moi importante, vostede señor Fírvida fala moito dos recortes, pois mire tristemente, desgraciadamente estas medidas hai que tomalas porque estos señores cando gobernaron, despilfarraron tal cantidade de recursos públicos que deixaron o País en tremenda ruína, esto es justamente la causa, justamente esa es la causa y estas son ahora las consecuencias, digan vostedes o que queiran, fagan o que lles dea a gana pero é a triste realidade, claro que é a realidade, entonces que lle vamos a facer, tuvemos a desgracia de que nos gestionaron tan mal o Partido Socialista, que levou ó País, nos levou á ruína total e absoluta y ahora pois temos entre todos pagar de algunha maneira vía medicamentos, vía pensións, vía sueldos dos funcionarios y vía impuestos, porque senón non salimos para diante y se nos ven, y menos mal que chegou o Partido Popular para intentar endereitar, o que é axenda económica, porque hoxe estaríamos como está Portugal ou Grecia, porque vendría a troica famosa que nos iba a decir o que valía un peine, gracias que a xente como é intelixente, cambio de rumbo nas últimas eleccións y votou ó Partido Popular, e o Partido Popular pudo endereitar o camiño económico deste País, porque é que senón hoxe iba a ser a cousa doutra maneira, moito máis complicada, y é a realidade, esa é a causa y estas son as consecuencias, y vámolos a pagar todos, usted y eu y todos vías como lle dixen antes, pensións, salarios, medicamentos y todo o demáis, entón nós en principio vamos a votar que non, pero con esas

A sra. Morenza toma a palabra: Bueno señor Alcalde, vostede non está de acordo cos dous primeiros puntos, co terceiro punto da nosa moción está de acordo

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu estou de acordo co que dixen

A sra. Morenza toma a palabra: No, co que dixo vostede, claro, pero o da emerxencia social, tamén o levamos nós no terceiro punto, o sea, vostede está de acordo en parte co fondo da nosa moción, recoñézoa, é un tema de actualidade, e o que vostede propón nós plantexámolo doutra maneira, é un fondo de emerxencia social, vostede plantexao como unha cuestión de beneficencia señor Alcalde,



usted o que quere é que veñan as personas pedíndolle limosna, ós servizos sociais, e vostede mirar caso por caso, para quedarse ca cara e logo irlle pedir o voto, cuando sean as eleccións municipais. Lémbrolle que o Decreto do ano pasado de 2012, era un decreto, pero esto é unha resolución, non ten rango de lei, entón non é de obrigado cumprimento, xa estamos fartos de decilo en todos os Plenos, e cada vez que debatimos este tema, e vostede fala tamén de esto foi culpa do Partido Socialista que deixou o País na ruína, vostede non se da conta de que estamos falando neste caso do copago farmacéutico de trescentos mil euros, pero eso é deixar o País na ruína, estamos falando de trescentos mil euros, do ó millor sesenta enfermos en Barbadás, señor Alcalde por favor, trescentos mil euros, agora estamos falando do copago farmacéutico, non veña votándolle as culpas a Zapatero, que ese discurso está, tiña que estar moi esquecido por vostede

O sr. Alcalde toma a palabra: Son as consecuencias de aquilo

A sra. Morenza toma a palabra: Non o teña tan interiorizado o discurso que lle levan ensinado nunhos cursos que seguramente fan donde lle lavan o cerebro. E despois falamos da educación, vostedes falan de que deixamos moi mal o País, e vostedes claro collen a educación pública e estana semitransformando en privada, aumentan as axudas para centros concertados, poñen taxas para comedores, o ano que ven seguro que lle toca ó transporte escolar, esto son decisións ideolóxicas. O outro día na sexta había un programa de Ana Pastor, donde a propia Esperanza Aguirre, acusaba á entrevistadora, de “vosotros los de izquierdas”, eso é o fan vostedes tamén os do PP, en todas partes donde están, “ustedes los de izquierdas”, pero como que vostedes los de izquierdas, decisións ideolóxicas, cremos na sanidade pública ou non cremos, vostede é médico, está claro que non cree, o sueldo cóbrao pero

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeira cousa, o do discurso xa o obvio, porque xa me parece moito; pero é que Ana Mato ministra do ramo, dixo que non era con fins recadatorios, o que se iba a recadar era practicamente nada, y que o gasto que lle ocasionaba ós hospitais ter que facturar e toda a tramitación administrativa da cobranza, iba a supor que non iba a ver ingresos, polo tanto non é unha medida derivada por problemas orzamentarios, nin nada desto, non é porque o Partido Popular aposta por políticas privatizadoras y de que a sanidade sola a teña quen a poida pagar y o que non teña recursos que quede fóra do sistema sanitario, e eso é Partido Popular. Dice que se vai pagar vía indirecta, vía servizos sociais, xa o dixo Victoria, vostede mire, Victoria, por certo, eu digo unha cousa, o Bloque Nacionalista Galego, non trae a este Pleno mocións, para que se aproben, eu non veño eiquí a negociar nada, ni el punto 1, ni el 2, ni el 3, nós vimos eiquí porque cremos en algo, y vimos a



defender no que cremos, polo tanto estos señores estanche dicindo que si ven unha persoa ao servizos sociais, como un pobre de pedir, a pedir por favor que lle paguen unha caixa de medicamentos, eles se cadran se teñen a ben páganlla, y nós o Bloque Nacionalista Galego estamos dicindo que é un dereito universal, a gratuidade da sanidade neste País, y é o que defendemos y non andamos con cambalaches del punto 1, 2 y 3, y o que trae o Bloque é o que se aproba ou non se aproba y xa está, non me ande vostede con rebaixas, fagan o que queiran, os servizos sociais saberán moi ben o traballo que teñen que facer os servizos sociais, vostede faga o seu traballo, se quere poña unha partida, e recoñeza que o Partido Popular en Madrid meteu a pata nesta cousa, que é unha aberración facer esto, y que vostede como médico non pode apoiar unhas medidas tan degradantes para a dignidade humana, faga eso y diga, non é ningunha imposición porque hai Comunidades Autónomas, Castela e León (Partido Popular), que non o vai a aplicar, polo tanto non hai ningunha imposición, non se escude en ninguén, nin do PSOE, nin de Zapatero, nin de nada, aplíqueo ou non o aplique, xa sabemos quen é vostede fágao ou non o faga. A moción do BNG non se modifica, se aproba todo ou non se aproba nada

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben como non votamos pasamos se queredes á de pediatria Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **“Moción do PSdeG-PSOE sobre o repago farmacéutico hospitalario para patoloxías de gravidade e cronicidade”**

8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN CONTRA DO TRASLADO DAS URXENCIAS DE CIRUXÍA PEDIÁTRICA FÓRA DE OURENSE

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción, sobre as urxencias pediátricas, sobre o traslado das urxencias pediátricas fóra de Ourense. Ten a palabra a súa portavoz ou o seu portavoz.

A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE): Dende que chegou o Sr Feijoo e o Partdio Popular ó Goberno, a verdade é que a sanidade pública da Xunta non deu máis que malas noticias. Na nosa provincia por exemplo foron totalmente esquecidas todas as infraestruturas sanitarias que estaban previstas, por pór un exemplo si se deron presa en algo que foi en pechar o Hospital de Toén, sen antes pensar que uso lle ían dar a ese edificio máis o enorme terreo que alí hai. Nos esquezamos que cno esa decisión se perderon máis de 60 camas crónicos. Nas últimas semanas, o goberno de Feijoo anuncia a supresión das gardas do Servizo de Cirurxía pediátrica do CHUOU. A Consellería aproveitou que un ciruxán se xubilou e outro se trasladou para así non repor esas vacantes. Nos medios de comunicación fálase de que si a tendencia en nenos diminúe, bueno o certo é que as cifras



do Instituto Galego de Estatística, di que a poboación de 0 a 14 anos na provincia pasou no ano 2008 de 31.608 nenos e nenas a 31.627 no 2012; polo tanto a poboación infantil non descendeu nos últimos anos. Os Socialistas de Barbadás consideramos que esta decisión trátase dun novo castigo para a xa tan eivada Sanidade Pública de Ourense; está claro que dende o Goberno Partido Popular non teñen en conta que cando un cativo ou unha cativa enferma, ten que ir acompañado da súa familia, neste caso téñense que desprazar a Vigo para que o paciente infantil poida ser atendido, cos gastos que eso conleva, en alimentación da familia, en durmir se fai falta. Nin Feijóo nin a Xerente, Eloína Núñez teñen en conta que esta medida deteriora máis o servizo que se presta dende o CHUOU, pois estanse perdendo servizos e competencias, e non se dan conta que esta supresión ameaza tamén servizos como UCI pediátrica ou anestesia. Con medidas como está claro que se está a desmantelar a sanidade pública e afondando aínda máis nas desigualdades entre as persoas. Igual chegamos ó caso de que algún neno desprazado a Vigo, teña entón plantearse tamén nos servizos sociais a pedirlle axuda para poder comer, ou durmir ou pasar alí os días que o seu fillo esté ingresado. Os nenos e nenas de Ourense e provincia, os nosos nenos, en definitiva, non teñen, gracias ó PP, dereito a ter a mesma atención sanitaria que un neno de Vigo ou de A Coruña; nós manifestamos contundentemente o noso rexeitamento á política de Feijóo que supón a perda de servizos sanitarios en Ourense, entre os cales está o que debatimos de cirurxía pediátrica. Debe ser prestado en Ourense estes servizos, e nas mesmas condicións nas que se presta en Vigo, en Santiago ou en A Coruña, e si ata agora tiñamos tres ciruxanos pediátricos para asumir estas gardas, consideramos que non existen razóns obxectivas para que deixen de ser tres os profesionais. Entón o acordo sería que de forma inmediata se repoña o Servizo de Urgencia de Cirurxía Pediátrica no Hospital Universitario de Ourense de maneira que se garanta a atención permanente nese Servizo á poboación pediátrica de Ourense e Provincia, sen necesidade de máis desprazamentos .

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien nós vamos, bueno ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Fírvida toma a palabra: Si estando de acordo en todo o que acaba de comentar María, tan só me queda engadir, que este problema xurde de que nos servizo de cirurxía pediátrica había catro médicos titulares, un deles xubilouse, outro trasladouse y polo tanto quedou con tan só dous profesionais, que só poden atender ás gardas, non poden facer operacións planificadas, porque xa cando fan gardas vinte e catro horas, por suposto non poden atender despois a outros tipos de operacións. Isto o que causa tamén é un grave estropicio económico ás familias que por encima de ter a desgracia de ter un neno pequeno con un problema, y que se vexa na necesidade de ser operado, ten



que ser trasladado a Vigo nunha ambulancia hospitalizada, con técnicos, con médicos, e os gastos que eso ocasiona, despois o traslado da familia, porque claro un neno menor todos podemos pensar que vai a haber un adulto acompañando mentres el estea ingresado no Hospital de Vigo, e todo isto por cabezonería, que volvemos ó mesmo, que é por cabezonería, isto, ter un servizo de ciruxía pediátrica en Ourense costaría un facultativo máis, que podería supor sesenta mil euros ó ano, sesenta mil euros, a propia Eloína Núñez, recoñeceu que podería gastar moito máis diñeiro no servizo de traslado de nenos a Vigo, ou que veñan médicos de Vigo, ou da Coruña ou de Santiago a operar a Ourense, eso vai saír moito máis caro, que manter un servizo en Ourense de ciruxía pediátrica, pero non é solo cuestión de operacións, porque claro si ven un médico de Vigo ou de Santiago a operar en Ourense, os mércores á mañá poñamos por caso, pero o teu neno non se vai caer da bicicleta o día que está o médico esperando para que opere, si se cae o mércores pola tarde o médico xa non está alí, e despois a medidas que din que queren aplicar para solucionar o problema son realmente, bueno, é que esto sólo en este País, solo pasa eiquí, que digan que os nenos que teñen máis de oito anos e que pesen máis de trinta quilos, que os opere un ciruxano superior, o sea, o que non é polos é galo, ala xa está, é tremendo, un neno de oito anos y un mes con trinta e un quilos de peso, cun problema gravísimo, pode ser operado, por un ciruxán normal, vostede o sabe señor Freire,

O sr. Alcalde toma a palabra: Sei, sei

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, eu non o sabía, eu pídlle a vostede opinión

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire, hasta fai pouco tempo, non existía ciruxía pediátrica, existía cirxuía general. Os ciruxanos que está hoxe como cirxanos generales seguro que operaron nenos a punta pala, bueno en todo caso nós vamos a votar a favor, non creo que requiera moita discusión. Nós vamos votar a favor, supoño que non requiere discusión, porque vamos votar co cual

A sra. Presas toma a palabra: Eu quería facer solo un matíz no que solo hasta que fai pouco se operaban a nenos ciruxáns

O sr. Alcalde toma a palabra: Non fai pouco non, díxenche antes, seguramente os ciruxanos generales que están hoxe exercendo en maiores, operaron todos

A sra. Presas toma a palabra: Pero gracias a Dios, avanzamos ahora hai ciruxáns pediátricos e o normal é que a un bebé o atenda, a un neno de seis anos o atenda

O sr. Alcalde toma a palabra: Que si, estamos de acordo, pero, estamos de acordo

A sra. Presas toma a palabra: Pero gracias a Dios hai ciruxáns pediátricos



O sr. Fírvida toma a palabra: Sólo dicir, votan a favor, non hai doutrina PP, para que voten en contra, hai doutrina PP para votar a favor

O sr. Alcalde toma a palabra: Diga vostede o que estime oportuno, entonces queda aprobado, pois todos.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte moción:

“Moción do PSdeG-PSOE en contra do traslado das urxencias de cirurxía pediátrica fóra de Ourense”

O sr. Fírvida toma a palabra: Hai que votar a do Bloque Nacionalista Galego

O sr. Alcalde toma a palabra: A do Bloque como é as dúas partes nós temos que votar en contra. Porque os do BNG, neste caso a moción xa ten a dobre intención, que busca que o PP vote en contra, o sea, eles non queren que votemos a favor, está clarísimo, porque usted sabe que na Deputación tivemos unha votación, a favor do de pediatría e en contra do repago farmacéutico, como usted lle chama, en todo caso non hai problema, usted quere votalo así, vale, votos a favor. Nós abstémonos

9- MOCIÓN DO BNG SOBRE O SERVIZO DE CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO CHUOU E PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os primeiros días do mes de outubro confirmouse a decisión do SERGAS de constituir unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza na área de cirurxía pediátrica, que na práctica supón que desde agora todas as familias da provincia de Ourense deberán desprazarse a Vigo cando precisen estes servizos, fora do horario matinal, cos problemas e situacións traumáticas que esta decisión poda supoñer.

A decisión, explicaban desde a Xunta, tomouse para “optimizar os recursos” debido a “redución continuada da poboación infantil”. É dicir, a xuízo do PP, os nenos e as nenas de Ourense como agora son menos, teñen menos dereitos, e non pasa nada se en vez de ser atendidos no hospital de Ourense cando chegan con unha urxencia e precisan de unha rápida intervención son obrigados a desprazarse a Vigo para ser atendidos nalgún centro sanitario de esta cidade.

Pensemos por un momento na angustia das nais e dos pais de esas criaturas que chegado ao Hospital de referencia non atopan unha solución e o seu fillo ou filla debe ser trasladado nunha ambulancia



medicalizada, co persoal facultativo necesario, a Vigo, onde será intervenida e posteriormente hospitalizada. Pensemos nos gastos que os traslados e a hospitalización podan ocasionar, tanto para o SERGAS como para as familias, máxime tendo en conta que o servizo de quirurxía pediátrica en Vigo xa está agora colapsado, polo que moitas intervencións son derivadas a outros centros privados concertados.

Para o BNG fica claro que esta medida non se fai nin para “optimizar recursos”, nin como consecuencia da “redución da poboación infantil”. É un paso máis na senda do empeoramento planificado do Servizo Galego de Saúde, no deterioro estratéxico do público levado a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do Estado que ten, como fin último o incremento do negocio privado.

Por outra banda, o pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galiza a que de xeito inmediato realice a contratación do persoal facultativo



necesario para manter en Ourense a atención permanente ao servizo de cirurxía pediátrica e para que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias.

- Instar a Xunta de Galiza a que revogue a decisión de “unificación” do servizo de cirurxía pediátrica da área sanitaria de Ourense e de Vigo.
- Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
- Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.
- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada coa abstencións do PP e a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: “ **Moción do BNG sobre o servizo de cirurxía pediátrica do CHUOU e para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública: Instar á Xunta de Galiza a que de xeito inmediato realice a contratación do persoal facultativo necesario para manter en Ourense a atención permanente ao servizo de cirurxía pediátrica e para que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias.**

- **Instar a Xunta de Galiza a que revogue a decisión de “unificación” do servizo de cirurxía pediátrica da área sanitaria de Ourense e de Vigo.**
- **Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.**
- **Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.**
- **Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.”**

10.- MOCIÓN DO BNG ESIXINDO RESPONSABILIDADES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BARBADÁS.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situación na que se encontra a Escola Municipal de fútbol do concello de Barbadás pode calificarse de desastrosa, que ben dada pola deixadez e a apatía no desenvolvemento das súas tarefas dos responsabeis políticos que deberan dirixir e coordinar as distintas actividades que desenvolven.

Partamos da base, de que no noso concello hai un potencial moi grande de rapaces que poden e de feito, participan nos distintos equipos da escola de fútbol; polo que entendemos que haxa que recurrir a grandes dosis de imaxinación, traballo para organizar os adestramentos, partidos, etc . Polo que puidera ser entendible que se produzan determinados erros no seu funcionamento (que vaia un equipo sen roupa, que non estea clara a hora ou o lugar do partido, que vaia ou non vaia o adestrador, etc)

Pero nunca se debera perder o norte en relación coas premisas que sempre deberan impregnar o funcionamento desta escola, ou de calquera outra actividade de base, que potencie e subvencione o concello; véxase a igualdade de oportunidades, o esforzo, a puntualidade, respecto aos compañeiros e aos adversarios..., en definitiva formar mozos e mozas sans que practican deporte. Os valores a transmitir estarán no coñecemento do deporte, para conseguir que a nosa mocidade fuxa doutros camiños e apartandose sempre de gañar, si ou si! O realmente importante é a participación de todos e cada un dos xogadores,

independente do resultado final; polo que sempre, sempre estariamos aprendendo e nunca competindo!

Estas condicións non se efectivizan nesta Escola Deportiva, xa que este ano a situación que se deu nos equipos da categoría Alevín (que participan na categoría de fútbol 8), foi absolutamente de “escandalo”. Xa que se permitiu a inscrición de polo menos seis xogadores no Alevín A, que viñan de equipos de fóra, vexase Pabellón, etc, e entón fíxose un trasbase de xogadores ao outros equipos, vexase ao alevín C. Polo que se producen as inevitables protestas dos pais/nais destes rapaces, xa que se pretendía constituir un equipo para o Alevín C con 30 xogadores; algo absolutamente inaxeitado e fóra de lugar para un equipo de fútbol *oito*.

Non se lles estaba permitindo que todos tiveran as mesmas oportunidades de xogar e de participar, xa que os outros equipos, véxase o A e o B quedarían con 16 integrantes. Todos pagan a mesma cuota (80€/ano), pero sería a única coincidencia...,

Ulo deporte de base?, ula a igualdade de oportunidades...?



A situación que seguiu foi máis o menos esta, recollida de sinaturas por parte dos pais/nais do Alevín C para reconducir esta situación que é absolutamente discriminatoria, reunións coa sra. concelleira Vispo Seara, e co coordinador da Escola, o sr. Angel Nóvoa. Nestas reunións podemos constatar esta falta de interese no deporte de base, a absoluta descoordinación no seu funcionamento, amosando que so teñen interese económico e puramente competitivo, polo que admiten xogadores foráneos en perxuizo dos de Barbadás.

En fin, a súa solución foi repartir os rapaces entre os 3 equipos, quedando con 20 compoñentes cada un, polo que xogaran 1 partido/mes.

Quixeramos lembrar que a escola de fútbol, financiada con diñeiro público, é isto, unha Escola e non un clube, polo que o que están levando a cabo é absolutamente o contrario do que debera ser, que sería que aos rapaces que poidan ter menor nivel, (por condición física, etc) se traballe de xeito debido con eles, para que poidan progresar e chegar ao nivel dos que mellor xogan. Semella que o único que lles interesa é cobrarlle a cuota aos pais/nais e logo pois nada, se xogan os rapaces ben e senon tamén!

Pero o que resulta moi chamativo e que esta situación non foi anecdótica, se non que tamén se produce noutras categorías da Escola, pomos por caso, o equipo do Cadete A desta temporada, na que se repite de novo a historia, pero desta vez son oito os xogadores que incorporan doutros equipos. _

En resumo, os que non xogan, por que non entran na selección do Pabellón(xa que alí si que seleccionan), vostedes traenos a escola de Barbadás para que lle quiten a titulariedade aos nosos rapaces que levan desde pequerrechos xogando nas categorías inferiores ! Pero outras das cuestións escandalosas, que puideran calificarse como “de xulgado de garda” e que fose o mesmo coordinador da Escola o sr. Angel Nóvoa o que “abridolles as portas” lles dixese aos pais, que el mesmo lle arraxaba para que os admitiran noutro lado (vexase Escola de Sta. Cruz, Velle, etc). Isto é dun cinismo e mala fe que non ten nome!!

Resumindo coa súas prácticas na Escola de Fútbol Municipal o que levan adiante é unha desfeita total e absoluta os equipos de nenos/as que viñan xogando desde as categorías inferiores. Onde queda a formación integral dos rapaces, onde queda o deporte de base...

Esto de Escola Municipal so ten o nome, polo que o grupo municipal do BNG do concello de Barbadás, facendose coparticipante dun sentimento hoxe xeralizado entre os pais/nais dos rapaces da escola de fútbol, solicitamos ao pleno do Concelllo de Barbadás a adopción urxente dos seguintes acordos:

ACORDOS



- 1.- Reprobar a actuación do Alcalde de Barbadás pola desidia e incompetencia á hora de solucionar os problemas da veciñanza de Barbadás e a reprobación da Concelleira de deportes a Sra. Consuelo Vispo Seara, solicitando a súa inmediata dimisión do seu cargo.
- 2.- Que se proceda conxuntamente coa dimisión da concelleira ,á destitución do coordinador da Escola de Fútbol de Barbadás , o Sr. Angel Nóvoa Cid, pola súa nefasta xestión ao fronte desta institución deportiva.
- 3.-Que por parte desta institución municipal se exixa ao novo coordinador da Escola de Fútbol e ao novo responsable político da área de deportes, incluíndo polo tanto nos Estatutos da Escola Municipal de Fútbol do concello que a filosofía que deba impregnalos se fundamente no esforzo, o respecto, o compañeirismo, a igualdade de oportunidades, fuxindo sempre dos resultados e primando sempre a formación e a educación no deporte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 10, que é unha moción do BNG sobre, esixir responsabilidades na Escola Municipal de Fútbol de Barbadás. Ten a palabra o seu voceiro.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Esta moción ben un pouco dada por as cuestións que se deron de certa gravidade este ano no funcionamento da Escola de fútbol base, na Escola Municipal de Fútbol de Barbadás, decir que xa no seu momento se presentaron mocións similares e incidindo na diferenza que había que ter nas cuestións exclusivamente económicas, ó respecto da Escola de fútbol base, y do clube de fútbol, que é un clube privado, y que hoxe pois vimos tamén porque seguimos ca mesma línea, seguimos que efectivamente a situación na que se encontra a Escola de Fútbol, pois é absolutamente desastrosa, que ven dada pola deixadez e pola apatía, que no desenvolvemento das tarefas dos responsables políticos da área que deberan coordinar estas tarefas. Bueno partamos da base de que o noso Concello ten un potencial importante, moi impotante, respecto dos rapaces e rapazas, que participan e que integran os diversos equipos da Escola, se podía falar de douscentos sesenta aproximadamente o ano pasado e que entendemos que efectivamente haxa que recurrir a dosis importantes, porque evidentemente solo hai un coordinador, y pode darse situacións como o equipo vaia sin roupa, que el entrenador vaya o no vaya, que non se saiba se xogan ou non xogan, porque pode haber cuestións deste calibre, pero nós non vamos a entrar aquí, nós o fundamento da moción ven dado a premisas que deberan de impregnar o funcionamento desta Escola, que deberan impregnar os estatutos e que deberan rexir esta Escola Municipal de Fútbol base, uns estatutos que por outra banda eu encargueime antes de vir a este Pleno a defender a moción de intentar conseguir y que



realmente foi imposible, é decir, no Concello non están os estatutos dunha escola de fútbol base municipal de fútbol; no campo de fútbol non existen tampouco esos estatutos, porque o que se nos ensina son uns estatutos do ano noventa e un, de cuando realmente se creou a escola, algo que efectivamente non se axusta a dereito, y vou a decir porque non se axusta ó dereito porque realmente nas informacións que transmite o coordinador, señor Ángel Nóvoa, transmite determinadas cuestións ós pais, si se dice, si nomea ós estatutos e sin embargo despois o representante da oposición que reclama estes estatutos pois non se lle dan, entón nos o que vimos aquí a dicir, é que realmente unha escola de fútbol base ten que rexir unha serie de condicionantes, oportunidade, esforzo, puntualidade, respecto ós compañeiros, en definitiva transmitir, conseguir que a nosa mocidade, pois fuxa de camiños diversos, que poden ser nefastos, pode ser o alcohol, as drogas, y realmente pois transmitir unhas coñecementos no deporte, o que realmente importa nunha escola de fútbol base, pois é a participación de todos e cada un dos xogadores, independente do resultado final, y aquí evidentemente estamos, se está tratando por parte dos responsables da Concellería de Deportes, unha escola de fútbol como si fora un clube privado que busca resultados, y busca competitividade, eso que o busque o clube de terceira, un clube regional, que é un clube que compite, agora unha escola de fútbol base, é para outras cuestións, é o que estamos pondo encima da mesa, y algo que evidentemente pois non se cumpre pois porque as cabezas pensantes que dirixen aí pois están en outra cuestión. Bueno eu na moción se reflicten cuestións de determinados, por exemplo na categoría alevín, donde se reincorporan xogadores doutros clubes, nomeadamente eiquí falamos do Pabellón, eu en modo algún teño en contra, nin os meus compañeiros en contra do Pabellón, nin en contra de ninguén, que veñan a xogar eiquí abertamente os rapaces que queiran, si que efectivamente cuando tú tes mimbres, cuando tú tes bimbios para facer un equipo, non tes porque recurrir a ninguén, aquí se deron situacións donde pois se reincorporaron xogadores nomeadamente do Pabellón, por exemplo en seis xogadores no equipo do alevín A, se creaban xogadores en fútbol 8, con unha cantidade de trinta xogadores por equipo, algo fóra, absolutamente fóra de lugar, se levaron a cabo reunións co coordinador, ca señora Concelleira Vispo Seara, etc, etc, y o único que se fai, pois eso reconducir un pouco a situación de maneira de que formar equipos con unha cantidade enorme, con vinte xogadores por equipo, que non ten sentido, é decir, habría que efectivamente como reclamaban os pais a principio de ano, pois crear ou un cuarto equipo, ou evidentemente non admitir a xogadores, cuando realmente tu sabes que xa tes a base para formar unhas equipos determinados, eu expliqueino en algunha reunión, pero bueno, tampouco ten maior sentido, si tu tes trinta xogadores que saber que te van a subir, y tes quince xa de



segundo ano que che quedan y tes cuarenta e cinco, xa che salen a quince, non tes porque traer nada máis porque xa tes para tal. Bueno aquí o que se ven a decir é que efectivamente non había un deporte base, non hai unha igualdade de oportunidades, que efectivamente os rapaces non iban a competir en igualdade de condicións, uns equipos con outros, ben, esto é unha falta absoluta de interese no deporte, unha absoluta descoordinación no funcionamento, eu creo que o único interese que teñen é un interese económico, puramente competitivo, algo que evidentemente para o BNG, ten que quedar absolutamente fóra de xogo, é decir, nós non temos en contra de ningún xogador de ningún outro lugar, pero si que si tu, vamos a ver, si estuvéramos nun Concello como Chandrexa de Queixa, ou Xan Xoán de Río, que tristemente teñen sete ou oito meniños en idade deportiva, en idades de cinco a quince anos, pois é normal que haxa que recurrir a Concellos limítrofes si tu queres facer un equipo, si tu queres facer cousas, pero aquí non é o caso, aquí non hai nada que traer de fóra porque o tes na casa, y si xa digo repito, sin ter en contra de que veña ninguén de ningún lado, pero en primer lugar dalle cancha ós da casa y despois si che queda a cancha libre pois admities a quen teñas a ben. Y con respecto a esta cuestión que comento do alevín, pois se pudo facer, evidentemente e se daba un prazo de prescrición, hoxe todos temos teléfono, non é como hai corenta anos, se podía chamar e decir, oye mira, tu vas a entrar, vas a seguir no clube, non vas a seguir y facer unha lista de prescrición de eses rapaces que se queiran apuntar, y no momento en que caigan, ilos admitindo, pero non se fixo, se meteron de cachete, y despois bueno se fixo o que se fixo, e totalmente pois un despropósito que está levando a cabo aquí. Y bueno repito, esto é unha escola non é un clube, o normal sería que se pudiera fomentar ese deporte de base, que os rapaces que teñan menos nivel, por condición física, etc, con traballo e con esforzo podan chegar ó nivel dos que mellor xogan, eso é o deporte de base, para eso é para o que hai que invertir o diñeiro público, e nós invertímolo, pois para ter o equipo de terceira, donde o temos que ter, é decir, o normal sería ter unha escola potente que suministrara o equipo de terceira división, y si después tenemos muchos José Ramones, que lle soltan diñeiro ó clube de terceira para fichar xogadores, que fichen a quen queiran, pero no deporte de base é donde hai que invertir o diñeiro y sacar o tema para adelante; por exemplo, na categoría de cadete, pasou algo similar, foron oito xogadores, hai quen fala de once, aquí simplemente foi un roubo a man armada, é dicir, eiquí secuestráronllos directamente ó clube do Pabellón, é decir, xogadores que un pouco de segunda liña non xogaban habitualmente, pois foron o señor Ángel Nóvoa e compañía foron a buscalos para traelos para aquí, para deixar, para que os nosos rapaces, que levan desde nenos xogando se queden na casa, y leven, algúns que levan dous meses de campeonato, y que levaban xogando, repito son rapaces



de quince, dezaseis anos, levaban xogando, desde cinco, seis aniños, sempre, habitualmente, y non competiron y non os chamaron nunca máis, porque había que estar á Gallega, y como estamos en la Gallega, traendo rapaces de fóra para facer máis competitivo, grave error, é dicir, non hai que estar en ningún lado, hai que estar donde se pode estar, e cos rapaces da casa fundamentalmente. Entón, é dicir, para o BNG esto é desde logo inadmisibile, y por eso presentamos esta moción aquí, porque nos parece efectivamente moi fóra de lugar, como se está funcionando na Escola. Rapaces que fixeron a pretemporada, y bueno eu nomeo determinadas cuestións, porque eu teño un pequeno xogando aí, rapaces que fixeron a pretemporada na escola, y cuando foi para iniciar o campeonato, simplemente se lle abriron a porta y el señor Ángel Nóvoa y lo echó, patitas, te busco sitio en Velle ou en Santa Cruz, y te vas de aquí, un rapaz que levaba xogando desde neno, esto é absolutamente fóra de lugar, nunha Escola de Fútbol base, financiada, cofinanciada con diñeiro público, é inadmisibile dende o meu punto de vista; eso que o fagan donde compitan, pero non, é inadmisibile, para nós dende logo é intolerable, que fagan a pretemporada e despois, te vas que no das el nivel, pero que nivel. Bueno eu creo que realmente o aspecto economicista que vostedes poden perseguir, recentemente pasamos de cincuenta a oitenta euros para xogadores locais, os xogadores de fóra pagan cento vintecinco, os foráneos que non son do Concello, pois ó millor igual lles interesa a vostede que os de aquí non xoguen, ou non estén y traer a todos de fóra, para recadar máis pasta, pode ser, para despois filtrar o diñeiro ó equipo de terceira. Bueno, en algunha reunión que asistiu a señora Concelleira Vispo Seara, dice que, échesele a boca diante dos pais, dicindo que los niños son lo primero, eu refírome así, son os nenos de Barbadás, ou os de Pernambuco os que a vostede lle son os primeiros, porque da a sensación de que os de Barbadás, non lle importan demasiado. Bueno é que absolutamente, é dicir, minten máis que falan, é dicir, os estatutos existen, pero non os ensinan, dicen que teñen as listas prefixadas, e despois teñen a desfachatez de dicir, no, o señor Ángel Nóvoa, salgo cinco minutos a falar cos dos juveniles, y xa se me, é dicir, que pasa que lle entrou unha cabra e lle comeu os papeles, se lle anotaron os rapaces solos, é dicir, non hai quen crea porque é absolutamente fóra de lugar os argumentos que usan, entonces como realmente minten máis que falan, como realmente non coordinan absolutamente nada, a señora Vispo Seara que traballa esas cuatro horas por eses mil trescentos eurazos, que xa lles gustaría ganar a moitos, que traballan de sol a sol, que non teñen onde traballar, que se dedique, que vaya unas cuantas horas, e que axude ó señor coordinador a facer traballo, é dicir, que se dedique a menos paseo, y que se dedique a facer máis traballo na casa, entón como esto é unha, pois algo xeralizado, hoxe entre os pais e nais da Escola de Fútbol, por eso o BNG trouxo esta moción aquí, na que pedimos



efectivamente o reprobar a actuación tamén do señor Alcalde, como máximo responsable deste grupo municipal pola desidia e incompetencia á hora de solucionar os problemas da veciñanza de Barbadás; a reprobación da señora Concelleira a Sra. Consuelo Vispo Seara, solicitando a súa inmediata dimisión do seu cargo. Punto segundo que se proceda conxuntamente coa dimisión da concelleira, á destitución do coordinador da Escola de Fútbol de Barbadás, o Sr. Angel Nóvoa Cid, pola súa nefasta xestión ao fronte desta institución deportiva, y que por parte desta institución municipal se exixa ao novo coordinador da Escola e ao novo responsable político da área, incluír neses Estatutos que debe evidentemente que existir y que entendo que existen aínda que se agachan, que a filosofía que deba impregnalos se fundamente no esforzo, o respecto, o compañeirismo, a igualdade de oportunidades, fuxindo sempre dos resultados e primando sempre a formación e a educación no deporte.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Socialista

A sra. Morenza toma a palabra: O Partido Socialista subscribe a argumentación que presenta o BNG, porque está claro que existe unha gran preocupación entre os pais e as nais, e unha gran discriminación cos nenos. O 9 de outubro o Grupo Socialista presentou unha batería de preguntas precisamente a raíz de este descontento que existía, porque o que está claro é que a masificación e a calidade formativa dos alumnos son outros temas que nos preocupan e por eso pedimos unha serie de aclaracións naquel momento, pero a resposta non chegou ata o 4 de novembro, case un mes despois, cuando hai unha Concelleira con dedicación exclusiva parcial na área de deportes, e o Alcalde que se supón que agora ten unha maior cercanía física ó Concello e á veciñanza, non entendemos como unhas preguntas tan sinxelas, tardan un mes en respondelas. A saturación da que fala Xarín, simplifícase no feito de que hai aquí como o xuvenil A, onde hai matriculados 28 mozos; esta cifra resulta excesivamente elevada e vai en contra da lóxica na práctica dun deporte que pretende ser didáctico, ó menos eso pensamos nós, didáctico, e que non pode consistir en quedar no banquiño. Non podemos esquecer que polo xeral en cada partido só se convocan entre catorce e dezaseis alumnos, resulta inadmisibile para nós, que Freire ante as preguntas que lle presentamos, conteste que nalgúns categorías (palabras textuais), admitíronse máis nenos, co obxectivo de cubrir a gran demanda que existía para darlle cabida ó máximo número posible, isto é o que se nos contestou; esta argumentación mesmo parece unha tomadura de pelo, porque non entendemos que o propio Alcalde asuma que se permite a masificación, están recoñecendo, unha masificación inxusta, para (palabras textuais) que puideran practicar actividade deportiva elixida co fin de que ningún neno quedara sen practicar o deporte, practicar que deporte señor Alcalde, senón teñen tempo para practicar o deporte, si non salen



o terreno de xogo que deporte practican, entrenan, esto significa que se aplicou a denominada lei do embude. É ilóxico tentar contentar, e vostede debería sabelo, a todos os aspirantes, provocando a saturación da Escola deportiva de fútbol, en merma da calidade teórica e práctica. Esta situación, como ben comentaba Xarín, pode resultar desalentadora para os pais e nais, e imaxínese para os alumnos; dende o Concello tentaron canalizar a polémica a través de sucesivas reunións, pero xa ve que as reunións non serviron de nada, o problema de fondo continúa aí. O sistema de admisión e funcionamento máis ben parece outro xeito de recaudar diñeiro, como ben decía o compañeiro Serafín, pois cada alumno aporta agora mesmo oitenta euros, e o número total de nenos federados, pois incrementouse bastante, e está nos douscentos oitenta e seis segundo as informacións que nos facilitan, distribuídos nestes catorce equipos, e se o ano pasado se ingresaron, vinteún mil seiscentos vintecinco euros, supoñemos que as cifras deste ano non as temos, que a cifra vai ser evidentemente moito maior. Hai equipos en xuvenil que agrupan ao mínimo de vintedous nenos e un máximo de vintequatro; en infantil hai dous equipos de vinteoito e de vinteseis alumnos, pero claro a lei do embude do señor Alcalde permite isto, na categoría de alevín hai equipos de dezaioito, vinte e vinteún deportistas, estas cifras son para o Partido Socialista, excesivamente elevadas e aínda que na resposta ofrecida polo Alcalde, recalca que os pais e as nais deron o seu consentimento, home por suposto, o que está claro é que hai descontento e que incluso hai alumnos que xa a día de hoxe abandonaron a Escola de fútbol e pasaron á de Fútbol sala que polo menos poden xogar con comodidade

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de deportes, a Concelleira de Deportes.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Reiterar varias veces que sí hacemos nuestro trabajo, vamos a ver, nosotros no mentimos, lo que he oído hasta ahora, solamente les voy a hacer una pregunta, ¿ustedes saben como funciona la Escuela de Fútbol?. Lo que si les voy a dar la razón, es que a principio de temporada, yo asumí un error del coordinador, en un equipo que los padres se han puesto en contacto conmigo, no he dado la espalda, estoy allí casi todas las tardes, Xarín y tú me ves muchas veces, no ando de paseo, normalmente me paseo por el campo de fútbol para saber la problemática que hay allí. Vamos a ver cuando los padres me abordan una tarde, que estaban, pues tendrían entrenamiento sus hijos, yo no he dado la espalda, les dije que si que no había ningún problema que yo no era conocedora de ese problema, entonces que me iba a poner en contacto con el coordinador, para ver que era lo que había pasado, y asumí ese error y di la cara con los padres; hemos tenido varias reuniones, y entendimos que la mejor solución en ese momento no era crear un equipo nuevo, porque no se podía por horas, por limitación del campo, entonces hablamos con los padres y les hemos dado



una serie de pautas, en dividir, eran dos niños más que se pasaban al grupo A y al grupo B de alevines, y los demás quedaban allí, no eran diez ni doce como ustedes decían; los padres han asumido eso, lo que decía ahora Victoria, el equipo de fútbol sala está creado, pero sin, esos niños siguen en la escuela jugando, hace media hora antes de entrar aquí al Pleno, uno de los padres, no voy a poner nombre lógicamente, a pedido una reunión conmigo mañana a la que si quieres puedes asistir; esos niños de los alevines, ahora mismo tiene los equipos divididos, porque no están de acuerdo con la problemática que hay, es decir, ellos quieren seguir en la escuela de Barbadás, y hay niños pues que están en ese equipo de fútbol sala; entonces yo les pregunté si esos niños se habían ido, cosa que yo hasta el viernes a la tarde, que estuve hasta las diez de la noche en el campo, me han dicho que no, que no se han dado de baja, a día de hoy nadie se ha dado de baja, la problemática la ha puesto, pues un grupo de los alevines, que efectivamente pues por, no lo se, incluso había niños en esa reunión, que Xarín estaba presente, creo, en esa, que había niños que estaban fuera jugando y que todavía no habían presentado la ficha, entonces entendemos que esos niños, bueno pues que son cuatro a mayores. Vamos a ver, yo tengo aquí, y no os voy a leer todos, porque si queréis lo hago, yo no tengo ningún problema, pero saldremos de aquí a las cinco de la tarde, tengo la lista de todos los niños de la escuela, por categorías, los tenemos divididos, los niños que son de dentro y los niños que son de fuera, ya que nos centramos en el equipo de alevín, el equipo de alevín tiene en este momento 47 niños, estoy hablando de los tres equipos, voy a hacerlo global para no diferenciarlo, 47 niños del Concello y 12 niños de fuera, como ven afán recaudatorio ninguno; después los cadetes, vamos a ver que también se han nombrado, los cadetes tenemos 44 niños en este momento, y en este momento tenemos 17 niños de fuera y el resto los tenemos del Concello. Vamos a ver en las categorías inferiores, lo que traemos es arrastrando a los niños que vienen ya de las categorías anteriores, niños de fuera, lógicamente nosotros tenemos unas directrices y si tenemos un reglamento que se lo traigo aquí, que además usted sabe perfectamente que con su teléfono móvil creo recordar, delante de José Manuel, hizo fotos a los estatutos, usted preguntó, espere un momento señor Xarín, usted preguntó por el reglamento, el reglamento yo había salido a hacerle una fotocopia a usted que nunca recogió y que la traigo aquí por si usted la quiere ver, no la escondemos, fui yo misma a hacerle una fotocopia, y ahora niéguelo porque usted sabe que estuve haciendo copia a los estatutos que José Manuel le enseñó, ¿sí o no?, y usted sabía y le comunicó que yo había salido y que los podía recoger incluso si esperaba o al día siguiente, que yo se los llevaba, no escondemos nada. Vamos a ver, nuestro trabajo lo hacemos, tengo la memoria de la temporada pasada, hecha por el coordinador, podemos tener, pues efectivamente



algún error en la escuela, ningún padre a no ser los de los alevines, que hemos intentado arreglar ese problema, se ha puesto en contacto conmigo, nadie, nadie. Nosotros tenemos unas normas que si quiere se las leo ahora de la escuela de fútbol, que son muy cortitas: Las escuelas deportivas de Barbadás, tienen la filosofía de transmitir los valores de deporte, igualdad de oportunidades, el esfuerzo y la puntualidad, el respecto a los compañeros, adversarios, árbitros, monitores, educadores y empleados de las instalaciones, incluso los padres. Tratamos de conseguir que los niños y niñas se formen de forma integral y se desarrollen como personas de bien para el futuro y se aparten lo máximo posible de otros caminos. Tratar de que todos los niños y niñas participen al máximo en las competiciones que le corresponden, dándole oportunidad a todos, teniendo en cuenta, los niveles de cada uno de los niños para que jueguen y disfruten del deporte que les gusta y realicen su progresión deportiva como personal. Le damos la importancia a todos los componentes que tiene la competición, el ganar o el perder, tienen que conseguir ellos con su esfuerzo, trabajo y dedicación. El jugar por jugar no les lleva a ningún lado, les transmitimos como la vida misma los valores, dedicación y esfuerzo. Les damos la oportunidad a los jóvenes que tienen condiciones para poder progresar en las categorías superiores de la escuela, sino estaríamos forzándole a marcharse a otros equipos. ¿Quiere verlo?, si quiere, yo. Si no estaríamos forzándole a marcharse a otras categorías. Aquí le hice una simulación de todas las categorías de las escuelas, donde están los niños, le expliqué antes lo que son fuera y dentro del Concello, que se lo puedo dar sin problema ninguno. Ahora el estudio económico de la escuela, vamos a ver, si tuviéramos afán recaudatorio, yo creo que no tendríamos una pérdida dentro de lo que es la escuela. Los gastos de la escuela son: los árbitros, siete mil doscientos, después en varios, tanto en bocadillos, como otra serie de gastos, sobre tres mil euros, lo estoy redondeando, puede ver las facturas, y después en autobuses veinte mil euros, y en monitores todos los meses son veinticuatro mil euros, esto suma cincuenta y cinco mil. Los abonos de la escuela en este momento 289 niños, que todavía están facturando ahora mismo, ya se han pasado algunas categorías al cobro, calcularemos que andaremos sobre unos veintiséis mil euros, no lo puedo decir exactamente, pero sobre veintiséis mil euros. La diferencia del año pasado a ésta ve, que no hay tanta. Como podrán comprobar después de ver los números, el afán recaudatorio en la escuela creo que queda rebocado, y por último solamente les voy a invitar a una reflexión que si he visto en los padres, porque yo también tengo a mis hijos en la escuela, estoy en contacto con ellos y con los niños y que me parece que todos teníamos que reflexionar sobre lo que les voy a explicar. Estos días los niños han visto como en los periódicos, la política y el deporte se han mezclado, no olviden que todos ellos lo ven, lo oyen y son



esponjas. Han oído como se habla mal de su mejor escuela donde ellos practican el deporte que más les gusta, ellos no entienden de política. Entienden que sus padres han elegido una escuela durante todos estos años desde su inicio se ha ganado a pulso la reputación de ser una de las mejores a nivel provincial y autonómico, que llevan el nombre del Concello de Barbadás por toda Galicia, haciendo lo que más le gusta jugar al fútbol. Ven que la política pone en duda la gestión de transmitir esos valores que les recordé al principio de mi intervención, muchos de los jóvenes que iniciaron la escuela, hoy son sus monitores; no olviden que nuestro deber es protegerlos, hemos reconocido el error de admisión de niños, y hemos intentado arreglarlo dentro de nuestras posibilidades, pero el querer ligar la política y el deporte, lo que se ha conseguido es causar un daño irreparable en este momento a la gran familia de la Escuela de fútbol de Barbadás, piensen en los niños, es lo mejor que tienen, ellos no pueden votar, ni restan ni suman. Por último, se ha conseguido que todo esto, hacer daño, ir en contra de unos principios éticos que estamos perdiendo, ningún niño hasta la fecha de hoy se ha dado de baja de la escuela, y si quieren más información, no tengo ningún problema en facilitársela.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu vou a clarificar solo unha cousiña, porque esto paréceme absolutamente, raya el esperpento absoluto as manifestacións aquí das súa Concelleira. Mire unha cousa, vamos a ver,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non considero eu eso, para nada,

O sr. Núñez toma a palabra: Si, si, todo esto raya o esperpento, raya absolutamente, e que non sabría calificalo, paréceme la burda comedia

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha burda comedia é o que dicen vostedes

O sr. Núñez toma a palabra: Unha pamplina enorme, bueno mire unha cousa, eu viñen aquí cando rexistramos a moción, reclamar unhos estatutos, que a min non se me entregaron aquí no Concello porque non estaban. Eu fun ó campo de fútbol y non había estatutos, a min ensináronme unhos estatutos tipo do ano noventa e un, donde realmente non figura nada, ni equipo A, B, C, D, no hai nada, más que unha asociación tipo del año noventa e un, eso é o que me enseñaron a min, y dixeron que me íbas a entregar unhas fotocopias de réximen interno, nunca estatutos, a min nadie me falou de estatutos polo tanto non pasei a recoller nada, porque non fotocopiaches estatutos, porque ou ben non os hai, ou non me os quixeches dar, non me os quixestes dar, eso que é así porque que quede claro que es así, vale y punto se acabó

A sra. Vispo toma a palabra: Quedaste en ir a buscarlos



O sr. Núñez toma a palabra: Quedei en ir a buscar o que non me fotocopiaches, que me fotocopiabas unha berza, berzas tamén teño eu, nada.

A sra. Vispo toma a palabra: Está allí para recogerlo cuando quieras

O sr. Núñez toma a palabra: No, no, no, olvídate, eu quero fotocopias dos estatutos, y ou ben non as hai, ou ben as agachan, porque aí é donde o señor Ángel Nóvoa, nas reunións cos pais, si dice que nos estatutos se establecen distintas cantidades de participantes, por exemplo no equipo A, ponte quince, que non o sei, que o dixó el que eu non o vin, no equipo B, dezaioito, e vinte no C, poño por caso que non o sei, para desta maneira no equipo A, entre comiñas, se compita, dende logo o BNG, fuxe da competitividade, como acabo de decir, pero como non sabemos o que dicen os estatutos porque non se saben donde están escritos, pois non sabemos nada. Entón eu xa digo, non teño nada en contra de que sean da casa nin que sean de fóra, pero simplemente si temos rapaces aquí, repito, débese promocionar y evidentemente os rapaces de aquí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos todos de acordo, nadie está en contra de eso.

O sr. Núñez toma a palabra: Vamos a ver que se mistura a política co deporte, vamos a ver evidentemente Consuelo eu veño a facer aquí política, non sei tú de que cobras, ou de que vives, porque o teu sueldo

A sra. Vispo toma a palabra: Pero nunca con los niños

O sr. Núñez toma a palabra: No, déixame falar a min, eu non meto ós nenos por medio, eu meto ós responsables políticos, si me deixa rematar, eu metín ós responsables políticos, á señora Consuelo Vispo Seara, por nefasta xestión, por mirar para outro lado, y metín ó señor Ángel Nóvoa, porque máis que coordinador e descoordinador da escola, porque non pode xustificarse, non pode ir un pai ou unha nai ou quen sexa a facerlle reclamacións e que, (palabras textuais), si no os gusta iros al Pabellón, o iros a no sé donde, eso non pode salir dunha persona que come y viste do Concello de Barbadás, que ten un sueldo para a escola, non é admisible y non é admisible pois o traballo que fai ela, que es nefasto, que es ningún. Entonces, evidentemente, eu non creo que o BNG non causou ningún dano para nada, simplemente o BNG, pon encima da mesa unha serie de cuestións, entenden que se deben de posicionar y que se deben de realizarse, como son a dimisión da señora Concelleira por nefasta xestión y a destitución do coordinador por non coordinar y por non facer nada, porque vamos a ver, é dicir, o que non pode ser é que digan, no, no, que tiña todo controlado y que realmente que se despistou en cinco minutos, pero que cinco minutos; non hai listado, non hai, é dicir, é todo unha



mentira, tras mentira y unha nefasta xestión, polo tanto o BNG trae hoxe aquí esta moción, e nada máis.

A sra. Morenza toma a palabra: O señor Ánxel Nóvoa, moi ben non o tuvo que facer, porque vai ser substituído agora a principios de ano,

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque se vai ir el

A sra. Morenza toma a palabra: É unha información, nós, é unha información que aparece na páxina web, e vai ser substituído por Modesto López, que é unha persoa vinculada a unha ex concelleira do Partido Popular, que estivo na anterior lexislatura, entón queríamos saber como se fai a selección dos coordinadores, a ver cuales son os criterios, si son criterios técnicos ou si son favores políticos. Despois tamén quería deixar claro que fala a Concelleira de que aparecemos nos medios de comunicación, tanto o BNG como o PSOE, bueno aparece o tema da saturación da escola de fútbol, é normal que apareza, é unha polémica que está aí, que os pais trasladáronnola, Serafín é unha persoa afectada é normal que apareza, tamén a política e o técnico mézclano vostedes cuando teñen a páxina web compartida a escola deportiva e o equipo de fútbol, e todo o entramado, vostedes si que mesturan o político co técnico. Sólo por último, e o afán recaudatorio, si o ano pasado 2012, recadaron vinteún mil seiscentas vintecinco, e este ano recádanse vinteseis mil, con eso xa se poderían pagar as medicinas do copago farmacéutico sin ter que depender dos favores do señor Alcalde

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben votos a favor da moción, votos en contra

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: “ **Moción do BNG esixindo responsabilidades na Escola Municipal de Fútbol de Barbadás**”

11- MOCIÓN DO BNG EXISNDO A DEMISIÓN DO ALCALDE E DO TENENTE DE ALCALDE DE BARBADÁS POLA IMPUTACIÓN XUDICIAL POR CORRUPCIÓN URBANÍSTICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son xa moitos os anos que o BNG vén denunciando a corrupción masiva que se estaba levando a cabo no concello de Barbadás á sombra do crecemento urbanístico. Esta corrupción, auspiciada desde o propio goberno do concello e do seu máximo representante os últimos 26 anos, o alcalde José Manuel



Frerie Couto, estivo apoiada pola estrutura provincial e galega do PP. Cómpre lembrar a cantidade de concelleiros relacionados directamente coa construción en Barbadás.

Moitos dos feitos denunciados polo BNG como casos de aproveitamento persoal ou en beneficio das empresas construtoras realizados polo goberno do PP en Barbadás están saíndo á luz pública nos últimos tempos.

Fraude fiscal, posíbel evasión de capitais, diñeiro en negro, traspaso de capitais a testafellos, compras de inmóbeis de dubidosa xustificación, cambios na planificación urbanística para favorecer a empresas amigas, etc. están sendo alvo dos medios de comunicación.

Agora é a xustiza a que vén a darnos a razón ao decidirse a imputar ao Sr. Alcalde e á súa man dereita no goberno en Barbadás.

No BNG consideramos que todos aqueles cargos políticos de están sendo obxecto de investigacións xudiciais derivadas da súa actuación política e que finalmente son imputados deben deixar inmediatamente o seu cargo e demitir.

Desde o grupo municipal do BNG de Barbadás consideramos que a cidadanía de Barbadás non se merece ter un alcalde baixo a sospeita permanente de corrupción, nin se merece levar o estigma de pertencer a un concello modelo de desfeita urbanística e corrupción política.

Vostedes aproveitaron a súa posición política para o seu enriquecemento persoal e para beneficio dos seus amigos. Agora correspóndelles asumir as consecuencias e demitir dos seus cargos.

Por todo o exposto solicitamos ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Barbadás exige ao Alcalde de Barbadás, José Manuel Freire, e ao Tenente de Alcalde, Manuel García a inmediata dimisión dos seus cargos políticos no concello de Barbadás e de todos aqueles que destes se deriven.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción do BNG sobre a dimisión a esixencia de dimisión do Alcalde e do Tenente de Alcalde. Ten a palabra o seu voceiro

O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego ven denunciando desde hai moito tempo a corrupción urbanística no noso Concello, xa cando se construíu o Carrefour, as nosas



compañeiras e os nosos compañeiros, neste Pleno denunciaron que había maletíns para pagar favores, para dar licencias de ocupación en terreos que non eran de Barbadás a empresas que despois por eso tiveron a tramitación xudicial que tiveron, porque construíron en terreos que eran de outros concellos, e tiveron que pagar certas indemnizacións; pero non foi solo ese caso, hai casos como os dos chalés que están na Moura, hoxe totalmente abandonados, reconstruídos sobre zonas queimadas, os chalés que se fixéron na zona de Godexás na parte de Piñor, os chalés que invadiron zona pública, na zona do Piñeiro tamén en Piñor, e denuncias como por exemplo a do AR-1, cando se modificou esa área de reparto para aumentar a edificabilidade en horizontal, e por suposto si se aumenta a edificabilidade en horizontal, desaparecen zonas verdes. As denuncias tamén que houbo sobre o AR-10, na primeira xa no ano 2008, unha modificación puntual no AR-10, onde desaparecían viais, creo eu que xa temos falado profundamente neste Pleno, agora non quero recordar todo eso. En todo caso todo esto que ven denunciando o Bloque Nacionalista Galego, agora por fin a xustiza parece que se pon a actuar, por fin, ademais según sae nos medios de comunicación, esto tamén xurde nunha documentación que deixamos na Fiscalía, para, sobre un dossier que había, que viña de mans precisamente do Partido Popular, que nos fixeron chegar y que deixamos na Fiscalía porque nós entendíamos que podía ser punitivo dun delito, ter esa documentación, que non sabíamos si era falsa, nin si era verdade, e puxémola a disposición da xustiza no Pazo de Xustiza, Xulgado de Garda concretamente. A xustiza adicouse por fin a actuar, que era o que tiña que ter feito hai moitísimos anos, aí moitísimos, esto non é nada novo, non é unha sorpresa, a sorpresa é que a xustiza actúe, pero non nada máis de eso. Pero non é solo esto, é actuación do Alcalde, toda a súa actuación política, nestes vinte e seis anos, e o que leva ó Bloque Nacionalista Galego a pedir a súa dimisión. Un Alcalde que se reconece a si mesmo como defraudador, que defrauda douscentos oito mil euros, oye, es que esto lle pasa a calquera, que un ano te olvida de declarar douscentos oito mil euros, a quen non lle ten pasado. Un Alcalde que vai a Portugal e aproveita todo o rebumbio mediático sobre o seu patrimonio para transferir patrimonio del á súa muller, á súa familia, a facer cambalache de empresas urbanísticas, inmobiliarias para ocultar, a fin de contas, ocultar o seu patrimonio utilizando testaferrros, bueno, esto tamén é algo habitual, tamén lle pasa a todo o mundo na súa familia todos os días. Un Alcalde que declara que compra oito vivendas, en Portugal, en Matosinhos, a un construtor, o maior propietario de terreos na área de reparto AR-10, o maior propietario, un construtor que é o maior construtor en Barbadás en volume de edificación, e curiosamente das oito vivendas que compra en Portugal, oye, compra as oito vivendas, no edificio do construtor, tamén é casualidade, un Alcalde que di que



seiscentos corenta dous mil euros que pagou polas oito vivendas, pero non se lembra si pagou en metálico ou con transferencia bancaria, que tamén é moi normal cando vamos votar gasolina, ás veces pagas con tarxeta, e outras veces pagas con diñeiro, y son cousas que se che esquecen, como non se che van a esquecer pagar oito pisos en Portugal, é algo moi normal, que lle pasa á xente do común neste País, son todo cousas moi normales; eu só vou ler unha cousa que dixo o outro día en Ourense o Fiscal Superior de Xustiza, Carlos Varela, dice: Cando a actuación do responsable político sexa incompatible cos principios éticos da boa gobernanza, parece claro que debería abandonar, aínda que a súa conducta non sexa delictiva. Asociar inocencia política e inocencia penal conduciría á absurda conclusión de que os responsables políticos poden desempeñar o seu cargo como queiran, tras as súas conductas non sexan condenadas xudicialmente pola comisión dun delito; esto o dí o Fiscal Superior de Xustiza de Galiza, e non é poque o diga este señor, pero é que o Bloque Nacionalista Galego ten dado leccións, y ó Bloque Nacionalista Galego nos falta tempo para dimitir, aínda sendo conscientes da nosa inocencia, aínda sendo absolutamente conscientes da inocencia de cargos do Bloque Nacionalista Galego, que por unha razón ou por outra caeron en algún tipo de imputación xurídica, nos faltou tempo para dimitir, nos faltou tempo, y eu creo que eso é o que temos que mostrarlle á sociedade. Isto tamén depende de como interpretas a política, tú interpretas a política como a interpreta Chelo, está claro que non debes dimitir, porque para Chelo a política é mala, contamina, ten un transfondo social, pexorativo, fixédevos xuntamos política e deporte, gravidade bestial absoluta, o sea, como podemos xuntar política e deporte, como podemos xuntar política e asuntos sociais, como podemos xuntar política e xustiza, verdade, no, non se pode, a xustiza está para os malos y por eso vostede se manteñen aí, está para aproveitamento y lucro persoal, vostede e tamén do Tenente de Alcalde, propietario de numerosas propiedades no Concello de Barbadás, y agora eu creo que chega o momento de dar tamén unha lección, dar unha lección y eu creo que compre que vostedes dean paso a outros membros do Partido Popular, para eso vostedes gañaron as eleccións, e mentras teñan un grupo municipal, que sustenta o Goberno do Partido Popular dea paso vostede a outra persoa que non estea manchada, de corrupción urbanística, que non estea constantemente baixo os focos da atención dos medios de comunicación e da cidadanía, e sáquelle vostede a carga y o estigma que supón a todos os cidadáns deste Concello, vivir nun Concello que temos un Alcalde constantemente sospeitoso de corrupción urbanística y de aproveitamento do seu traballo na política para enriquecemento persoal, ese é o motivo polo que o Bloque Nacionalista Galego pide unha vez máis, e o seguirá facendo a dimisión de Xosé Manuel Freire Couto e de Manuel García.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do PSOE

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, a veciñanza de Barbadás está farta de rumores, de sospeitas e de faladurías, a veciñanza de Barbadás está farta de brindis ó sol, e quere feitos, todos os rumores, todas as sospeitas e todas as faladurías, deben encauzarse cando teñen visos de ser reais, estas teñen visos de ser reais, e o Grupo Municipal Socialista foi o único que tivo a valentía de investigar polo miúdo o emporio Freire, o único que foi capaz de presentar diante da xustiza unha denuncia coherente e documentada, e decirlle ó señor Fírvida, que a xustiza non se pon a andar sen máis, a xustiza todas as dilixencias que ten elaborado hasta agora mesmo, que ten tomado hasta agora mesmo, son derivadas dunha denuncia do Partido Socialista presentada por Xosé Carlos Valcárcel Doval, voceiro do PSOE aquí en Barbadás, o día 12 de xullo, non se derivan de outro tipo de actuacións, nin de denuncia. Resulta evidente que a cidadanía en xeral está farta de políticos supostamente corruptos, que utilizan o seu cargo para beneficio propio, e no Grupo Socialista de Barbadás temos sospeitas fundadas, que este presuntamente pode ser o caso de Barbadás. A veciñanza reclama, esixe día a día, accións contundentes e decididas, que permitan desenmascarar a este tipo de político vividor, e que tan só busca o interese particular en detrimento dos intereses xerais; no caso de Barbadás, este tipo de actitudes e comportamentos veñen supostamente producíndose de forma repetitiva desde hai anos. Dadas todas as sospeitas o Partido Socialista de Barbadás, está facendo o traballo que consideramos nos esixe a sociedade do noso Concello; este labor consiste en investigar polo miúdo todo o acontecido nos últimos dez anos, en varias áreas de reparto ubicadas na Valenzá. Despois desta análise o Grupo Municipal Socialista, non ten máis opción que acudir á xustiza, dado que detectamos supostas ilegalidades, que poden ser constitutivas dos delitos de prevaricación continuada, e, ou cofeito continuado, e de negociacións prohibidas por parte do Alcalde, José Manuel Freire Couto e tamén de Manuel García. Os feitos son os seguintes a finais do 2003, a entidade Habitarama, SL, filial de Mahía Grupo Inmobiliario, solicita a aprobación do plano de reforma interior do AR-1 de A Valenzá, cunha serie de propostas que consideramos ilegais, e outras que benefician a promotoras sin xustificación aparente e que non foron aprobadas polo Concello de Barbadás; entre as propostas presuntamente ilegais e que foron aprobadas atópanse as seguintes: como decía Xosé Manoel Fírvida, elevación da superficie da área de reparto prevista no Plan Xeral de noventa e cinco mil setenta e sete metros cadrados a cen mil oitocentos trinta e tres metros e como superficie computable, noventa e nove mil oitocentos metros cadrados, aquí hai que dicir que isto permíteo facer a Lei, modificar, aumentar a edificabilidade, nun cinco por cento por parte do promotor, sin necesidade de que se faga



unha comprobación por parte dos técnicos, foi moi ben aproveitado o marxen legal que se ha dado, non se superou, do dez por cento, perdón; dado o incremento da citada superficie auméntase a posibilidade edificatoria ata oitenta e un mil oitocentos trinta e seis metros cadrados, é dicir, tres mil oitocentos trinta e seis metros cadrados de chan residencial adicionais, e outros nove mil trescentos oitenta e un metros cadrados de superficie comercial, é dicir, auméntase en catrocentos vintetrés metros cadrados. Terceira ilegalidade ou suposta ilegalidade, incúmprese a normativa autonómica de reserva do vinte por cento do volume que debe ir adicado a vivenda protexida; cuarta, incúmprese a normativa en relación á previsión de prazas de garaxes de dous por cada cen metros cuadrados edificables co vintecinco por cento de dominio público. Tamén se beneficia a promotora con supresión das glorietas proxectadas no plano xeral, de xeito que a urbanización é menos gravosa, e finalmente faise un xogo malabar á hora de ceder ó Concello de Barbadás os parques públicos, posto que debaixo dos mesmos, ían a construírse os garaxes dos edificios, algo que non está permitido, xa que a cesión debe ser incluíndo o subsolo. Este último aspecto motivou que o vinteún de abril do 2007, se publique no BOE, unha resolución de data 26 de marzo do mesmo ano da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado, no que se desestima o recurso interposto pola Xunta de compensación do AR-1, contra a negativa do Rexistrador da Propiedade número 2 de Ourense, a realizar a inscrición dun documento público administrativo de operacións xurídicas complementarias o proxecto de compensación do AR-1 de A Valenzá. A citada operación xurídica complementaria supón unha violación da normativa vixente, chegando o rexistrador a sinalar que se vulnera o artigo 132.1 da Constitución, incluso hai unha vulneración da Constitución; o rexistrador manifesta a imposibilidade de ceder o uso e/ou a propiedade do subsolo, das zonas verdes previamente cedidas ó Concello para constituír as prazas, dos edificios construídos e que aínda que existira esa posibilidade teórica de facelo, o procedemento empregado non era o acaído; as vulneracións que sinala o rexistrador son tan claras e evidentes, que non é posible que sexan o resultado da casualidade ou dun erro, así o di o rexistrador. Señor Freire vostede e os seus equipos de goberno cometen irregularidades sistematicamente, que supostamente son constitutivas de delito y que ademais son amonestados de xeito contundente no Boletín Oficial do Estado, ó mesmo tempo, aquí ven o xogo malabar, ó mesmo tempo que o Concello dirixido por vostede, señor Freire, tramitaba o PERI do AR-1, a entidade Alba-María, promotora de bens, inmóbeis, LDA, merca supostamente o 20 de abril do 2004, cando a citada entidade carecía aínda de actividade por haber sido constituída o 30 de xaneiro anterior, dous inmóbeis á sociedade portuguesa na que Ramón López Casal, propietario de Mahía era accionista, e



directivo de López Noya; vostede cómpralle a López Noya, cando este señor é ademais propietario e accionista de Mahía, é unha filial; hai que destacar, como dicía antes que o señor citado López Casal, é tamén presidente de Mahía, destes xeitos realízanse as seguintes operacións, compra dun inmovible sito en Matosinhos, na Avenida da Liberdade, 145, 5º andar con trasteiro e garaxe, e outro inmovible máis no 8º andar; hai que remarcar que todo isto, isto é importante, que todo isto coincide coas datas de aprobación inicial e definitiva do PERI do AR-1, é dicir, 19 de xaneiro, aprobación inicial e 26 de abril do 2004, aprobación definitiva, e adquírense os pisos en cuestión, o 20 de abril do 2004, é decir, seis días antes da aprobación definitiva do PERI do AR-1, seis días antes, casualidad, dice el señor Alcalde

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois si, por suposto que si, eso pódeo ter ben seguro

O sr. Valcárcel toma a palabra: Casualidad, pero vamos a seguir cas casualidades, voulle contalas todas elas. Posteriormente en data 28 de setembro de 2006, Alba-María adquire presuntamente sin contraprestación económica, e novamente a López Noya, neste caso seis inmobles, ubicados igualmente que os dous anteriores mencionados, na Avenida da Liberdade, 145, de Matosinhos neste caso, ubicados en distintos andares. Estas adquisicións, repito supostamente sin contraprestación económica, realízanse dous meses e medio despois de que a Xunta de compensación

O sr. Alcalde toma a palabra: Está mentido total e absolutamente

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non minto que está acreditado

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle consinto que diga sen prestación económica baixo ningún concepto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Supostamente estou decindo

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale, pois non é certo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estou decindo supostamente, bueno pois usted deféndase como lle pareza

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, vamos a ver usted xa o ten no xulgado, o xulgado se vai a encargar de demostralo, non se preocupe

O sr. Valcárcel toma a palabra: Y eu teño a posibilidade

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque aparte está metendo unha denuncia que non ten nada que ver ca moción. Usted teno no xulgado verdad, pois o xulgado vaise encargar de demostrar todo o que hai, non se preocupe tranquilo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Exactamente.



O sr. Alcalde toma a palabra: Porque eso é unha sarta de mentiras o que está usted dicindo aí, de mentiras totales y lle garantizo que se vai demostrar na xustiza, non se preocupe nin se agobie, porque xa está e mans do xulgado, entonces usted, como está dicindo mentiras córtolle a palabra, a moción que a ten o BNG que a siga, y punto. É que me parece bochornoso a cantidad de mentiras que usted ten nesa denuncia

O sr. Valcárcel toma a palabra: Teño dereito a unha segunda réplica

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale, pois agora ten a palabra el, porque é que xa está ben, xa está ben que me tome o pelo. Mire, espere voulle a contestar antes, non houbo ningunha irregularidade desde que nós estamos aquí, y dende que son eu Alcalde, ningunha

O sr. Valcárcel toma a palabra: Por eso non se permite inscribir no rexistro, e por eso sale no BOE

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, todo, o que houbo algunha anotación, foi subsanado, todo foi subsanado, de feito está claro que se non fora subsanado non se poderían vender, ou usted quere facernos tontos, ou é o usted

O sr. Valcárcel toma a palabra: A cambio de

O sr. Alcalde toma a palabra: A cambio de nada, usted cree que a alguien se lle ocorre, darlle algo a alguien cando fai unha operación que é para oitocentas vivendas, na que el pode ter cen ou duascenas así pola cara, pero usted de que vai, usted cree que alguien faría eso. Vamos a ver é que lle prohibo terminantemente que diga eso, ou senón vouno levar o xulgado, y vouno acabar levándoo cando acabe todo esto, llo garantizo e llo digo aquí publicamente, que coincida, mire entereime que coincidía eso cando usted puxo a denuncia, nin tiña puñetera idea de que conicidira unha cousa con outra, para nada, eso é como si chove, e coincide que usted leva un paraugas, e entonces xa sabía que iba a chover e abre o paraugas, eso coincidiu puramente de casualidad, que lle quede a vostede ben claro y lle vou demostrar, y xa llo digo e anticipo que me vai ter que dicilo no xulgado, porque xa está ben, xa está ben de tantas de calumnias, oye si concidiu, concidiu, eu non o sabía sinceramente, y por suposto ese señor a min non me deu nada, nin ese nin nadie, y xa llo digo, y senón o tempo será testigo, hai que ter jeta, dicir que houbo un montón de, di supostas, claro que son supostas irregularidades, eiquí non houbo ningunha irregularidade hasta o día de hoxe, ningunha, non houbo ningunha, porque se houbera algunha, loxicamente xa houberan, ustedes xa houberan denunciado antes, ustedes agora están eiquí tocando de oído, para ver si cae algo, y teñen a suerte de que o xuez dice algunha cousa, y nos imputa por algo que realmente pois que non nos vai a imputar, porque non existe, pero si mentras tanto, hai polémica mediática



O sr. Valcárcel toma a palabra: Hai documentación, señor Freire hai moita documentación

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai moita polémica mediática e eso lle vai moi ben a ustedes cara ás eleccións, sábeno ustedes moi ben porque foron incapaces sempre de ganarnos ós que estamos aquí durante vinteito anos, e entóns como polo voto xa non, porque ustedes non teñen credibilidade nin unhos nin os outros, nunca os votaron neste Ayuntamiento, y supoño que tampouco os van a votar, para poder gobernar me refiero, entóns ustedes aproveitan este rolo que hai mediático, e rechazo político en general, para intentar beneficiarse, pero se vai demostrar, tranquilo, que nós estamos tranquilísimos, lle digo que estou máis tranquilo, eu estou tan tranquilo como estaba antes de esto todo, non, é que é mentira, é que son un montón de mentiras, que hai corrupción, que hai prevaricación, pero donde está eso, a ver, vaino desmostrar a xustiza, estamos nas mans que temos que estar, entóns de aquí a un tempo andaremos e falaremos, y eu si a xustiza me imputan algo, ou si me imputan non, si me condenan, dimito. Ahora ustedes teñen dúas varas de medirse señores do BNG, porque ustedes teñen nas súas filas, a súa jefa de filas eiquí, que foi eiquí Concelleira, non é imputada, foi condenada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e aínda non dimitiu hoxe, é Diputada autonómica, e leva de Diputada autonómica quince anos, y é unha señora que é condenada, gústelles ou non lles guste, é unha señora condenada, punto

A sra. González toma a palabra: Sabe que señor Alcalde,

O sr. Alcalde toma a palabra: É unha señora condenada, é unha señora condenada

A sra. González toma a palabra: Estivo condenada por estar ó lado dos veciños y usted por agora está imputado por roubar

O sr. Alcalde toma a palabra: A min, eu non roubei nada a ninguén, coide as palabras, porque lle digo de antemano

A sra. González toma a palabra: Imputado, xa que é sospeitoso de roubar e de aproveitarse do seu cargo público, esa é a diferenza entre vostede e a señora Tereixa Paz, é a gran diferenza

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora Tereixa Paz, é condenada, está condenada, gústelle ou non lle guste

A sra. González toma a palabra: Por estar ó lado da xente

O sr. Alcalde toma a palabra: Y eu hasta o de agora non estou condenado por nadie

A sra. González toma a palabra: Por estar defendendo á xente

O sr. Alcalde toma a palabra: Dame igual é condenada



A sra. González toma a palabra: E vostede por agora está imputado, e nos medios de comunicación sospeitoso de roubo e de facerse rico a conta do seu cargo público, esa é a vergonza que ten vostede

O sr. Alcalde toma a palabra: Dígolle unha cousa, sospeitoso pode ser quen queira, agora a min de momento nadie me condenou, de momento, e esa señora, é condenada, y non dimitiu nunca

A sra. González toma a palabra: E volvería a facelo seguro, se llo preguntan seguro que o volvería a facelo.

O sr. Alcalde toma a palabra: E a condena non ten calificativos, condena ou non é condena, e imputado non é imputado

A sra. González toma a palabra: Orgullosa de Tereixa Paz

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois bueno, ustedes teñen que predicar co mesmo exemplo, ustedes teñen unha vara de medir para unhos e para outros

A sra. González toma a palabra: Orgullos de Tereixa paz, e avergoñada de vostede

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale moi ben, ese é o seu criterio, y eso é o que hai, e xa lle digo de antemán, que de entrada teñen dúas varas de medir. Y usted coidado coas mentiras que conta porque á larga, xa lle digo de antemano vai ter que arrepentirse, porque unha cousa é que demostre quen teña que demostrar as cousas, e outra cousa é que usted faga aí unha confabulación mediático-política, que é unha confabulación, que está aí facendo, xuntando fechas, nin eu tiña idea de que eso coincidía así, nin para nada

O sr. Valcárcel toma a palabra: Que vai dicir

O sr. Alcalde toma a palabra: Que vou dicir, non eu digo o que é, y a xustiza o vai demostrar, y eso oye andaremos y lo veremos

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro dicirille o Partido Socialista, Xosé Carlos báixate do pedestal, antes de que tu chegaras eiquí, o Bloque Nacionalista Galego tiña denunciado, cincuenta mil casos, mira, o do AR-1 denunciouno o Bloque Nacionalista Galego, o do AR-10, denunciouno o Bloque Nacionalista Galego, as cifras do enriquecemento deunas o Bloque Nacionalista Galego, entón cal é a diferenza, que nós nos vamos á xustiza, porque nós cremos na actuación política, por certo, Tereixa Paz, non está condenada por ningunha actuación política, a eso é o que quería chegar eu, Tereixa Paz, está, tuvo un xuízo, e está condenada por unha actuación persoal co señor Freire Couto, por un problema persoal, no está condenada pola súa actuación política, non a colleron roubando

O sr. Alcalde toma a palabra: A min tampouco



O sr. Fírvida toma a palabra: Digo, non a colleron roubando, digo o que digo, entonces, esa é a diferenza entre vostede e ela, por defender ós veciños, por certo. Entonces Xosé Carlos, vale, queredes ir a xustiza, ide á xustiza, facede o que vos pete, a ver como se acaba o conto; pero o Bloque Nacionalista Galego entende que a política tense que debater nas institucións políticas, non no xulgados, a non ser que sexan casos xa extremos, pero tense que debater onde hai actuación política, onde os cidadáns nos votan para que os representemos

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero con eso non ganan as eleccións

O sr. Fírvida toma a palabra: E aí colle a denuncia política, que é o que estamos facendo hoxe, e é o que vimos facendo non o noso grupo, que se cadra fomos os que menos traballamos, senón os que estiveron antes ca nós, que o fixeron cincuenta mil veces, e o teñen denunciado cincuenta mil veces, bueno agora vós o queredes meter na xustiza, por certo moita desa información é o dossier que ven do Partido Popular, que todos o tivemos na man, e que eu tamén levei ó xulgado de garda, o que pasa é que eu non poño denuncias, eu denuncieme a min mesmo, esa é a diferenza, eu denuncieime a min por ter na man esa documentación, fíxate, porque eu creo que non podía ter eso na man, porque era dunha gravidade extrema, e é moitas das cousas que tu acabas de ler, bueno si é de gravidade o que ten que facer a xustiza é actuar de oficio, e agora si actúa eu parabéns pola xustiza, que actúe, si señor, pero nós eiquí vimos a facer un debate político, desde logo nós seguimos pedindo a dimisión de Freire Couto, porque considermos que é absolutamente infumable, permanecer como Alcalde dun Concello, unha persoa con todas as sospeitas que ten, e todos os actos cometidos nos últimos meses, nos últimos meses, xa non digo antes, pero todo isto dos cambalaches dos patrimonios, de propiedades. A ver non é certo que se cambio patrimonio de vostede á súa filla,

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, pero vamos a ver, eso é algún delito

O sr. Fírvida toma a palabra: Non é delito, por eso non estou na xustiza, por eso estou eiquí

O sr. Alcalde toma a palabra: E a usted que lle importa si llo dou a miña filla, ou llo dou, ou llo deixo de dar

O sr. Fírvida toma a palabra: Claro que non me importa, pero digo que esa non é unha actuación política; e vostede cree que é dun político, que dirixe un Concello, agochar os intereses, agochar os impostos, e pagar menos, o sea, vostede, lle está cobrando impostos ós cidadáns de Barbadás, e sin embargo, vostede é un defraudador fiscal

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten eso ago de particular, eso é gestionar o meu patrimonio como eu estimo oportuno



O sr. Fírvida toma a palabra: É un defraudador fiscal, pero só por dous anos coñecidos, porque a declaración da renda, dos outros catro anos que nos prometeu naquel Pleno do 26 de febreiro, que nos iba a presentar, aínda estamos esperando hoxe por ela, porque non a trouxo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Se quere a declaración da renda, tena facenda, que é quen a ten que ter

O sr. Fírvida toma a palabra: Trouxo a de dous anos, onde defraudaba douscentos oito mil euros, recoñecido por facenda, con sanción, polo tanto nós non nos inventamos nada, a min non me pode acusar de inventar nada, si son os seu chanchullos

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso, xa o paguei, que quere que lle diga, está pagado, eso non é ningún delito, si fora delito, xa o houberan mandado eles o xulgado

O sr. Fírvida toma a palabra: Pedimos a súa dimisión pola súa actuación política, que non é digna,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso, que acaba de falar vostede, non é política é personal, a declaración da renda non é algo político, é persoal

O sr. Fírvida toma a palabra: É persoal cando se trata de defraudar impostos, cando temos que ser nós os que demos exemplo á cidadanía, ou a vostede lle parecería ben que Cristóbal Montoro, defraudase impostos, a no es que es personal, no da igual, ou que De Guindos; vostedes que están aplicando recortes, encima dicen que é algo persoal non pagar impostos, cando antes recordou que non chegaba o diñeiro, para pagar todo o que hai que pagar, home claro é que eiquí cada un dí o que lle peta.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estas adquisicións supostamente sin contraprestación, realízanse dous meses e medio despois de que a Xunta de Goberno Local aprobara un expediente de operación xurídicas complementarias ó proxecto de compensación do AR-1 de A Valenzá, que ten como obxecto asignar as parcelas edificables ó uso do subsolo, de parte das parcelas que teñen consideración de zonas verdes públicas, espazos libres, é dicir, o Concello mediante este documento asigna zonas verdes e libres para construír garaxes, a cambio presuntamente, a emesa familiar de Freire recibe seis pisos máis en Matosinhos. Pero as supostas contraprestacións non rematan aí, xa que o 16 de xuño do 2006, exactamente catro días despois, da decisión antes citada da Xunta de Goberno Local de Barbadás, a esposa do señor Freire adquire un piso en Sanxenxo, valorado aproximadamente en cento oitenta mil euros, e ademais o día 1 de abril do 2004, é dicir, dous meses e medio despois da aprobación inicial do AR-1, e tan só vintecinco días antes da aprobación definitiva.



O sr. Alcalde toma a palabra: Voulle facer un hincapié, a miña señora conseguiu un piso con préstamo do Banco Espíritu Santo,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Paréceme ben

O sr. Alcalde toma a palabra: Por si che vale de algo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si, váleme,

O sr. Alcalde toma a palabra: O sea, que á miña muller non a metas en esto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Merca en copropiedade con Domingo Prieto Martínez, un baixo na Avda. De Celanova. O señor Domingo Prieto Martínez, era o señor que era o propietario dos dez mil seiscientos metros, ou once mil seiscientos metros, agora non me acordo da área de reparto en cuestión, que logo comprou Mahía. Moitas coincidencias, señor Alcalde, que vostede terá que clarexar, máxime cando declara diante da xustiza, que non lembra cal é a procedencia dos cartos, cos que pagou en efectivo todas estas propiedades

O sr. Alcalde toma a palabra: Procedencia, eu non dixen tal cousa, perdone

O sr. Valcárcel toma a palabra: Téñoas eiquí as declaracións, non llas vou a leer, porque non podo, pero téñoas aí

O sr. Alcalde toma a palabra: Non dice eso, usted dice o que lle sale das narices

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede ten unha memoria moi selectiva, xa que só lembra o que lle convén, e cando lle convén, e en este caso estamos falando do entorno a novecentos mil euros, digo esto porque vostede nun Pleno extraordinario, no que o PSdeG igual que o BNG, pediu a súa dimisión, quixo convencernos de que a orixe do seu patrimonio procedía entre outros dunha herencia

O sr. Alcalde toma a palabra: A do meu persoal si

O sr. Valcárcel toma a palabra: Señor Freire, vostede mentiu nese Pleno, faltou á verdade e por esa simple razón, xa tiña que dimitir, ademais de confirmar que cometeu un delito fiscal, outra razón máis para haber dimitido; pero hai supostamente máis implicados

O sr. Alcalde toma a palabra: Non era delito fiscal, cuidado

O sr. Valcárcel toma a palabra: Unha falta grave, pero hai supostamente máis implicados en todos estes turbios asuntos, entre os que está o seu Tenente Alcalde, outro dos seus Concelleiros, ata máis do 2011, que por respecto a él, dado que xa non está, xa non é membro da Corporación

O sr. Alcalde toma a palabra: E tamén o menciona como que lle deu

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si o menciono é porque teño probas,



O sr. Alcalde toma a palabra: Non tes probas ningunhas, ningunhas, ese señor comprou unha parcela aí na Moura, xa llo dixen eu que está tamén aí, e o señor ese pagou e punto, y el comprou o que lle diu a gana, deulle a gana de comprar alí, como se compra noutro lado, tamén cho anticipo, tamén a parte de comprar esa propiedade máis, creo que en Nigrán, déronlle unha cantidade de diñeiro y el comprou onde quixo, que problema hai con eso

O sr. Valcárcel toma a palabra: Xa que non é membro da Corporación, e polo tanto non estar presente non vou facilitar máis información, queda claro que vostede debe irse xa, a súa traxectoria política, xa ten titular, e ven dado por suposto por todas as actividades paralelas que vostede realizou, durante o seu goberno, polo ben de Barbadás, váiase,

O sr. Alcalde toma a palabra: Que ganas teñen de que me vaia, pois ó mellor aínda lle vai costar un pouco, xa llo digo de antemano, porque a verdade sea dita, pensaba irme, agora vouno pensar, irme cando proceda, ó mellor igual se levan un susto cuando sean as eleccións, mire por donde

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno, pois mire

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois si, pois si, dadas as circunstancias, si non lle preocupara non facía todo este montaje

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede non sabe que aínda hai xente que loita pola honradez e a honestidade, pero como eso non lle entra na chola

O sr. Alcalde toma a palabra: A nós hasta ahora, nadie nos pode decir nada

O sr. González toma a palabra (PP): Eu digo que unha denuncia pódea facer calquera, a calquera, o único que hai de momento é unha denuncia, y unhas declaracións previas, unhas diligencias previas, eu estou contento, si me fastidia algo, é polos medios e pola transcendencia que vós lle dades, senón eu, porque a xustiza me investigue, estou feliz y tranquilo, que se vai saber o que é verdade. Eu non estou imputado, e xa volo digo agora, nin vou a estar, porque eu teño todo moi claro e moi limpo na miña vida, todo moi claro e moi limpo, e nunca lle defraudei nada a nadie, paguei sempre cos meus cuartos, e se os teño é do meu traballo e dos meus, e xa vos digo non vou a estar imputado, porque non ten que imputarme nadie, porque todo o que teño, téño moi clariño, moi limpo, e solamente vos quería decir esto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Só unha pequena aclaración, con relación a ese tema. Vamos a ver a denuncia contra vostede, fai referencia á imposibilidade de votar na resolución da AR-10, punto final. A vostede non o investigamos, así de claro, tamén o hai que decir, pero aínda podemos

O sr. García toma a palabra: Eu si votei no Pleno eso, é porque a Secretaria



O sr. Valcárcel toma a palabra: Con un informe posterior

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no previo

O sr. Valcárcel toma a palabra: No, no, despois

A sra. Secretaria toma a palabra: Previo, simultáneo y posterior, tres

O sr. García toma a palabra: Un anterior, y outro antes de votar

A sra. Secretaria toma a palabra: Repito, previo verbal, simultáneo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Verbal, claro

A sra. Secretaria toma a palabra: Es que si cada cosa que me consultan tengo que hacerla por escrito

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois esto non estaba demais, sabendo esto non estaba demais, sabendo que a oposición, ou concretamente nós o íbamos a pedir, non estaba nada demais, cando noutros casos se fan informes porque si.

A sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver previo en el momento que me hacen la consulta verbal, podemos o no podemos votar, simultáneo antes de proceder a la votación, a petición del voceiro del Grupo Socialista, y lo emití verbalmente y consta en el acta, y posterior a petición de cuatro Concelleiros de esta Corporación, por lo tanto ya está, es decir, la prevaricación cae en el momento que existe un informe jurídico, porque la prevaricación se define como el que ha sabiendas adoptada, así lo dice el Código Penal, una resolución manifiestamente injusta, el ha sabiendas desaparece en el momento que hay un informe técnico, por qué emito ese informe técnico, uno porque me lo pide el Presidente de la Corporación, solo hay tres supuestos en los que yo tengo que informar obligatoriamente, quiera o no quiera, el resto es si quiero, tres supuesto son: uno cuando me lo pide el Presidente de la Corporación, que es el caso, dos cuando se trata de asuntos que requieren para su aprobación mayoría absoluta, que es el caso, y tres cuando me lo pide una tercera parte del número legal de miembros de la Corporación, que es el caso, por lo tano se daban los tres casos juntos en un mismo asunto, tenía que emitir el informe con arreglo a derecho se emitió y por lo tanto esa denuncia de prevaricación carece absolutamente, la primera, de fundamento jurídico, porque yo en donde estoy metida es en la primera, carece absolutamente de fundamento jurídico, es que el fiscal ni se presentó, ni se presentó a la declaración; ahora la ampliación de la denuncia desconozco los términos, no, no, ahora no voy a discutir con usted de derecho, porque yo no estoy aquí para discutir de derecho

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non se trata de discutir de dereito, trátase simplemente de decir que non se queira erixir en abogado defensor do señor Alcalde, nin do Teniente de Alcalde,



A sra. Secretaria toma a palabra: Desde el momento que yo estoy saliendo en prensa que yo apoyo las supuestas fechorías de un Alcalde y de un Teniente Alcalde con un informe jurídico, tengo derecho yo también a responderle a usted

O sr. Valcárcel toma a palabra: Y eu a responderlle, por alusións. Segunda cuestión, agora dado que estamos entrando en esa dinámica imos a contalo todo, vostede non é a única persoa experta en dereito neste País, nin se endiose, nin cousas polo estilo, hai xente que opina, bueno hai xente non, sábese, ou está demostrado que esos informes están cortados, pegados, por donde le parece a la señora Secretaria, en moitos dos casos.

A sra. Secretaria toma a palabra: Ahora usted me está acusando a mi de hacer informes a medida, está atentando contra mi profesionalidad, contra mi honorabilidad profesional, mire usted no soy la única experta que hay en el mundo, precisamente en mi familia tengo tres fiscales, y además les consulto también, y esa es una chorrada de denuncia la que presentaron, lo siento mucho, es una chorrada desde el punto de vista jurídico y no le consiento, ya se lo dije una vez; yo soy aquí una funcionaria que tengo el asesoramiento legal de la Corporación, no le consiento a nivel particular, que ataque mi honorabilidad profesional, porque mañana puede ser usted el que esté sentado en esta silla, igual se puede comer esas palabras, no porque también lo haré por usted, no, si soy una corrupta pervertida, lo seré con todo el mundo, no, no, eso no se lo permito, mire yo he informado conforme a la doctrina del Tribunal Supremo y conforme a criterios que tengo absolutamente claros, que incluyen no solo las ideas de planeamiento urbanístico, sino incluyen supuestos de aprobación presupuestaria y que se dan los mismos conflictos, esa doctrina está completamente superada desde hace muchísimo tiempo, eso respecto a la posibilidad o no posibilidad de votación, en el resto yo no soy juez, no soy fiscal, y no voy a entrar, ya están ustedes, ustedes denuncian, la justicia investiga, ellos se defienden, yo estoy hablando defendiendo mi informe, y mi honorabilidad a la hora de hacer informes, y no se lo permito, porque yo como de esto, este es mi puesto de trabajo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Última intervención pola miña parte, simplemente decir que hai opinións contrapostas en relación ó que vostede di, e hai sentencias contrapostas en relación ó que vostede di, e utilizar o que vostede está facendo agora mesmo, decindo que unha denuncia é unha auténtica chorrada, eso é o seu criterio, pero resulta que a xuíza o está investigando, entón xa está tomando parte,

A sra. Secretaria toma a palabra: No eso no, que el fiscal ni siquiera fue.



O sr. Valcárcel toma a palabra: O conxunto da denuncia está sendo investigada, polo tanto vostede está tomando parte neste momento

A sra. Secretaria toma a palabra: Yo estoy tomando parte por mi informe

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, votos a favor da moción, votos en contra, queda rexeitada Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **Moción do BNG esixindo a dimisión do Alcalde e do Tenente de Alcalde de Barbadás pola imputación xudicial por corrupción urbanística**

A sra. Secretaria toma a palabra: Ahora hay que someter a votación la resolución de alegaciones de dos ordenanzas, son: la Ordenanza fiscal reguladora del servicio de Axuda no Fogar, y lo que es la Ordenanza reguladora del servicio en si mismo, que sería el reglamento. Existen alegaciones del Partido Socialista y existen alegaciones del BNG; existen también informes técnicos emitidos por la Trabajadora Social, relativos a cada una de las alegaciones. En la primera, bueno en realidad en las dos informa la técnico sobre la desestimación de esas alegaciones, en base a diferentes criterios, que bueno me imagino que respecto al primero ya tienen el informe, el segundo se lo hemos pasado, y nada más que decir porque son cuestiones puramente técnicas, es decir, técnicas de la técnica de Servicios Sociales. Ella entiende que deben ser desestimadas, porque ya se recogen sus pretensiones de una manera u otra, o cuando no se recogen es porque hay que adaptarse a la normativa legal, eso es básicamente lo que dicen los informes. Se acordó por unanimidad meter.

12- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACION DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O sr. Alcalde toma a palabra: A proposta de Alcaldía é que as contestación son puramente técnicas, nós vamos a ter en conta, a resposta da técnica, co cual vamos a desestimar as alegacións, eso dígo a título genérico, si o queredes debatilo, debatímolo, pero non creo que requiera moito debate, están aí as cuestións de cada un de vós

A sra. González toma a palabra: En principio decir que é unha ordenanza fiscal, que é unha farsa, é unha farsa desde o punto de vista que se anuncian unha serie de servizos, que non existen, nin teñen pensado que existan, tal como se ve nos orzamentos, é decir, aí falan de servizo de podoloxía, de fisioterapia, de lavandería, e en ningún momento, ademais recoñecérono xa na aprobación inicial delas



se vai a poñer en marcha, entonces eso é unha mentira, aparece na ordenanza unha serie de servizos que non existen, que non se prestan, e que non teñen pensado prestar, nun futuro máis ou menos inmediato, cando menos de eiquí ó final da lexislatura, non teñen pensado poñelos en marcha, nin a través de xestión directa, nin a través de xestión indirecta, entón eso realmente, ou explícita como se vai a poñer en marcha, cando, en función a que, en base a que criterios y en base a que prioridades se van a utilizar esos servizos, ou eses servizos non teñen que aparecer porque non existen, nin hai intención política de que existan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non existen hoxe, pero poden existir para o ano que ven, queda a ordenanza aprobada

A sra. González toma a palabra: Non, porque vamos a ver, pero non existen, o ano que ven si van a existir, modificana, como modifican estas cousas que veñen modificando da Escola infantil, como modificaron o ruego, que lle levou catro anos modificalo, pois bueno, en función deeso van ustedes modificando; de feito eu supoño que a utilización de servizos de lavandería, de fisioterapia, igual necesitan unha ordenanza aparte, igual non sei. Despois no artigo 8, previo estudos de servizos sociais, si efectivamente se está facendo así, no artigo 8, punto f, digo que engadir, previo estudo dos servizos sociais, si efectivamente se está facendo así, é un absurdo non poñelo, que si efectivamente as persoas que non pagan, os servizos sociais están analizando por que, e vendo as circunstancias persoais e todo, é un absurdo pois non escribir previo estudo dos servizos sociais, nunha ordenanza que está regulando o tema da axuda no fogar. Despois no relativo ó artigo 10, deixan unha porta aberta unha vez máis a privatización y externalización do servizos deste tipo, entón este artigo, nós vemos, o BNG ven pedindo, solicitando, alegando, desde que a ordenanza ven aquí a este Pleno, en varias ocasións, que ese artigo sexa retirado, porque vostede manifestou que non ten intención de privatizalo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, díxeno e o manteño

A sra. González toma a palabra: Entón ese artigo, pretendemos que sexa retirado, porque só se mantería na situación de que vostede quixese desmantelar completamente, como lle manda o Partido Popular, servizos públicos, como o servizo de axuda no fogar,

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero voulle decir unha cousa, esto todo vai quedar amañado a partir do 2 de enero, cando se aprobe a Lei de Réxime Local, de que se vai facer cargo a Xunta de todo esto, o sea que por moito que digamos nós

A sra. González toma a palabra: Precisamente, quítese a mochila, e retire o artigo 10, que despois a Xunta xa o volverá a poñer, claro vostede retíreo; e despois hai un aspecto que a min chámame a



atención das técnicas, que recoñecen varios aspectos que, si nós o que estamos pedindo, xa está recoñecido o normal é que para diante, non para atrás; e despois aparece aquí en algún momento, dicen que non se fala de voluntariado, e si se fala de voluntariado, falábase na anterior e vólvese a falar nesta de voluntariado, concretamente dice algo así, anoteino pero non sei ben donde agora, si se fala de voluntariado, entón a técnica que se lea ben a ordenanza, antes de contestala, reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social, si se dice eso, pois a ver, vostedes falaron de crear un banco de tempo, de feito gastouse diñeiro para a creación dun banco de tempo, e ese banco de tempo está sen funcionar, a día de hoxe, si se vai reforzar o voluntariado social; non o que se refiére é que non aparece na ordenanza, e aparece na ordenanza, e que non hai a día de hoxe, é que a día de hoxe nesta ordenanza non hai nada do que se mete nesta ordenanza, entonces esta ordenanza é unha farsa absoluta, non, non hai nada; hai nove auxiliares que non son capaces de dar resposta á demanda que hai no ámbito da axuda no fogar, non son capaces porque é imposible, que nun Concello de dez mil habitantes, cunha poboación envellecida no rural, insisto envellecida no rural, se lle poda dar resposta con nove traballadoras sociais, pero á vista están os orzamentos que presentan para o 2014, á vista están; á vista está tamén, a súa falsa moral, que votan en contra do copago, votan en contra do CHUOU, a súa vida política está claramente en entredito, y sin embargo preséntanos unha ordenanza, y nos presentan unha ordenanza efectivamente, totalmente falsificada, é unha ordenanza falsa, é decir, eiquí estou nombrando só catro cousas. A ordenanza é un tema político, vostedes teñen capacidade, ou non teñen capacidade de modificar determinadas cousas no ámbito político, quen é o Concelleiro de Servizos Sociais, que é o Concelleiro de Servizos Sociais, non me tome o pelo, señor Manolo, un señor que está aquí, non se lle coñece traballo profesional fóra do ámbito do Concello y que está aquí, eu non llo coñezo cando menos, y que está aquí, se lle pagan mil e pico euros cada mes, e me ven decindo que vostedes non teñen responsabilidade no tema da ordenanza esta

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, que a temos

O sr. García toma a palabra: Quen dixo eso

A sra. González toma a palabra: Ti, acábalo de decir que era responsabilidade da técnica, ai Manolo esto é imposible, esto é imposible. O BNG por suposto vai a votar en contra, vai votar a favor das, en contra da ordenanza

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós vamos a votar en contra das alegacións

A sra. Morenza toma a palabra: Nós presentamos as alegacións, creo que en tempo e forma o día nove de outubro, e presentámolas precisamente porque nos parece demasiado escueta, nos parece



unha simplificación da anterior ordenanza, o único que se fai é reducir, parece, entón nós presentamos unha das alegacións, que se especifique os usuarios que teñen recoñecido o grado de dependencia, teñan este servizo con carácter definitivo, tal e como viña ocorrendo hasta agora, pois non pode ser porque segundo dicen os técnicos a normativa actual é outra. Outra das alegacións, que os obxectivos sexan máis pormenorizados, isto é posible pódese ampliar, todo se pode ampliar, evidentemente recortar non, vostedes están acostumados, pero non se pode recortar segundo os técnicos pero ampliar si, que se indiquen os obxectivos para implicar ós destinatarios a resolución da súa problemática, como se facía na anterior ordenanza, e que vamos a peor. Outra alegación que se manteña a listaxe de máis de cincuenta actividades, isto que nos presentan agora na nova ordenanza, é unha declaración de mínimos, antes había cincuenta actividades enumeradas na prestación do servizo ós usuarios, e agora debe haber dez ou once, é que me parece unha alegación, que un técnico que pode decir ante isto, é unha redacción case política, ou político-técnica, chámennlle como queiran, que se siga indicando, que poden seguir beneficiando do servizo persoas con discapacidade, incapacidade, incapacitadas, afectadas por unha lesión, por unha enfermidade física ou mental, como se tiña antes, antes era unha definición máis ampla, por que se reduce, por que se simplifica, e a alegación número 5, coincidimos co BNG, é unha das que máis nos importan, a nosa suxerencia é que se suprima do artigo 10, a posibilidade de prestar este servizo a través das diversas modalidades de xestión de servizos públicos por medio de empresas privadas, tal e como recolleu, como dixo o Alcalde, adquiriu o compromiso formal aquí, pois entonces que se recolla na normativa, pero é que os propios técnicos xa vaticinan a privatización, ó responder ó Partido Socialista, non sei si ás alegacións do BNG, lle responderon ó mesmo, xa vaticina a privatización, señor Alcalde

O sr. Alcalde toma a palabra: Non vaticinan nada

A sra. Morenza toma a palabra: Entonces os seus compromisos non sirven para nada, senón quedan plasmados quedan, una palabrita que dije en un Pleno una vez; outra das alegacións era que se especificara dun xeito máis pormenorizado as funcións das traballadoras do SAF, tampouco é tan complicado, xa lle digo, ampliar, por que temos que simplificar tanto, ampliar non é tan complicado, antes estaba moito máis especificado, moitos máis claro, e incidimos no que tamén dixo Ánxela, respecto do voluntariado, que si que se fala do voluntariado, pero non se lle da a forma, non se lle da vida, terá que haber algún tipo de regulación, no hai voluntarios, bueno, como se regula, que se regule eiquí, terá que haber algún artigo, non creo que sea tan complicado, haberá ordenanzas destas en toda



España; e outra era que se inclúa como un feito non como unha posibilidade, servizos como o de lavandería, ou podoloxía, pero vostede parece ser que está en contra, de que se inclúa

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non estou en contra de nada, eu estou simplemente a favor das

A sra. Morenza toma a palabra: Das palabras

O sr. Alcalde toma a palabra: Das alegacións que fai a técnica

A sra. Morenza toma a palabra: Pero vostede todo son palabras, entónces eu non sei si vamos a debatir agora tamén as alegacións. Fágolle unha pregunta técnica, non sei si vamos a debatir tamén as alegacións da ordenanza fiscal, ou só debatimos estas

A sra. Secretaria toma a palabra: Efectivamente son dos ordenanzas entónces primeiro habrá que votar lo que es el reglamento regulador, o da igual el orden y después la ordenanza fiscal

Sen máis sométese o asunto a votación resultado rexeitadas cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Resolución de alegacións á Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar”**

13- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A sra. Morenza toma a palabra: Porque despois teño algo máis que dicir, por eso preguntaba, ou senón dígoo agora, a min dame igual. A nós interesábanos nas alegacións á ordenanza fiscal, o que nos interesaba era que se recollera, como xa ben explicamos eiquí, nas nosas alegacións, que se recollera, o cambio sustancial que se está vivindo agora como consecuencia da crise, entónces que de algún xeito ou outro se recollera, pero no todo sigue o mesmo, vamos a los servizos sociais, e os servizos sociais deciden, non, non se pode recoller na ordenanza que non solamente, que se teñan en conta as características de cada unidade familiar, non sendo tan estrictos, é moi estricta a ordenanza, por eso nós facemos esta alegación, a resposta técnica evidentemente non nos convence, e despois o que non nos convence é a resposta técnica á nosa alegación de que se conxele a aplicación do IPC, porque a resposta técnica di que se autoriza ás administracións a aplicar as variacións do IPC Galego nos servizos municipais, autorízase ás administracións a aplicalo, non se obriga, non se ten obriga, o



Alcalde ou o Grupo de Goberno, pode decidir non aplicar o IPC neste caso, porque non é obrigatorio, señor Alcalde, esto é unha alegación en tempos de crise, pero está claro que usted lle fai máis caso ós técnicos que os problemas económicos que poidan ter as unidades familiares

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, votamos

A sra. González toma a palabra: Solamente indicar que esto da unidade de convivencia, da unidade familiar, que se teñan en conta a todos os membros que viven nunha mesma casa, sabendo a situación actual de crise que fai que moitas persoas se teñan que ir a vivir cos seus antergos, cos seus pais, eso é algo moi enganoso, y vai en contra en realidade da cidadanía. Por outro lado ter en conta o patrimonio, tamén é un criterio bastante enganoso nos tempos que corren, porque o patrimonio actual, unha finca, digo na xente de a pie, unha finca, unha casa vella, que pode estar na aldea ou cousas así, a día de hoxe, no repercute positivamente no que son, repercutiría moi negativamente no que sería a cobranza, porque non está dando realmente beneficios económicos, hoxe en día, todo o contrario máis ben, entonces ter en conta o patrimonio, e ter en conta a unidade de convivencia, nos termos que expresa esta ordenanza, nos parece sobre cargar a taxa que se teña que pagar, entonces tamén pedimos que se manteñan os criterios da ordenanza fiscal anterior no que a unidade de convivencia eran os membros da unidade familiar, pais e fillos, e que non se teña en conta o patrimonio, unicamente a renda en último caso extremo

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, perfecto, dito esto a votación. Votos a favor das alegacións do PSOE,

A sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor sobre las alegaciones al Reglamento del SAF del PSOE, vota el PSOE y el BNG, que si, votos en contra

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor das alegacións do Bloque

A sra. Secretaria toma a palabra: Ahora vamos a votar sobre el reglamento las alegaciones del BNG, votos a favor, BNG y PSOE, y votos en contra PP. Por lo tanto una vez que se desestima, quedan desestimadas las alegaciones, unas y otras, y ahora es sobre la aprobación definitiva del reglamento, votos a favor de la aprobación definitiva del reglamento el PP vota que si, votos en contra de la aprobación o abstenciones, votos en contra PSOE y BNG en contra. Ahora vamos con la ordenanza fiscal del mismo servicio de axuda no fogar. Empezamos alegaciones del Partido Socialista, votos a favor BNG y PSOE votan a favor, votos en contra, PP vota que no. Alegaciones presentadas por el BNG sobre la ordenanza fiscal, votos a favor, BNG y PSOE , votos en contra, y ahora



aprobación definitiva de la ordenanza fiscal, votos a favor de la aprobación definitiva Partido Popular, votos en contra, PSOE y BNG

Sen máis o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Resolución de alegacións á ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP, e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar”**

PARTE DE CONTROL

12.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: Dación de contas de resolución de Alcaldía

Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión.

13- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas por escrito. Os rogos non teño por que contestar, nada que consten aí e punto

A sra. Morenza toma a palabra: hai que contestalos na próxima acta.

Rogos de Victoria Morenza

- Rogo que se arranxen as goteiras que se producen nas instalacións da Escola de Música.
- Rogo que se facilite ó Grupo Municipal Socialista o informe sobre as posibles deficiencias e incumprimentos legais do campo de fútbol do Carrís, fundamentalmente no referente ó acceso para minusválidos e barandillas de protección.
- Rogo se colguen na páxina web do concello as actas do plenos dun xeito máis actualizado, tendo en conta que a última é do 7 de xaneiro.
- Rogo que se adopten medidas para o control e regulación do tráfico nas inmediacións do campo de fútbol durante o funcionamento das escolas deportivas. É habitual que á carón das instalacións deportivas os vehículos estean estacionados a ambos os dous lados da estrada, a pesar de que a marxe dereita hai raia amarela. Isto provoca atascos e dificultades para transitar pola zona.



Rogamos tamén que en horas punta se trasladen ao lugar efectivos da Policía Local .

- Rogo que se busque unha solución para a situación de inseguridade xerada nas inmediacións do supermercado Mercadona con motivo do derrubamento dun muro ó lado dun contador. O lugar está precintado, pero esa medida de prevención non é suficiente.
- Rogo que se inste á Deputación a instalar iluminación pública na estrada de Toén no tramo comprendido entre a residencia de Cabeza de Baca e o cruce de Parada
- Rogo que se arranxe o acceso dende a estrada de Celanova á Rúa do Canastro, en Bentraces, porque as losetas están rotas e fundidas e constitúen un problema de seguridade para os vehículos que circula polo lugar.
- Rogo que se arranxe o acceso dende a estrada de Celanova á **Rúa do Canastro**, en Bentraces, porque as losetas están rotas e fundidas e constitúen un problema de seguridade para os vehículos que circula polo lugar.
- Rogo que se arranxe dun xeito definitivo e con calidade para o paso de vehículos a rexilla do **Camino das Quintas**, en Piñor, en concreto no acceso dende a estrada de Toen a este camino.
- Rogo que se instale un punto de iluminación pública no **Camino do Pito**, na entrada ó barrio de Requeixo.
- Rogo que se proceda á restauración ó estado anterior das marxes do **Camino da Seixada**, en Piñor, debido a que unha parte do muro está invadindo esta carrilleira e impide o paso de vehículos.

Preguntas Victoria Morenza

- ¿Vaise buscar unha solución para a saturación que existe na actividade de **aeróbic**, tendo en conta que hai moita demanda, lista de espera e que está promovida por unha institución pública á que debería ter acceso calquera veciña/o do Concello?. A pesar de haber 75 solicitudes non asisten ás clases máis de cincuenta, e en relación coa masificación propúxoselle ós solicitantes facer dous grupos, e decidiron que non.
- ¿Vai o **Alcalde**, como xefe da Policía local de Barbadas, dea exemplo e abandonar a práctica lamentable de **estacionar o seu vehículo enriba da beirarrúa** que está a carón da casa familiar que ten en Barbadas pobo?. Temos que lembrar ademáis que se trata dunha infracción de tráfico que demostra unha actitude incívica. Non se volverá a repetir
- ¿O **Alcalde recibe** a representantes de colectivos veciñais e a cidadáns en xeral na súa consulta do centro médico de Barbadas en horario laboral?. ¿Vai seguir sendo esta unha



CONCELLO DE BARBADÁS

práctica habitual recepcionar currículos neste mesmo centro de traballo? No Centro de Saúde atendo ós meus pacientes e no Concello atendemos ós veciños

- ¿Cando van rematar os traballos que se están realizando na **estrada de Toén** e en qué consisten? Hai que ter en conta que se converteu nun lugar perigoso para a seguridade dos conductores porque se converteu dende hai 1 mes nunha verdadeira pista de aterraxe. Esa obra depende da Deputación polo que non podemos dar datas

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 16:10 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO